*1. Conforme ó último parágrafo do artigo 73, producirase o embargo dos bens e dereitos do obrigado tributario en contía suficiente para cubrir:*

- a) O importe da débeda non ingresada.*
- b) Os xuros devengados ou que se devenguen ata a data de ingreso na Recadación Municipal.*

*c) Os recargos do período executivo.*

*d) Os custos do procedemento de constrinximento.*

*2. Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia, que se notificará á persoa coa que se entenda dita actuación.*

*3. O procedemento de constrinximento remata:*

*a) Co pagamento das cantidades relacionadas no apartado 1 deste artigo.*

*b) Con acordo que declare o crédito total ou parcialmente incobrable, unha vez declarados falidos todos os obrigados ó pagamento.*

*c) Co acordo de ter sido extinguida a débeda por outra causa.*

*4. Os motivos de oposición fronte a dilixencia de embargo aparecen expresamente taxados no artigo 170.3.a da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria polo que o obrigado tributario non poderá opoñer ningún outro motivo que non esté comprendido nesta enumeración:*

*a) Extinción da débeda ou prescrición do dereito a exhibir ó pago*

*b) Falta de notificación da providencia de constrinximento*

*c) Incumprimento das normas reguladoras do embargo contidas na Lei Xeral Tributaria.*

*d) Suspensión do procedemento de recadación».*

**6) Engádesse un artigo 74.bis, que queda redactado como segue:**

**«ARTIGO 74.BIS DECLARACIÓN DE FALIDOS E CRÉDITOS INCOBRABLES.**

*1. A insolvencia probada dos obrigados ó pago require unha resolución na que expresamente se declare a situación de crédito incobrable una vez esgotadas as posibilidades de xestión recadatoria, que se levarán a cabo con arreglo ás disposicións legais e regulamentarias vixentes no marco da eficacia e eficiencia na xestión.*

*2. O cualificativo de incobrable aplicarase ó crédito e o de falido ós obrigados ó pago.*

*3. A declaración de crédito incobrable non produce a inmediata extinción da débeda, senón exclusivamente a baixa provisional en contas do crédito en tanto non transcorra o prazo de prescrición.*

*4. O Servizo de Recadación viviará a posible solvencia sobrevida dos obrigados ó pago declarados falidos, en tanto non se extingan as accións de cobro por prescrición.*

*A estes efectos, realizará calquera actuación que proceda no marco do procedemento administrativo de constrinximento, con carácter puntual e individual*

*cando o considere oportuno calquera dos órganos de recadación ou respondendo á planificación xeral de actuacións.*

*5. Coa finalidade de conxugar o respecto ó principio de legalidade procedimental co de eficacia administrativa, e tendo en conta a eficiencia na xestión recadatoria, establécense os requisitos e condicións que se terán que verificar con carácter previo á proposta de declaración de crédito incobrable.*

*As actuacións a documentar no expediente de declaración de falido serán as seguintes:*

*a) Persoas físicas*

*- Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

*- Embargo de soldos, salarios e pensións. Tras consulta á Tesourería Xeral da Seguridade Social, o contribuínte non ha de figurar como asalariado en ningunha empresa do termo municipal.*

*- Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

*- Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben este figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confirmarase co departamento de Tesourería deste Concello que o contribuínte en cuestión non teña abonado, en vía voluntaria ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.*

*- Embargo de bens inmobles. Tras consulta ó Rexistro Central de Índices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmovible dentro do termo municipal.*

*En caso de resultar positiva, o ben inmovible debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravames superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustifiquen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexer as actuacións recadatorias.*

*b) Persoas xurídicas.*

*- Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

*meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

*- Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

*- Embargo de créditos, dereitos e valores: A solicitude á Axencia Estatal da Administración Tributaria sobre a declaración anual de operacións con terceiras persoas deberá ser negativa. En caso de ser positiva, a entidade xestora deberá comunica-los motivos que imposibilitan levar a cabo a citada actuación.*

*- Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben este figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confirmarase co departamento de Tesourería deste Concello, que o contribuínte en cuestión non teña abonado en vía voluntaria ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.*

*- Embargo de bens inmoables. Tras consulta ó Rexistro Central de Índices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmoable dentro do termo municipal.*

*En caso de resultar positiva, o ben inmoable debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravames superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustificuen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexer as actuacións recadatorias.*

*- Investigación no Rexistro Mercantil sobre a situación actual da empresa e dos seus administradores.*

*- Investigación na sede da empresa para verificar si existe ou non actividade, si se trata dunha empresa distinta da debedora con actividade distinta ou si se trata dunha empresa distinta que desenvolve una actividade similar á da debedora*

*6. Sen prexuízo do sinalado no presente artigo, cando o debedor solicitara a alteración da orde de embargo dos seus bens, respetarase o contido de tal solicitude, sempre que con elo non se vexa dificultada a realización do débito».*

**7) Modifícase o artigo 75.1 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:**



### «ARTIGO 75º. PROCEDIMENTO DE CONSTRINXIMENTO

1. O procedemento de constrinximento levarase a cabo na forma sinalada no regulamento xeral de recadación, coas seguintes particularidades:

-Anulación de débedas: conforme se autoriza no artigo 16 da Lei xeral presupostaria, ó remate de cada exercicio económico, a 31 de decembro, poderanse anular causando baixa na contabilidade as débedas acumuladas que por cada debedor, nese momento, non supere 15,00 €, sempre e cando non existiran créditos recoñecidos no último exercicio económico por acto administrativo firme da Facenda Municipal a favor do mesmo suxeito pasivo, e consecuentemente non se poda compensar a débeda.

- Custos: ademais dos enumerados no artigo 113 do regulamento xeral de recadación, terán a consideración de custos do expediente por seren gastos que imprescindibile e concretamente esixe e require a tramitación do procedemento:

a) As notificacións que deban publicarse, por esixilo un precepto regulamentario, no Boletín Oficial da Provincia.

b) Os anuncios de poxa ou concurso nos medios ós que fai referencia o artigo 101.3 do regulamento xeral de recadación.

- Valoracións: en relación ó disposto no artigo 97 do regulamento xeral de recadación, debe entenderse:

a) Se a diferenza entre as sumas dos valores asignados ós bens pola Administración e o obrigado o pagamento excedesen do 20 por 100, emprazarase ó debedor para que compareza na sede de Recadación no prazo de 10 días hábiles para dirimir a diferenza de valoración e, se se logra acordo, considerarase como valor do ben embargado o alcanzado en dito acordo.

b) O interesado que non compareza en tal prazo debe considerar decaído o seu dereito no referido trámite e por non existir acordo entre as partes, o Recadador solicitará nova valoración por perito adecuado, tal como se establece no artigo 97.4 do regulamento xeral de recadación».

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

**TERCEIRO.-** Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos, emitido na sesión celebrada o 25 de setembro de 2023.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos:** 25

- |                           |    |  |
|---------------------------|----|--|
| - <b>Votos a favor:</b>   | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - <b>Votos en contra:</b> | 0  |  |
| - <b>Abstencións:</b>     | 0  |  |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal xeral, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

### ORDENANZA FISCAL XERAL

**1) Modifícase o artigo 24.8 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:**

*«8. Para respectar o principio de proporcionalidade entre o importe da débeda e os medios empregados para a súa realización, e atendendo a criterios de eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles e de economía e eficacia na xestión recadatoria na tramitación dos expedientes de derivación da acción de cobro a terceiras persoas distintas da que figura na providencia de constrinximento, non se*

*procederá a tal derivación cando o importe principal pendente da débeda tributaria sexa inferior ás contías que a continuación se relacionan:*

DERIVACIÓN A ADMINISTRADORES	1.000,00 €
DERIVACIÓN POR CONTINUIDADE DE EXPLOTACIÓN	1.000,00 €
DERIVACIÓN POR AFECCIÓN DE IBI	1.000,00 €
DERIVACIÓN DE AUGA	1.000,00 €»

**2) Modifícase o artigo 22 da ordenanza fiscal xeral, engadindo un apartado 4 que queda redactado como segue:**

*«4. A Tesoureira municipal valorará a conveniencia de iniciar o procedemento de sucesión a herdeiros cando o importe da débeda en concepto de principal non supere os 1.000,00 € atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e proporcionalidade».*

**3) Modifícase o artigo 23 da ordenanza fiscal xeral, engadindo un apartado 6 que queda redactado como segue:**

*«6. A Tesoureira municipal valorara a conveniencia de iniciar o procedemento de sucesión a persoas xurídicas e entidades sin personalidade cando o importe da débeda en concepto de principal non supere os 1.000,00 €, atendendo a criterios de eficacia eficiencia e proporcionalidade».*

**4) Modifícase o artigo 36 da ordenanza fiscal xeral, engadindo un apartado 4 que queda redactado como segue:**

*«4. Establécese un sistema especial de pago das débedas pendentes en vía executiva consistente en efectuar ingresos periódicos a conta da débeda correspondente sen que esta modalidade de pago conleve os efectos do fraccionamento da débeda, dado que non suporá unha paralización na aplicación das recargas do período executivo nin do pagamento dos xuros de demora.*

*Os requisitos serán os seguintes:*

- a) Domiciliar nunha única conta tódalas cotas do Plan Personalizado de Pago, para o que se deberá achegar un certificado de titularidade da mesma.*
- b) Incluíranse todos os recibos e liquidacións en vía executiva dos que sexa titular o debedor.*
- c) Deberá proporcionarse un teléfono e unha dirección de correo electrónico a efectos de avisos e comunicacións electrónicas.*

*A periodicidade do pago das cotas será mensual e realizarase os días 05 de cada mes.*

*A solicitude será presentada na Oficina de Recadación Executiva do Concello de Lugo e terá validez para os recibos para os que se solicitou e os que se vaian incorporando ao expediente executivo sempre que non exista manifestación expresa en contrario por parte do suxeito pasivo e non deixen de realizarse os pagos na forma establecida.*

*No momento en que o Concello teña coñecemento da falta de pagamento das cotas, cancelarase o Plan de Pago Personalizado e continuarase co procedemento de recadación sen comunicación ningunha».*

**6) Modifícase o artigo 74 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:**

**«ARTIGO 74º. EMBARGOS**

*1. Conforme ó último parágrafo do artigo 73, producirase o embargo dos bens e dereitos do obrigado tributario en contía suficiente para cubrir:*

- a) O importe da débeda non ingresada.*
- b) Os xuros devengados ou que se devenguen ata a data de ingreso na Recadación Municipal.*
- c) Os recargos do período executivo.*
- d) Os custos do procedemento de constrinximento.*

*2. Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia, que se notificará á persoa coa que se entenda dita actuación.*

*3. O procedemento de constrinximento remata:*

- a) Co pagamento das cantidades relacionadas no apartado 1 deste artigo.*
- b) Con acordo que declare o crédito total ou parcialmente incobrible, unha vez declarados falidos todos os obrigados ó pagamento.*
- c) Co acordo de ter sido extinguida a débeda por outra causa.*

*4. Os motivos de oposición fronte a dilixencia de embargo aparecen expresamente taxados no artigo 170.3.a da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria polo que o obrigado tributario non poderá opoñer ningún outro motivo que non esté comprendido nesta enumeración:*

- a) Extinción da débeda ou prescrición do dereito a exhibir ó pago*
- b) Falta de notificación da providencia de constrinximento*
- c) Incumprimento das normas reguladoras do embargo contidas na Lei Xeral Tributaria.*
- d) Suspensión do procedemento de recadación».*

**6) Engádesse un artigo 74.bis, que queda redactado como segue:**

**«ARTIGO 74.BIS DECLARACIÓN DE FALIDOS E CRÉDITOS INCOBRABLES.**

1. A insolvencia probada dos obrigados ó pago require unha resolución na que expresamente se declare a situación de crédito incobrable una vez esgotadas as posibilidades de xestión recadatoria, que se levarán a cabo con arreglo ás disposicións legais e regulamentarias vixentes no marco da eficacia e eficiencia na xestión.

2. O cualificativo de incobrable aplicarase ó crédito e o de falido ós obrigados ó pago.

3. A declaración de crédito incobrable non produce a inmediata extinción da débeda, senón exclusivamente a baixa provisional en contas do crédito en tanto non transcorra o prazo de prescrición.

4. O Servizo de Recadación vixiará a posible solvencia sobrevida dos obrigados ó pago declarados falidos, en tanto non se extingan as accións de cobro por prescrición.

A estes efectos, realizará calquera actuación que proceda no marco do procedemento administrativo de constrinximento, con carácter puntual e individual cando o considere oportuno calquera dos órganos de recadación ou respondendo á planificación xeral de actuacións.

5. Coa finalidade de conxugar o respecto ó principio de legalidade procedimental co de eficacia administrativa, e tendo en conta a eficiencia na xestión recadatoria, establécense os requisitos e condicións que se terán que verificar con carácter previo á proposta de declaración de crédito incobrable.

As actuacións a documentar no expediente de declaración de falido serán as seguintes:

a) *Persoas físicas*

- Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.

- Embargo de soldos, salarios e pensións. Tras consulta á Tesourería Xeral da Seguridade Social, o contribuínte non ha de figurar como asalariado en ningunha empresa do termo municipal.

- Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.

- Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben este

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

*figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confirmarase co departamento de Tesourería deste Concello que o contribuínte en cuestión non teña abonado, en vía voluntaria ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.*

*- Embargo de bens inmobles. Tras consulta ó Rexistro Central de Índices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmovible dentro do termo municipal.*

*En caso de resultar positiva, o ben inmovible debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravames superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustifiquen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexer as actuacións recadatorias.*

*b) Persoas xurídicas.*

*- Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

*- Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

*- Embargo de créditos, dereitos e valores: A solicitude á Axencia Estatal da Administración Tributaria sobre a declaración anual de operacións con terceiras persoas deberá ser negativa. En caso de ser positiva, a entidade xestora deberá comunica-los motivos que imposibilitan levar a cabo a citada actuación.*

*- Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben este figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confirmarase co departamento de Tesourería deste Concello, que o contribuínte en cuestión non teña abonado en vía voluntaria ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.*

*- Embargo de bens inmobles. Tras consulta ó Rexistro Central de Índices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmovible dentro do termo municipal.*

*En caso de resultar positiva, o ben inmovible debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravames superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustifiquen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexer as actuacións recadatorias.*

*- Investigación no Rexistro Mercantil sobre a situación actual da empresa e dos seus administradores.*

*- Investigación na sede da empresa para verificar si existe ou non actividade, si se trata dunha empresa distinta da debedora con actividade distinta ou si se trata dunha empresa distinta que desenvolve una actividade similar á da debedora*

*6. Sen prexuízo do sinalado no presente artigo, cando o debedor solicitara a alteración da orde de embargo dos seus bens, respetarase o contido de tal solicitude, sempre que con elo non se vexa dificultada a realización do débito».*

**7) Modifícase o artigo 75.1 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:**

#### **«ARTIGO 75º. PROCEDIMENTO DE CONSTRINXIMENTO**

*1. O procedemento de constrinximento levarase a cabo na forma sinalada no regulamento xeral de recadación, coas seguintes particularidades:*

*-Anulación de débedas: conforme se autoriza no artigo 16 da Lei xeral presupostaria, ó remate de cada exercicio económico, a 31 de decembro, poderanse anular causando baixa na contabilidade as débedas acumuladas que por cada debedor, nese momento, non supere 15,00 €, sempre e cando non existiran créditos recoñecidos no último exercicio económico por acto administrativo firme da Facenda Municipal a favor do mesmo suxeito pasivo, e consecuentemente non se poda compensar a débeda.*

*- Custos: ademais dos enumerados no artigo 113 do regulamento xeral de recadación, terán a consideración de custos do expediente por seren gastos que imprescindibile e concretamente esixe e require a tramitación do procedemento:*

*a) As notificacións que deban publicarse, por esixilo un precepto regulamentario, no Boletín Oficial da Provincia.*

*b) Os anuncios de poxa ou concurso nos medios ós que fai referencia o artigo 101.3 do regulamento xeral de recadación.*

*- Valoracións: en relación ó disposto no artigo 97 do regulamento xeral de recadación, debe entenderse:*

*a) Se a diferenza entre as sumas dos valores asignados ós bens pola Administración e o obrigado o pagamento excedesen do 20 por 100, emprazarase ó*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

*debedor para que compareza na sede de Recadación no prazo de 10 días hábiles para dirimir a diferenza de valoración e, se se logra acordo, considerarase como valor do ben embargado o alcanzado en dito acordo.*

*b) O interesado que non compareza en tal prazo debe considerar decaído o seu dereito no referido trámite e por non existir acordo entre as partes, o Recadador solicitará nova valoración por perito adecuado, tal como se establece no artigo 97.4 do regulamento xeral de recadación».*

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... Pasamos entón ao seguintes puntos da orde do día, que tamén, tal e como establecemos na Xunta de Portavoces, imos proceder ao seu debate conxunto das sete modificacións de ordenanzas e despois procederemos a súa votación individual.

Así que inicialmente toma a palabra o portavoz do goberno, concelleiro de Economía, señor Permuy, cinco minutos.



- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas. A revisión das ordenanzas municipais para o 2024 elévanse a este pleno coa vontade de que poidan entrar en vigor ao inicio do próximo exercicio.

En total estamos a falar de sete desas ordenanzas, co principal obxectivo de actualizar os textos para adaptar a operativa municipal á normativa vixente e clarificar a súa redacción para que resulten máis comprensibles.

Este executivo aposta pola protección social da cidadanía coa decisión de que as diferentes taxas e impostos manteñan as súas contías, tratando de favorecer a recuperación das economías domésticas neste momento tan complexo que familias e pemes estanse a resentir polo incremento da inflación.

A continuación vou facer un pequeno resumo dos cambios máis significativos en cada unha das sete ordenanzas.

Na Ordenanza Fiscal Xeral os cambios establecidos teñen por finalidade mellorar a operativa de xestión recadatoria do Concello, incluíndo a regulación dun sistema de pago para as débedas que están pendentes e en vía executiva, dando maiores facilidades aos contribuíntes para que poidan proceder ao seu abono.

O texto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos axustarase á normativa urbanística actual, pasando as licenzas de primeira ocupación a considerarse comunicacións previas. Ademais, corríxese a redacción para que non suscite confusión á entrega de nova documentación antes ou despois da resolución do expediente nas comunicacións ou declaracións responsables. Suprímense desta ordenanza fiscal todos aqueles aspectos que non teñen contido estritamente tributario e que agora pasan a nova ordenanza de tramitación dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades.

Modifícase asemade a ordenanza que regula a prestación do servizo da rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas para que teña aplicación, en concreto tamén na taxa de rede de sumidoiros, a estimación do consumo cando non sexa posible por diferentes causas, realizar a lectura real do contador.

No imposto de vehículos de tracción mecánica, clarifícase a data na que se ten que cumprir o requisito xa existente con anterioridade de estar ao corrente de pago no imposto, que será a data de solicitude, especificando que se o recibo se atopase en período de cobro en voluntaria, deberá efectuarse o pago dentro deste mesmo prazo.

No imposto de bens inmobles, pasan a especificarse os prazos de entrega da documentación que deben achegar os centros educativos concertados que soliciten a súa exención, tanto para estes inmobles como para as instalacións asociadas que directa ou indirectamente se destinen en exclusiva actividades docentes.

Tamén se flexibilizan os requisitos técnicos que deberán cumprir os sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico de enerxía proveniente do sol, á hora de obter a bonificación do 50% nos primeiros tres anos deste imposto, alentando así o fomento da sostibilidade.

En canto á plusvalía, actualízanse os coeficientes máximos de aplicación sobre o valor dos terreos para axustalos aos permitidos pola normativa estatal, cunha oscilación media entre o 0,01 e o 0,02 con respecto aos actuais, que nalgúns casos

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

se aplican á alza, pero noutros resultan á baixa, especialmente a partir dun período de xeración por riba dos quince anos.

Na ordenanza que rexe a Escola Municipal de Música ampliáanse os documentos acreditativos de titularidade bancaria que permiten a domiciliación dos recibos e establécense descontos para cando, por causas non imputables ao alumnado, non se poden impartir as clases, ao mesmo tempo que se amplían os límites para presentar a documentación para cursar baixa no segundo e terceiro trimestre.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois queda agora para o Partido Popular, cinco minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Señor Permuy, empiezo por donde empezou usted falando de la inflación. Y, efectivamente, está facendo dano a moitas familias, espero que agora cuando Sánchez se confirme, si se confirma, que accede al chantaje independentista, pues hablen con él para rebajar impuestos, por exemplo, en la gasolina, que está hundiendo el futuro de empresas y familias y sería bueno que dejase de recaudar y esquilmar el bolsillo de los españoles y empezase a bajar los impuestos estatales, y está recaudando más que nunca.

Tras la lectura detenida de estas propuestas, la verdad darla la enhorabuena por la calidad de los informes de los funcionarios, Tribunal Económico y Administrativo, funcionarios de Facenda, de Tesorería y los que están hoy aquí, secretario e interventor, muchas gracias por la calidad de estos informes y sobre todo por la premura con la que los han llevado a cabo. Y también darle la enhorabuena a usted, señor Permuy, porque efectivamente, a lo largo de estas ordenanzas estima puntos que durante años hemos demandado desde el Partido Popular, y funcionarios de esta casa, incluso también colectivos vecinales.

Por lo tanto, con el ánimo más absolutamente constructivo que usted puede imaginarse, le doy la enhorabuena por tener la buena voluntad de tener en consideración cosas que eran importantes. Por ejemplo, en la ordenanza general usted hablaba de que ahora mismo se renuncia a cobrar deudas de menos de 15 euros y otras de menos de 1000 euros en caso de herencias y demás.

Efectivamente, esto lleva años proponiéndolo el anterior jefe de servicio de Hacienda Local. Años. Y llevan años desatendiéndolo desde su equipo de gobierno. No usted, que no estaba, efectivamente, enhorabuena, por acabar de llegar y darse cuenta de lo que otros en 8 años no se dieron cuenta a pesar de que, como todos los compañeros de esa corporación, de todos los colores políticos, sabíamos y nos había comentado en numerosas ocasiones el jefe de servicio, era absurdo estar intentando cobrar cantidades de 1, 2 o 3 euros, cuando era más caro el cobro que lo que realmente se recaudaba.

Por tanto, enhorabuena.

Enhorabuena también por algún cambio que se ha hecho en la ordenanza de prestación de servicios urbanísticos, pero sí hago mismo las palabras del tribunal económico administrativo cuando dicen que realmente la mayoría de las

modificaciones de estas ordenanzas son simplemente cambios normativos obligados por la ley o modificaciones muy someras de artículos o incluso eliminación de algunos que ya están regulados en otras ordenanzas.

Una pena que en esta ordenanza vinculada al Urbanismo no se siga apostando por ejemplo por bonificar o incentivar la rehabilitación de viviendas en el rural, el emprendimiento o la creación de empleo en esta ciudad. Una pena que no se apueste porque es una de las propuestas que defendemos durante meses el Partido Popular.

Efectivamente, llegamos a la ordenanza 107 y aquí me voy a detener un momento, es la de saneamiento. Una ordenanza que está muy vinculada, estrechamente, con la 109, de abastecimiento de agua. Una ordenanza que ustedes recordarán que nosotros criticamos duramente porque se estaban haciendo cobros abusivos. Criticamos nosotros, asociaciones, empresarios, otros partidos políticos, que ahora no están aquí, pero que también se hicieron eco de esta ordenanza y que su predecesora en el cargo nos insultaba, si estaba en capacidad de ello, diciendo que estábamos desde nuestro chiringuito haciendo papelitos para la gente para reclamar esos cobros abusivos, de ordenanza del agua.

Bueno, al final hoy no les ha quedado más remedio que corregir. Es decir, durante este año se ha modificado la 109 y ahora modifican la 107 de saneamiento, que están estrechamente ligadas entre si. Yo si me permite, sin acritud, voy a recurrir a una frase, muy vulgar quizá, pero muy clara y muy definitiva en este aspecto: *cayeron de la burra*. Con tiempo, tardaron, pero *cayeron de la burra*. No les ha quedado más remedio. No les ha quedado más remedio que un año más tarde caer de la burra y modificar esta ordenanza, tomar en consideración lo que durante ocho años les decía el jefe de servicio, el anterior jefe de servicio de la Hacienda local, o por tanto, tampoco les ha quedado más remedio que caer de la burra en la ordenanza 203 del IBI, cuando planteaban unas modificaciones para quien tenía instalaciones de plantas fotovoltaicas en sus casas, que según la jefa de servicio de Facenda local, eran incumplibles, como se lo decíamos desde el Partido Popular hace un año, cuando se debatía este mismo asunto, o como se lo decían en las alegaciones hace un año particulares. Y ustedes después las votaron en contra. Pero, un año después cayeron de la burra y tuvieron que corregir lo que hace un año decían que estaba bien.

Efectivamente, bienvenidos y enhorabuena, señor Permuy, ojalá siga en esta línea de darse cuenta de las cosas que le decimos con absoluto ánimo constructivo desde este partido y desde la sociedad lucense. Ojalá las siga tomando en consideración. Y en la ordenanza del IBI también hacen otras modificaciones y ya le adelanto que votaremos a favor. Que votaremos a favor de la ordenanza del IBI, porque tenemos miedo a que el Bloque Nacionalista Galego se dé cuenta ahora de lo que está votando, que es la bonificación del IBI a los concertados. Desde el Partido Popular votaremos a favor, por miedo a que no se hayan leído el documento y ahora se estén enterando, o si lo han leído, por miedo a que el BNG pueda votar en contra de bonificar el IBI a los centros concertados. Nos da miedo, pero ya le aseguro que la ordenanza se la aprobaremos desde el Partido Popular,

al igual que también esa bonificación o esas modificaciones a las familias numerosas...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda queda para o portavoz do goberno, tres minutos.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Señor Ameijide, mire, moitas grazas polo xabón que pretende darme, pero non o necesito. Levo toda a miña vida, a parte do tema profesional, dedicada á arbitraxe e críticas todas as que queira. O xabón non me serve porque sempre van buscando algunha cousa detrás.

Como xa dixeran nas ordenanzas fíxose unha revisión, sobre todo, buscando a maior operatividade e a maior facilidade na tramitación, por parte dos cidadáns. No tema dos servizos urbanísticos dise que só se trata de axustes para adaptarse aos cambios da norma xeral. É a súa opinión, creo que non todos son así.

No tema da auga, evidentemente que durante o período da pandemia non se facían lecturas reais dos contadores. Iso provocou que nalgún dos casos houbera unhas estimacións por riba do real que se corrixiron a posteriori cando nas reclamacións e tal e se fixeron os correspondentes aboamentos.

Falaba tamén do imposto de bens inmobles. A normativa recollía a exención para aquelas empresas que se dedican ao ensino e do que nos dimos conta é de que a ordenanza non incluía a renovación da documentación máis aló da presentación inicial. O que se trata é de corrixir iso e que as empresas teñan que aportar esa documentación porque sempre pode haber cambio de destino de determinados inmobles e que deixen de dedicarse ao que realmente figura nesta ordenanza, que é as actividades docentes.

Tamén se flexibilizan os requisitos técnicos do sistema de aproveitamento eléctrico, sobre todo porque a normativa dicía "aproveitamento térmico e eléctrico", cando son dúas situacións diferentes, entón na ordenanza contéplase que a actuación nunha delas pode levar aparellada a bonificación.

Non sei, creo que o que fai o Concello é apostar porque as taxas e os impostos axuden a recuperar as economías domésticas e estas actualizacións e modificacións a maioría delas son para clarificar a redacción dos documentos e axustar a operativa, como vostede di tamén, ao marco legal. Faltaría menos.

Pero o que tamén se incide é en aclarar e mellorar os coñecementos para favorecer a tramitación por parte dos cidadáns.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda queda, señor Ameijide, tres minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Só unha pequena corrección. O problema das lecturas dos contadores non era da pandemia, viña xa de antes. Pero non o tome tampouco como crítica, non o tiña por que saber. Xa viña de moi atrás.

Mire, non era dar xabón nin moito menos. É recoñecer realidades. Tamén lle vou dicir cousas que non nos gustan. Votaremoslle a favor de todas as ordenanzas, excepto dunha, que é a da plusvalía.

Votaremoslle en contra da plusvalía porque a proposta do Partido Popular é clara: eliminala. Vostedes queren perpetuala e seguir recadando, pero é eliminala. É inxusta. Estase eliminando en moitos concellos e é inxusto seguir manténdoa porque é unha dobre imposición aos cidadáns. É cobrar dúas veces, cando se vende xa se cobra un imposto e ademais hai unha plusvalía. E o mesmo cando se herda. É unha dobre imposición que entendemos que non é xusta para os cidadáns.

Por tanto, propoñemos eliminala e por iso votaremos en contra da súa proposta.

Mire, hai tamén unha modificación na escola municipal da música, na que non imos entrar porque estamos de acordo coa maioría. O que lle pedimos é un trato digno aos músicos. Como concelleiro de personal, tamén, pedimos un trato digno aos músicos da escola municipal, aos que dan clase e tamén obviamente aos membros da banda. E dicímoslle tamén ao Bloque Nacionalista Galego que cumpra o que lles dixeron cando estaban na oposición, que hai que ser o mesmo cando se goberna que cando se está a oposición.

E o que non se pode é tratar dende o PSOE e dende o BNG, como dicía aquel alcalde de Pol, e non o tome como tal, como trileros, como verdadeiros trileros. Dicíndolles unhas cousas cando están en campaña e facendo exactamente as contrarias cando están gobernando.

Miren, dende o Partido Popular temos propostas, que pasan por crear emprego, por xerar riqueza, por seguir apostando porque Lugo medre.

E iso implica modificar ordenanzas para mellorar, para apostar por quen quere investir e unificar a quen quere investir e crear empresas e emprego na nosa cidade. Bonificar a quen queira asentarse no rural, bonificar as industrias agrarias do noso municipio e incluso tamén, na ordenanza 403, que vostedes modifican, a de museos, perdón que non modifican, pedímoslles que a modifiquen, porque seguen recollendo o cobro dos muros. E nesa ordenanza regúlase tamén o uso do auditorio municipal Gustavo Freire.

Unha pena que se olvidasen incluír tamén que hai que, dalgunha maneira, regular o uso do Auditorio municipal, se algún día teñen a deferencia de permitirnos aos lucenses que poidamos desfrutar dese investimento millonario da Xunta de Galicia na nosa cidade.

Se teñen a ben en algún momento abril, sería bo que o fosen regulando na taxa, porque se se regulase, sería unha posibilidade de que os que están vinculados ao mundo cultural poidan saber o que vai custar usar as salas, para poder ir programando actuacións e algunha axenda cultural, que vostedes, estou seguro, que non teñen nada preparado.

Habería que modificar a ordenanza do lixo, habería que suprimir a ordenanza da ORA, habería que revisar as categorías fiscais. Queda moito traballo por facer nas ordenanzas. O único que si que lle digo é que foi unha pena que non nos sentásamos un día todos a falar das ordenanzas antes de traelas, porque iso

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

facíase antes de chegar Lara Méndez ao Concello e, dende que chegou, seguen instalados ou instalándose nunha atalaia dende a que non queren que se lles acerque nadie a falar ou incluso a poder axudalos.

É unha verdadeira mágoa e, como ve, o tono é absolutamente constructivo, propositivo e de absoluta lealdade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o portavoz do Goberno, un minuto.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Perdón. Unha vez máis utilizamos este espazo para falar doutros temas, que ademais van ter cabida neste pleno, como é o tema dos músicos. Vostedes fixeron unha proposición que será contestada no seu momento. Fala doutras ordenanzas como a da ORA, que quere suprimila, mentres por outro lado están a falar noutras instancias de que se debe volver a implantar o cobro e o funcionamento do sistema ORA.

Entón, sexan un pouco coherentes, sexan un pouco coherentes. Fagan as propostas de verdade, de verdade, buscando que as cousas funcionen e non vindo aquí cunha mensaxe e saíndo nas roldas de prensa falando doutras cousas.

Xa tocará falar diso tamén.

Entón, evidentemente son moitas ordenanzas. Seguirá tendo que falar delas, teremos que, evidentemente, organizar a xestión e todo o regulamento...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Parou en seco. Recórdolle ao portavoz do Partido Popular, que nesta parte propositiva que imos iniciar unha vez feitas as votacións aos debates, poden traer propostas tamén de modificacións de ordenanzas, que este é o seu espazo, foro e o lugar de onde se pode ser propositivo e debater destes asuntos.

**7/106 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 103, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- INFORME PROPOSTA, asinado pola Xefa de Servizo de Facenda Local e polo Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos o 20 de setembro de 2023, que seguidamente se transcribe:

“Visto o Decreto do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, don Pablo Permuy Villanueva de data 30/08/2023 de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o informe-proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da ordenanza fiscal núm. 103 reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos (Comunicacións previas de 1ª ocupación edificios) asinado pola Xefa do Servizo de Facenda Local na data de 05/09/2023 co conforme do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, en data 05/09/2023.

Visto o informe-proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da ordenanza fiscal núm. 103 reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos (Supresión aspectos que se corresponden a cuestións alleas á materia tributaria) asinado pola Xefa do Servizo de Facenda Local na data de 06/09/2023 co conforme do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, en data 06/09/2023.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data 06/09/2023 co conforme da Asesoría Xurídica de data 07/09/2023.

Visto o anteproxecto de modificación da ordenanza fiscal núm. 103 reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos de data 07/09/2023.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 11/09/2023.

Visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data 12/09/2023

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data 18/09/2023.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2023, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 103 reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 103 reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 103  
DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.**

**1) Modifícase o apartado e) do artigo 2º FEITO IMPOÑIBLE E DEVINDICACIÓN, que quedará redactado como segue:**

e) No suposto de que a comunicación ou declaración responsable sexa incompleta ou incorrecta, de presentarse nova documentación, antes da resolución, non se devindicará de novo a taxa, conservándose o importe ingresado mediante autoliquidación a conta da liquidación que en definitiva corresponda.

**2) Modifícase o apartado V. do artigo 3º BASES DE GRAVAME TARIFAS que queda redactado como segue:**

V. Comunicacions previas de 1ª ocupación dos edificios

Satisfarase o cero vinte por cento (0,20%) do presuposto determinado conforme ao previsto no artigo 5º da presente ordenanza. O módulo básico que se aplicará será o vixente no momento da solicitude da dita primeira ocupación.

**3) Engádese un apartado IX ao artigo 3º BASES DE GRAVAME TARIFAS que queda redactado como segue:**

IX. Prórrogas.

A taxa pola concesión de prórroga fíxase nun 20% do que lle correspondería á liquidación inicial.

**4) Súprimese o artigo 4º EXCLUSIÓNS DA OBRIGACIÓN DE SOLICITAR LICENZA.**

**5) Renumérase e modifícase o artigo 5º NORMA ESPECIAL SOBRE O INGRESO DA COTA que queda redactado como segue:**

**ARTIGO 4º NORMA ESPECIAL SOBRE O INGRESO DA COTA**

*O outorgamento da bonificación por instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar estará condicionado a que o cumprimento dos anteriores requisitos quede acreditado mediante a achega do proxecto técnico ou memoria técnica, do certificado de montaxe, no seu caso, e do certificado de instalación debidamente dilixenciados polo organismo autorizado pola Comunidade Autónoma. Así mesmo, deberá acreditarse que se solicitou e concedido a oportuna licenza municipal, aportando a seguinte documentación:*

*\* A licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía renovable, segundo se precise para cada caso.*

*\* A carta de pago da taxa pola prestación de servizos urbanísticos que se tramitaron.*

*\* O certificado final das obras.*

*\* A carta de pago do imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*\* Especificacións técnicas dos sistemas instalados:*

*1) Nos sistemas de aproveitamento térmico, deberá constar certificado dun instalador acreditado no que se constate o cumprimento da normativa vixente en materia de eficiencia enerxética nas construcións.*

*2) Nos sistemas de aproveitamento eléctrico deberá constar certificado de instalación efectuado polo técnico correspondente no que se recolla que a instalación é capaz de producir unha porcentaxe de enerxía aforrada anualmente de polo menos un 30%.*

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.



**TERCEIRO.-** Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos, emitido na sesión celebrada o 25 de setembro de 2023.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 25**

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

**1) Engádesse un apartado 3) ao artigo 4, que queda redactado como segue:**

3) Gozarán de exención, previa solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A solicitude, que deberá presentarse para cada exercicio antes da finalización do período voluntario de cobro do imposto, incluírá a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención:

a) Certificado da administración educativa correspondente, acreditativa da calidade de centro concertado, asignable aos edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de exención

b) Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos, adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servizos complementarios da ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados.

**2) Modifícase o segundo parágrafo do apartado 4) do artigo 5 que queda redactado como segue:**

*Esta bonificación concederase a petición do interesado exclusivamente para a vivenda que constitúa a residencia habitual de toda a familia numerosa e que deberá acreditarse na correspondente solicitude. Para estes efectos, se considerará vivenda habitual aquela onde se atopen empadroados todos os seus membros.*

**3) Modifícase o apartado sete do artigo 5 que queda redactado como segue:**

*7.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación, os bens inmobles destinados a vivenda habitual dos suxeitos pasivos deste imposto, que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo.*

*A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente. Así mesmo, deberá acreditarse que se solicitou e concedido a oportuna licenza municipal.*

*Non se outorgará esta bonificación cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.*

*Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. As solicitudes serán enviadas dende o Servizo de Facenda Local, coa documentación que as acompaña, ao Servizo de Medio Ambiente que, valorando que se reúnan os requisitos esixidos, formularán informe sobre a súa concesión.*

*O outorgamento da bonificación por instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar estará condicionado a que o cumprimento dos anteriores requisitos quede acreditado mediante a achega do proxecto técnico ou memoria técnica, do certificado de montaxe, no seu caso, e do certificado de instalación debidamente dilixenciados polo organismo autorizado pola Comunidade*

*Autónoma. Así mesmo, deberá acreditarse que se solicitou e concedido a oportuna licenza municipal, aportando a seguinte documentación:*

*\* A licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía renovable, segundo se precise para cada caso.*

*\* A carta de pago da taxa pola prestación de servizos urbanísticos que se tramitaron.*

*\* O certificado final das obras.*

*\* A carta de pago do imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*\* Especificacións técnicas dos sistemas instalados:*

*1) Nos sistemas de aproveitamento térmico, deberá constar certificado dun instalador acreditado no que se constate o cumprimento da normativa vixente en materia de eficiencia enerxética nas construcións.*

*2) Nos sistemas de aproveitamento eléctrico deberá constar certificado de instalación efectuado polo técnico correspondente no que se recolla que a instalación é capaz de producir unha porcentaxe de enerxía aforrada anualmente de polo menos un 30%.*

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicárase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

se acorde a súa modificación ou derogación.

**DELIBERACIÓN**

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 6/105, 7/106, 8/107, 9/108, 10/109 e 12/111. As intervencións producidas figuran ao pé do asunto 6/105.

**12/111 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 405, PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA.**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- INFORME PROPOSTA, asinado pola Xefa de Servizo de Facenda Local e polo Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos o 20 de setembro de 2023, que seguidamente se transcribe:

“Visto o Decreto do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, don Pablo Permuy Villanueva de data 30/08/2023 de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o informe - proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua de modificación da Ordenanza número 405 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música asinada pola xefa de sección de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua na data de 05/09/2023, co conforme da Ilma. Sra. Dona Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua na data 31/08/2023.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data 06/09/2023 co conforme da Asesoría Xurídica de data 05/09/2023.

Visto o anteproxecto de modificación da Ordenanza número 405 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos de data 07/09/2023.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 11/09/2023.

Visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data 12/09/2023.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data 18/09/2023.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2023, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza número 405 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza número 405 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música.

**ORDENANZA NÚM. 405  
PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA  
MUNICIPAL DE MUSICA**

**1) Modifícanse os apartados 2, 5, 6, 7 e 8 do artigo 3º obrigas de pagamento, bonificacións e exencións, quedando redactados como seguen:**

2. O alumnado que sexa o terceiro ou posterior membro da unidade familiar que se matricula, verá reducido o pago do prezo público que se regula nesta ordenanza nun 50 %. Esta bonificación realizarase tomando como referencia a tarifa máis alta.

5. As solicitudes deberán ser conformadas pola Xunta Directiva da Escola Municipal de Música e contarán co informe favorable do Servizo con carácter previo a súa consideración na resolución que aprobe a liquidación do prezo público do trimestre correspondente.

6. O pagamento deste prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria, fraccionado en tres trimestres, durante o curso escolar. Unha vez rematado cada trimestre, por parte da Escola Municipal de Música preparase a relación do alumnado matriculado cos importes a aboar en cada caso, que se incluírán na proposta do Servizo que dará lugar á resolución que aprobe a liquidación do prezo público do trimestre correspondente. Cando, por causas non imputables ao alumnado, non sexa posible á impartición de determinadas clases dalgunha materia, deberán realizarse os descontos que procedan en función das clases efectivamente impartidas previo informe da Xunta Directiva.

7. Estará exento do pagamento o alumnado que se matricule en estudos dun instrumento ou materia que sexa obxecto dunha campaña de promoción por parte da escola, por tratarse dun instrumento ou materia das menos populares. A decisión da elección do instrumento será tomada pola xunta directiva da Escola en base a criterios coma os de promoción de unha nova agrupación, existencia de

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

vacantes ou interese de promoción e posta en valor dunha determinada materia, e contarán co informe favorable do Servizo con carácter previo a súa consideración na resolución que o aprobe.

8. Estará tamén exento do pagamento o alumnado que no curso anterior teña un alto aproveitamento das clases desa mesma materia, previo informe do titor/a e da xefatura de estudos da Escola, e a unidade familiar conte cuns ingresos inferiores aos que se detallan no punto 3 deste mesmo artigo e contarán co informe favorable do Servizo con carácter previo a súa consideración na resolución que o aprobe.

### **2) Modifícanse os apartados 2 e 3 do artigo 5º normas de xestión quedando redactados como seguen:**

2. O alumnado está obrigado a:

- Presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados para tal efecto pola administración local.
- Fotocopia do DNI/NIE
- Certificado de titularidade de conta bancaria ou documento que o acredite (fotocopia da cartilla, detalle extraído da banca electrónica ou calquera outro documento onde figure titular e número de conta)

3. Unha vez devindicado o recibo do trimestre, non se devolverá o importe se non se cursou a baixa:

Os usuarios que desistan da asistencia ás clases deberán comunicar este feito antes de rematar o trimestre anterior e darse de baixa co modelo de solicitude que existe na secretaría da Escola. De non ter cursado a baixa por escrito antes dos prazos abaixo indicados o recibo do trimestre vixente pasarase ao cobro.

Establécense os seguintes límites nas datas para cursar a baixa na Escola no trimestre en curso:

1º Trimestre: 15 de outubro

2º Trimestre: 15 de febreiro

3º Trimestre: 15 de maio

Co cal as persoas matriculadas, asistan ou non as clases nun trimestre, que non efectúen a súa baixa antes de ditas datas terán a obriga de pagar o prezo do recibo dese trimestre. A non asistencia as clases por calquera motivo, baixa, enfermidade, incapacidade ou outras, non conlevará ningún tipo de redución se non se efectúa a baixa nos prazos establecidos a tal efecto no paragrafo anterior.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

**TERCEIRO.-** Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos, emitido na sesión celebrada o 25 de setembro de 2023.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 25**

- |                           |    |  |
|---------------------------|----|--|
| - <b>Votos a favor:</b>   | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - <b>Votos en contra:</b> | 0  |  |
| - <b>Abstencións:</b>     | 0  |  |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza número 405 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música.

**ORDENANZA NÚM. 405**

## **PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA**

### **1) Modifícanse os apartados 2, 5, 6, 7 e 8 do artigo 3º obrigas de pagamento, bonificacións e exencións, quedando redactados como seguen:**

2. O alumnado que sexa o terceiro ou posterior membro da unidade familiar que se matricula, verá reducido o pago do prezo público que se regula nesta ordenanza nun 50 %. Esta bonificación realizarase tomando como referencia a tarifa máis alta.

5. As solicitudes deberán ser conformadas pola Xunta Directiva da Escola Municipal de Música e contarán co informe favorable do Servizo con carácter previo a súa consideración na resolución que aprobe a liquidación do prezo público do trimestre correspondente.

6. O pagamento deste prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria, fraccionado en tres trimestres, durante o curso escolar. Unha vez rematado cada trimestre, por parte da Escola Municipal de Música prepararase a relación do alumnado matriculado cos importes a aboar en cada caso, que se incluírán na proposta do Servizo que dará lugar á resolución que aprobe a liquidación do prezo público do trimestre correspondente. Cando, por causas non imputables ao alumnado, non sexa posible á impartición de determinadas clases dalgunha materia, deberán realizarse os descontos que procedan en función das clases efectivamente impartidas previo informe da Xunta Directiva.

7. Estará exento do pagamento o alumnado que se matricule en estudos dun instrumento ou materia que sexa obxecto dunha campaña de promoción por parte da escola, por tratarse dun instrumento ou materia das menos populares. A decisión da elección do instrumento será tomada pola xunta directiva da Escola en base a criterios coma os de promoción de unha nova agrupación, existencia de vacantes ou interese de promoción e posta en valor dunha determinada materia, e contarán co informe favorable do Servizo con carácter previo a súa consideración na resolución que o aprobe.

8. Estará tamén exento do pagamento o alumnado que no curso anterior teña un alto aproveitamento das clases desa mesma materia, previo informe do titor/a e da xefatura de estudos da Escola, e a unidade familiar conte cuns ingresos inferiores aos que se detallan no punto 3 deste mesmo artigo e contarán co informe favorable do Servizo con carácter previo a súa consideración na resolución que o aprobe.

### **2) Modifícanse os apartados 2 e 3 do artigo 5º normas de xestión quedando redactados como seguen:**

2. O alumnado está obrigado a:



- Presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados para tal efecto pola administración local.
- Fotocopia do DNI/NIE
- Certificado de titularidade de conta bancaria ou documento que o acredite (fotocopia da cartilla, detalle extraído da banca electrónica ou calquera outro documento onde figure titular e número de conta)

3. Unha vez devindicado o recibo do trimestre, non se devolverá o importe se non se cursou a baixa:

Os usuarios que desistan da asistencia ás clases deberán comunicar este feito antes de rematar o trimestre anterior e darse de baixa co modelo de solicitude que existe na secretaría da Escola. De non ter cursado a baixa por escrito antes dos prazos abaixo indicados o recibo do trimestre vixente pasarase ao cobro.

Establécense os seguintes límites nas datas para cursar a baixa na Escola no trimestre en curso:

1º Trimestre: 15 de outubro

2º Trimestre: 15 de febreiro

3º Trimestre: 15 de maio

Co cal as persoas matriculadas, asistan ou non as clases nun trimestre, que non efectúen a súa baixa antes de ditas datas terán a obriga de pagar o prezo do recibo dese trimestre. A non asistencia as clases por calquera motivo, baixa, enfermidade, incapacidade ou outras, non conlevará ningún tipo de redución se non se efectúa a baixa nos prazos establecidos a tal efecto no paragrafo anterior.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

### DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 6/105, 7/106, 8/107, 9/108, 10/109 e 11/110. As intervencións producidas figuran ao pé do asunto 6/105.

### PROPOSICIÓNS

**13/112 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 201/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA FREAR E REVERTER A DETERIORACIÓN FÍSICA E SOCIAL DO BARRIO DO CARME DE LUGO (Exp. 2023/G004/000798).**

Vista a citada proposición expresiva do seguinte:

“O Grupo Municipal do Partido Popular recoñece, e valora, a atención dedicada por parte do goberno municipal ao barrio do Carme de Lugo, materializada nos últimos tempos coa limpeza, tratamento do firme superficial, iluminación e sinalización dalgúns dos camiños que percorren os case 90.000 metros cadrados que constitúen esta contorna urbana, así como da rúa do Vicedo.

Estas iniciativas mudaron, parcialmente, a aparencia deste espazo, que nos últimos tempos acadou unha notoria presenza nos eidos culturais e turísticos da cidade.

En xaneiro deste ano 2023, o Concello de Lugo acaba de promover a redacción dun proxecto de execución para a conservación e mantemento da praza do Carme e da rúa que inicia este tramo do Camiño Primitivo dende a mesma praza, por un importe de PEM de 420.938,94 euros, segundo figura na memoria do proxecto.

Segundo recolle a mesma web municipal, o 12 de xullo de 2023, a propia alcaldesa di que este proxecto “*non se limita unicamente á profunda transformación urbana do Carme, senón que posibilitará a dinamización económica e social deste punto estratéxico da urbe onde conflúen dous dos nosos Patrimonios da Humanidade, a Muralla e o Camiño Primitivo*”, así como que “*Con esta obra contribuímos a renaturalizar e humanizar esta contorna privilexiada (...) posibilitando, ademais, fixar nova poboación nesta zona de enorme valor*

*patrimonial. Este proxecto estratéxico poñen en valor a entrada ao centro histórico ao mesmo tempo que achega calidade de vida á veciñanza e permite o desenvolvemento da zona como espazo residencial e comercial". Tamén di que "Esta iniciativa (...), sen dúbida, permitirá dinamizar a iniciativa particular e incentivar a rehabilitación de vivendas".*

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da corporación municipal acorde:

Que o Concello de Lugo abra un inmediato proceso de revisión e, se é o caso, modificación do vixente Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo e, en concreto, no que corresponde a contorna planificada polo Plan especial de reforma interior número 6."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 25**

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos o debate. Cinco minutos para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Bo día a todos os membros da Corporación. Vou empezar listando algunhas datas.

Xullo de 1953, xullo de 1959 e marzo de 1970, maio de 1993, maio de 2011.

Todas estas datas son as que aparecen nos diferentes planeamentos que temos dende o principio do planeamento urbanístico en Lugo e cada unha delas trouxo consigo un intento de sacar adiante esta parcela do solo urbano, pero con pouco éxito ata o de agora.

De feito, incluso no 2002, o edil Xosé Ramón Besteiro anunciaba na prensa que faltaban, nada, semanas para que aquilo estivese desenvolto e, como xa sabemos, non correu así. E, de feito, incluso hai un intento do goberno bipartito do BNG no

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

ano 2007 tratando de edificar vivenda social, que tamén se lle presentou aos veciños pero que tampouco tivo moito éxito.

Quero sinalar especificamente un informe no 2008 do Comité Asesor do Camiño de Santiago, despois da aprobación inicial do planeamento que temos agora en vigor, que dicía literalmente que debía incorporar o plan especial as medidas de protección e conservación dos elementos do patrimonio cultural e natural alí existentes, tales como as vivendas tradicionais que configuran a rúa do Carme.

Quero dicir, estabamos avisados. As cousas non podían ir como están no Plan Xeral. O Plan Xeral aprobouse sen ter en conta este informe e daqueles lodos, pois o que temos agora.

Tamén quero sinalar que no ano 2012 se aprobou o decreto de delimitación do Camiño Primitivo, o 267, que fixa, como mínimo, un ancho de banda de trinta metros a cada lado do Camiño. Iso é o que dificulta aínda máis o desenvolvemento daquilo.

Como había moita confusión, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Concellería de Cultura dixo, literalmente, no ano 2014, que debería conservarse toda a rúa para evitar a súa transformación e a súa desnaturalización. Logo desta confusión, o propio Concello, con informe dos técnicos municipais, recoñecían unha contradición entre a normativa urbanística municipal e a normativa de protección do territorio histórico.

Entón, á vista disto, despois da consulta, de incluso algún preito que houbo ao respecto no barrio, a asesoría legal da Secretaría Xeral de Cultura dixo, literalmente, que as obras que se poden facer hoxe alí, literalmente son, desmontado de elementos soltos de material de cuberta, reparación e reforzado e desmontado parcial o total da carpintería, apeo de muros e forxados e limpeza xeral.

Ou sexa, cada quen que teña un inmovible alí só pode repetir literalmente o que hai agora. Só se pode amañar o que temos agora.

No ano 2022 a asociación, que aínda teño a honra de presidir, dos Veciños do Barrio do Carme, presentamos un escrito no que solicitabamos dúas cousas: A primeira delas era, e deuse satisfacción a ela, vaia por diante, era procurar servizos dunha mínima calidade, auga, luz e saneamento ás poucas familias que aínda residen alí. Estase dando servizo a ela, aínda non está en funcionamento, pero estase nel.

Pero outra cousa que era máis importante aínda era intervir para sacar adiante o Plan Especial de Reforma Interior número 6, ou ben modificar o PXOM para que se poida desenvolver a zona. Diso, ata onde eu sei, nin hai nin se espera.

Quero recoñecer, en positivo, os esforzos que están facendo para regularizar os camiños: iluminación, sinalización dalgúns dos camiños, tratamento de firmes oficial... Iso está no lado bo. Pero, doutra parte, en xaneiro deste presente ano 2023, o Concello aprobou un proxecto de execución para a conservación e mantemento da praza do Carme e da rúa, que di que a propia alcaldía, falando deste proxecto, na web municipal, di que posibilitará a dimensión económica e social deste punto estratéxico, posibilitará ademais fixar nova poboación, permitirá o

desenvolvemento da zona como espacio residencial e comercial ou dinamizará a iniciativa particular e incentivará a rehabilitación de vivendas.

Destas afirmacións só se pode dicir que nunca un cambio de pavimento deu para tanto.

E, de feito, está feita con bastante pouca sensibilidade. Este é o resultado, se non foron recentemente ata alí, do que se está a facer agora mesmo.

É unha morea de cemento que chega ata un corte abrupto xusto onde empezan os dous camiños, e aí se queda todo.

A verdade é que é unha falta de sensibilidade que a min polo menos me dá pena. Por dicilo dalgún xeito, pasáronse de freada. Pasáronse de freada. Si que precisamos intervención, pero o que se está facendo a min persoalmente dáme mágoa.

Gustaríame dicir a propósito de todo, quédame tempo, que me dá a impresión de que o goberno local atopou o bálsamo de Fierabrás, igual que fixo don Quixote. Alá onde hai un problema social, un problema urbanístico, o que facemos é mudar o pavimento. É o que vale para todo, tanto se temos un problema dun tipo ou doutro. Mudamos o pavimento e problema arranxado.

Témome que na meirande parte dos casos non é así e neste sitio en concreto, pois moito menos.

Polo tanto, o que pedimos é unha intervención urbanística para poder desenvolver aquela zona de xeito que os veciños poidan rehabilitar as súas casas e quen teña interese no barrio poida investir con garantía.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Goberno, a concelleira de Urbanismo.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Moi bo, día a todos e a todas.

Ía iniciar este pleno, señor Cabarcos, dicíndolle que con vostede parecía haber un cambio de talante e de estilo evidente no exercicio da oposición. Cuestión que era moito de agradecer. Fundamentalmente ao ler a proposición que eleva hoxe a pleno.

Pero, ben, coa última intervención parece que cambiou do outro día, do día trece, que presentou a preposición a hoxe, pero mudar parece que é o seu leitmotiv.

Pero si que é certo que comenza vostede a súa posición escrita, recoñecendo e valorando a atención dedicada por parte deste goberno municipal ao barrio do Carme, materializada como vostede mesmo di e recoñece coa mellora da limpeza, tratamento do firme, iluminacións, sinalización de camiños que percorren eses 87.000 (máis de 87.000) metros cadrados da cidade.

Como vostede tamén plantexa esta iniciativa do Goberno ten mudado a aparencia do espazo, di vostede na proposición, que nos derradeiros tempos ten acadado unha notoria presenza nos eidos culturais e turísticos da cidade.

Repito. Agradécese ese recoñecemento.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

O traballo desenvolvido por este goberno, moi particularmente para a nosa alcaldesa nese barrio, pero parece que desde o día 13 ata hoxe xa cambiou e mudou vostede.

Polo tanto, voulle facer un resumo de todas as actuacións que grazas a este goberno e particularmente por iniciativa da alcaldesa se levaron a cabo neste barrio, porque creo que é importante.

O proxecto, é certo, de rexeneración e recuperación da rúa do Carme. Neste momento, como vostede ben di, encóntrase en execución este proxecto a actuación que vai cambiar por completo este espazo público, que vertebra o emblemático barrio da cidade. Vostede mesmo recoñece esta actuación, cuxo custo superou os 550.000 euros, non 420.000, como pon vostede.

Abarca tres quilómetros de superficie. Non se limita unicamente a un proxecto de "pinta e colorea".

Así apareceu na prensa: proxecto de "pinta e colorea" que manifestou a portavoz do Grupo Municipal Popular nunha mostra máis dunha pouco elegante, vou a dicilo para ser un pouco suave, pouco elegante oposición, tratando de quitarlle balón a unha intervención tan importante e tan ben valorada polos veciños.

A intervención non só suporá unha profunda transformación urbana do Carme, senón que posibilitará dinamización económica da zona.

É unha firme aposta polo crecemento sostible e o deseño adaptado aos estándares urbanísticos desde século XXI.

En fin, o proxecto, mal dito "pinta e colorea", polo menos da un pouco de vergoña, transformará os espazos públicos e, máis alá da humanización e embelecemento, dotará esta zona dunha nova rede de abastecemento e saneamento. Moi importante. Ocultaranse os tendidos aéreos de baixa tensión e telecomunicacións, proporcionará un novo sistema de alumeadado público, o que suporá, como xa dixen, a modernización de toda a contorna como espazo residencial, o que permitirá dinamizar a iniciativa particular e incentivar a rehabilitación de vivendas.

Ogallá que todos os proxectos sexan de "pinta e colorea". Pero ademais fixéronse outras transformacións non só foi esta, senón que se tomaron medidas, como a musealización da cloaca, a mellora do cambio primitivo e vía 19, edificacións do primeiro coliving artístico municipal, a próxima posta en marcha dunha bolsa de estacionamento público e gratuíto trala Capela do Carme, etcétera.

Pero respecto á proposición que elevan hoxe a pleno, o primeiro que teño que dicir é que non sei moi ben o que piden. Dígollo de verdade, polo menos no escrito. Mire, falan no mes de febreiro. Neste período pedían un ERRP. Referíndome ao señor Ameijide. Pedían un ERRP, un Entorno Residencial de Rehabilitación para o barrio do Carme.

Hoxe xa non falan diso porque saben que non cumpre os requisitos legais para que... A normativa vixente non permite os requisitos para que no barrio do Carme poida facerse isto.

Primeiro falan dunha revisión do PXOM, cousa que suporía unha modificación integral do modelo urbanístico do noso concello, afectando a toda a cidade e á zona

rural. E, despois, subsidiariamente din. E no seu caso, pono vostede, unha modificación puntual do PXOM para esta área urbanística.

O primeiro que teño que facer é saber que queren facer. Unha revisión, unha modificación puntual, e un desenvolvemento do PERI 6, que, por certo, recórdolle a vostede, é arquitecto, eu son xurista.

O complemento pode ser bo. O PERI, como plan especial, tamén pode ser de iniciativa privada. Ou non?

Polo tanto, o primeiro que teño que saber é que queren vostedes. Un ERRP, unha revisión, unha modificación puntual do PXOM ou, fóra xa desta proposta, e o dixon na prensa, que aínda fixeron entre onte e antonte, unha nova proposta. Un desenvolvemento do PERI, cunhas segregacións, unhas delimitacións. Pero iso xa o din na prensa.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Pois iniciamos a segunda quenda: tres minutos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Moi ben, pois voulo aclarar. O que pedimos é que nós, que non temos nin medios nin capacidade de facelo, que non podemos facelo, o faga o goberno municipal que ten medios e a obriga de facelo.

Ten dúas posibilidades: desenvolver o plan especial, que, por certo, non pode ser de iniciativa privada, porque é de cooperación ten que ser necesariamente iniciativa da administración pública e logo repartir cargos e beneficios entre os propietarios.

Este si, este é así, é dese tipo. E por outra parte quería dicirlle que, con respecto ás afirmacións de "pinta e coloreá", realmente a min gústame entendelo máis como "pavimenta e coloreá", porque se estende a todas as intervencións que se están a facer na cidade.

É un "pavimenta e coloreá". É unha expresión coloquial, pero que define bastante ben a superficialidade das intervencións, e que se trata diso, de non intervir..., de intervir de xeito que solucionen o problema. Eu creo que non hai dúbida no que estou dicindo. Ten que estar bastante claro, Voulle dicir o que os propietarios non poden facer hoxe con esta actuación de "pavimenta e coloreá".

Non poden rehabilitar, porque só poden reproducir mimeticamente o que hai alí.

Non poden vender, porque é imposible taxar unha propiedade que está fóra da ordenación porque, incluso, a normativa se contradí entre ela.

Non poden hipotecala, porque ningún banco, ao non lle dar ningunha garantía sobre un ben que non se sabe o que vai pasar por el.

De feito, algunhas casas pasan rúas por enriba delas. Non pode rendibilizar a propiedade, porque non pode obter unha licenza de actividade. Entón, o que quero dicir é que hai tres posibilidades aquí. Ou non saben que facer con iso ou saben o que facer, pero é moi difícil, e a terceira que saben que teñen que facer, é moi difícil e entón van facer un cambio de pavimento. Que é rápido, sinxelo e, que por certo, non vai valer de nada, porque cando se empeza a rehabilitar calquera cousa que haxa alí, todo ese tramo de pavimento que se está poñendo, vai quedar absolutamente destrozado. É unha actuación absolutamente transitoria.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Non ten posibilidade ningunha de que vaia adiante con iso. Entón agora mudamos unha praza que non ten problema para que seguir como está. Agora poñemos un chan novo e unhas macetas, agora quitamos ou poñemos unhas árbores.

Son actuacións absolutamente superficiais e, ou ben desenvolver o PERI ou, como di vostede que aparece hoxe na prensa, deslindar a edificación consolidada que hai agora, e pódese facer. Hai que modificar o Plan Xeral. Efectivamente, hai que intervir no PERI 6 para modificar a edificabilidade e deslindar a edificación, consolidando o resto, e así, se cadra, antes dun tempo prudencial, temos algunha solución que valga para algo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para a portavoz do Goberno, señora Alvarellós.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo menos o recoñece. Vostede fai unha proposición a pleno, que eu tiña que estudar e contestarlle, e parecíame moi propositiva, e de repente aparecen cartas, aparecen propostas nos periódicos, pero realmente vostede non fixo ningunha proposición.

Na proposición de pleno non fala nada diso. Vostede fala de revisión ou modificación parcial do PXOM. E é o que pon nisto. Polo tanto, utilizar a prensa e utilizar unha asociación que vostede preside, que me parece ata pouco ético, presidir esa asociación en emitir un escrito ao Concello despois de ter a proposición para facer unha modificación e que chegue o último momento e no último segundo. Paréceme pouco ético. Por iso quero dicirlllo. Pero imos centrarnos.

É certo que o barrio do Carme está pendente dunha organización urbanística pormenorizada. Diso somos conscientes. Pero tamén temos que ver cales foron os condicionantes, como lle dicía antes. Resultou afectada, como vostede ben di, pola aprobación pola Xunta de Galicia do trazado do Camiño Primitivo. Este trazado novo, que nos impuxo a Xunta de Galicia, é posterior ao noso PXOM. O PXOM aprobouse antes, cun trazado que nos aprobara a Xunta de Galicia. Porque o PXOM terminou aprobándose a Xunta de Galicia. E unha vez que o PXOM entra en vigor modifican iso. Polo tanto, ese foi o primeiro... ese foi o primeiro condicionante que temos. Polo tanto, si é certo, que temos que facer unha modificación puntual, pero como lle dixen, foi inmediatamente.

Despois tamén temos todos os informes, que parecen hoxe na prensa, que editou a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, que non permite practicamente tocar nada. Sábeo vostede ben, porque ten unha tese sobre iso, que parece que o que quere é expoñernos aquí a súa tese.

Pero, xa lle digo, como ven vostedes, e o que si quero deixar claro, é que somos conscientes de que hai que modificar o PXOM. Hai que facer unha modificación parcial do PXOM a iniciativa pública. Pero vostede... Na prensa fálase doutras cousas, na carta...

Que é a modificación... O desenvolvemento do PERI 6.

Que vostede está falando dun sistema de cooperación. Esa segunda fase si que é pública, pero o primeiro plantexamento poden solicitala os particulares.



Iso é outra cousa que se pode facer, pero, concretamente neste caso, este goberno está a estudar o inicio da modificación puntual do PXOM.

Entrará proximamente en vigor o 5%, como vostede ben sabe e nese momento plantexárase, que xa está en estudo.

En todo caso, se vostedes queren un titular, doullelo. O goberno iniciará a modificación parcial do PXOM respecto á bolsa do barrio do Carme unha vez que entre en vigor o 5% do PXOM deste Concello.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente. Un minuto.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Moi ben, pois entón considero que o voto será favorable. De todas formas, tamén lle digo que o traballo se pode comezar antes de que estea aprobado, porque vai levar trámites moi longos administrativamente e non fai falla esperar a que estea aprobado para empezar a traballar.

De todas formas, en relación con esta, dende o meu punto de vista, procrastinación, non só neste punto, senón noutras intervencións que se están facendo, chámame a atención tamén e non quería deixar de dicilo, que hai unha certa querencia do goberno local por plantexar ser os primeiros en case todo, sen ter dende o noso punto de vista, moi claro, a onde imos nin por que.

Chegamos os primeiros, pois chegamos os primeiros. Entón se vostede me regala un titular voulle regalar outro, que poden empregar sen ningún tipo de limitación.

Lugo é o primeiro barrio do mundo no que ata agora, ata hoxe polo visto, temos un barrio co que non sabemos o que imos facer. Ese é un titular bonito, somos os primeiros tamén.

Tamén pidía dicir que somos os primeiros en facer repavimentacións simultáneas e improvisadas en toda a cidade...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. A intención do goberno xa quedou de manifesto, segundo as declaracións da portavoz. Polo tanto, pois lles pedimos que sexan máis e tamén é propositivos e novidosos nas proposicións e non daquilo que xa saben que está previsto ou é obxectivo do goberno levalo a cabo. E tamén dicirlle que as modificacións no planeamento non son incompatibles con outras actuacións que se vaian desenvolver, e nos o seguiremos a desenvolver. Con respecto ao que falaba ao uso do material aplicado na zona do Carme, dicirlle que é Patrimonio quen establece este tipo de material, por estar no Camiño Primitivo. E foi quen nos dixo que había que utilizar formigón desactivado. Non foi unha vontade deste goberno nin unha decisión que quixesemos adoptar nosoutros. Foi imposición de Patrimonio o uso de formigón desactivado.

E todos sabemos de quen depende Patrimonio, que é da Xunta de Galicia. Así que en todo caso se hai unha falla de sensibilidade neste termo, pois será de Patrimonio, igual que na praza da Ponte, e outra das obras que, pois por imposición de Patrimonio, pois utiliza o material que se utiliza.

O compromiso deste goberno é seguir humanizando espazos, recuperando espazos, dignificando espazos como é na zona do Carme, coas dificultades que ten. E lévanse feito moitísimas actuacións que xa se citaron e que polo tanto non imos incidir nelas.

E que o Concello seguirá por tanto dinamizando e poñendo en valor estes espazos como o Carme, como a Calzada da Ponte, a pesar da imposición do uso de material que haxa que facer por estar falando neses dous casos de trazado de Camño Primitivo.

Imos proceder a votar entón esta proposta.

**14/113 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 202/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO DOTE DE SERVIZOS ESENCIAIS AOS DIFERENTES BARRIOS DA CIDADE (Exp. 2023/G004/000799).**

Vista a devandita proposición do seguinte teor:

“Foi no mes de xaneiro deste ano cando o Grupo Municipal do Partido Popular traía a Pleno unha iniciativa para que o Concello buscase alternativas de aparcadoiro para unha cidade cada vez máis deficitaria deste servizo.

Medidas como o carril bici, a supresión da ORA, as peonalizacións sen alternativas ou problemas como a falta de aparcadoiro, a dificultade de acceso a vivendas e comercios etc fan que cada vez máis veciños renuncien a trasladarse ao centro da cidade ou a determinados barrios para facer as súas xestións, compras ou mesmo para desfrutar do seu tempo de lecer.

Foi naquel momento, cando se debatía esa proposición, que o goberno recoñecía que había barrios da cidade que estaban esmorecendo, por desgraza é unha realidade, por iso demandamos a quen ten a responsabilidade de goberno que dote á cidade dos servizos precisos para minimizar os efectos das actuacións levadas a cabo. Non podemos permitir que cada vez sexa máis difícil facer vida ou emprender negocios nalgunhas zonas, cada vez máis amplas, sen que se adoite a tomar ningunha medida ao respecto. É preciso planificar e dotar de servizos antes de impoñer limitacións á veciñanza. Establecer aparcadoiros disuasorios antes de implantar un carril bici ou establecer zonas alternativas de carga e descarga antes de iniciar unhas obras que inhabiliten o acceso a unha vía, por poñer algún exemplo.

Unha forma efectiva de dotar aos barrios de prazas de aparcadoiro sería crear aparcadoiros en terreos públicos ou privados, tras negociar cos seus propietarios, para crear aparcadoiros en superficie ou ben para a construción de estacionamentos públicos de gran capacidade naquelas zonas que máis sofren esta problemática. Unha das zonas que mellor reflicte esta situación é a ronda das Fontiñas onde se poderían empregar para este fin os terreos sen uso que se atopan

á altura dos números 129 ou 105. Pero non só é precisa a construción deste tipo de instalacións xa que tras oito anos da decisión da Sra. Méndez de suspender o servizo ORA (aínda que segue a publicarse a ordenanza ano tras ano), a veciñanza reclama un sistema de rotación de estacionamento nas zonas de maior afluencia de vehículos e nas contornas das vías peonís ou en vías de converterse en zonas peonís.

Outra medida efectiva podería ser a creación de prazas de estacionamento temporal para facilitar o acceso a comercios e negocios, especialmente a farmacias, sobre todo, en vías con especial conxestión de tráfico, que permitan deter o vehículo durante un breve espazo de tempo, o suficiente para facer unha compra rápida ou facer unha xestión. Unha medida que xa está funcionando con éxito noutras cidades do noso contorno.

O obxectivo debe ser o de conseguir unha cidade amable e acolledora, unha cidade que respecte o medio ambiente ou que mire a outras urbes europeas, pero tamén unha cidade cómoda, que invite aos seus veciños a vivir, a establecerse e a desfrutar do seu contorno.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Que se realice un estudo pormenorizado para dotar de aparcadoiros disuasorios os distintos barrios da cidade tanto en terreos públicos como negociando a cesión, arrendamento ou adquisición de soares privados onde sexa necesario.
2. Que se dea solución ao problema de aparcadoiro que sofre a avda. das Fontiñas, executando as obras precisas para establecer un aparcadoiro disuasorio nos terreos municipais da rúa Primavera e se proxecte un grande aparcadoiro en altura nalgunha das zonas propostas por este grupo municipal.
3. En zonas de gran densidade comercial ou de servizos, habilitar prazas de estacionamento temporal para facilitar o acceso a estes.
4. Posta en marcha dun sistema de rotación do aparcadoiro nas zonas da cidade con maiores problemas de estacionamento."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 25**

- |                           |    |  |
|---------------------------|----|--|
| - <b>Votos a favor:</b>   | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular.   |
| - <b>Votos en contra:</b> | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - <b>Abstencións:</b>     | 0  |  |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular, anteriormente transcrita.

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos o debate con quen vai exercer... Quen vai facer uso da palabra, o portavoz, señor Ameijide, cinco minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Grazas, alcaldesa. Imos empezar esta iniciativa facendo incluso un pouco de historia para ver tamén a capacidade de xestión deste goberno durante estes últimos anos.

E imos ir ata o xoves 23 de xullo de 2015 neste mesmo salón, cando por sorpresa para todos os lucenses, a alcaldesa sacou adiante ou eliminou o sistema ORA da cidade sen ningún tipo de alternativa, sen pensar o que ía a pasar con elo.

Efectivamente, dixo que en oito meses ía estar listo, que ía estar xa funcionando outra vez. Oito meses pasaron. Realmente pasaron oito anos. E oito anos despois seguimos sen ORA, seguimos sen rotación do aparcamento na cidade e, o máis grave é que o aparcamento é un dos principais problemas de Lugo, que non o di o Partido Popular, que o din todos os veciños, que o din as asociacións de empresarios, de comerciantes, de hostaleiros.

Está lastrado o futuro de Lugo, pero o que está tamén é lastrando o presente de moitos barrios, de barrios como a Residencia, como a Milagrosa, como Fontiñas. E está esnaquizando o presente e o futuro do Casco Histórico, realmente.

E non se tomou ningunha decisión realmente boa durante estes oito anos para mellorar o estacionamento nesta cidade. De feito, as poucas que se tomaron foron para eliminalo. Por exemplo, na Residencia, que se puxo un carril bici onde se eliminaron trescentas prazas de estacionamento xusto no lugar onde se estaba construíndo e onde se están poñendo en marcha e entrará nas próximas semanas en funcionamento o Centro Integral de Saúde, a nova residencia da terceira idade da nosa cidade e tamén, como non pode ser doutro xeito, a Oficina Central da Cidade de Emprego.

Advertímoslle durante todos estes anos á alcaldesa que se equivocaba. De feito, en 2019 neste mesmo salón aprobouse a posta en marcha dun sistema de rotación do aparcamento. Aprobámolo varios grupos incluso desta corporación, pero vostedes incumpriron de novo un acordo plenario deste pleno.

No 2016 propuxemos reorganizar o estacionamento de Augas Férreas, para poñer as prazas en batería e gañar estacionamento nun lugar onde saben que é problemático. Propuxemos utilizar solares sen usos no ano 2019 e propuxemos dez ubicacións ao longo da cidade.

E vostedes non as tomaron en consideración. No 2021 propuxemos que nun solar municipal na rúa Primavera se fixese un estacionamento, que hoxe traemos nesta proposición.

E que ademáis se tirase unha casa, que é propiedade do Concello, que é unha fonte de insalubridade e que realmente, permítame ser tan soez, que dá verdadeiro noxo vela alí, e que ademáis sexa propiedade do Concello. É un risco ademais para os cidadáns. E vostedes non fixeron nin caso.

No 2021 propuxemos tamén construír un grande estacionamento en Fontiñas, do que falamos hoxe tamén aquí. E vostedes non fixeron nin caso. Propuxemos que se fixese no centro do barrio e propoñemos que se faga no centro do barrio. E con dúas posibles ubicacións, no 105 ou no 129. Habería adquirir eses terreos.

Vostedes non fixeron nin caso. Fomos construtivos. Fomos propositivos. Seguimos séndoo, pero Lara Méndez, despois de oito anos segue sen renunciar, subida a esa atalaia dende que a que observa a cidade, pero que non se mete a solucionar os problemas.

Miren, hoxe traemos unha proposición baseada en catro puntos, catro puntos moi sinxelos, que o que buscan é mellorar o estacionamento, porque é un problema que lastra a economía da nosa cidade.

E o primeiro deles é crear aparcamentos disuasorios nos distintos barrios da cidade, ben sexa en solares municipais, que os hai. Ben sexa conveniando con particulares, ben sexa con bonificacións, exencións, ou alugando ou mercando solares particulares ao longo de toda a cidade, e construír aparcamentos disuasorios.

Isto xa se fixo. Fíxose, por exemplo, en Fontinas. E funcionou moi ben. Durante a obra de Fontiñas, hai tempo estaba outro alcalde á fronte deste concello. Propoñemos crear o aparcamento disuasorio da rúa Primavera e propoñemos un grande aparcamento en Fontiñas. E entendemos que isto é vital. E ademais hai fondos europeos que se podería recorrer a eles para conseguir financeiro. Fondos europeos que sabemos que ultimamente non nos dan moi boas experiencias neste Concello. Porque os perden case todos, pero podemos acudir a eles.

Propoñemos volver poñer en marcha un sistema de rotación do estacionamento. E dicía o señor Permuy que a ordenanza... Non sei se dicía que a manteñen porque ao mellor teñen pensado poñela en marcha. Pero levan oito anos sen facer nada e esa ordenanza estaba alí de xeito inútil.

Dende o Partido Popular propoñemos falar seriamente do sistema de rotación do aparcamento. Gratuíto, por nós si, pero se vostedes non queren que sexa gratuíto e prefiren cobralo, tamén estamos abertos a falar doutras solucións.

Pero polo menos garantiremos que roten os vehículos ao longo dos distintos barrios da cidade, porque o que non pode ser é que un coche estea aparcado durante semanas no mesmo sitio en rúas onde se necesita estacionamento, ben porque hai moito comercio ou porque hai edificios administrativos que provocan moito movemento de vehículos.

Teñan humildade e tomen en consideración estas propostas que eu creo que son interesantes para a cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz do Goberno, señora Alvarellos, cinco minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Este goberno sempre foi consciente da necesidade de aparcadoiros públicos e gratuítos para os

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

nosos veciños, como medida para facilitar a mobilidade dentro da cidade e axudar ao desenvolvemento económico da mesma.

E así hai anos que se está traballando neste senso. Pero o que está claro é que o modelo de mobilidade que nós preconizamos, que é sustentable, respectuoso co medio ambiente, no que as persoas teñen prioridade fronte aos vehículos non se semella nin de lonxe ao que propón o Partido Popular.

Dende que Lara Méndez é alcaldesa de Lugo, as prazas de estacionamento en superficie incrementáronse da seguinte maneira. Creo que é importante facer un desglose e establecer... porque podemos dicir máis de mil prazas. Pero voullas desglosar, porque así queda claro.

Creáronse sete aparcamentos disuasorios nos que se habilitaron 203 prazas, con investimento de 237.100 euros. Podo dicir, vou seguir desglosando para que o teña claro.

Na rúa Alcalde Manuel Portela, 46 prazas; na rúa do Buxo, 24 prazas; na avenida Reverendo Xosé Fernández Núñez, 15 prazas; na rúa Pedro González López, 14 prazas; rúa Jacinto Calvo Senador, 30 prazas; rúa Alcalde Xosé Novo Freire, 28 prazas; rúa Paradai de Arriba, 46 prazas, e todas as obras que se levaron a cabo nestes sete aparcamentos disuasorios, fixéronse, non só son aparcamentos disuasorios: limpeza do terreo, escavación de recheo, colocación dunha rede de recollida de augas pluviais, que inclúe sumidoiros e pozo de rexistro, pavimentacións, sinalizacións, tanto horizontal como vertical, peche perimetral. E as prazas teñen unha dimensión en torno a 2,5 metros por 5 de longo. En tódalas parcelas inclúen estacionamento para vehículos de persoas con mobilidade reducida.

Creo que é importante que teñamos en conta isto, porque senón se di mil. Pero imos seguir. A estas 203 novas prazas públicas e gratuítas imos engadirlle 363, que se habilitaron no parking fronte ao HULA. 150 máis co repintado das prazas da rúa que circula entorno ao Hospital Lucus Augusti e 80 coa apertura ao público polas tardes e fin de semana do aparcadoiro do Seminario. Disto falo despois, porque vou recordar a emenda de engádegas que fixemos hai uns meses, que vostedes, para que a Xunta non tivese que mollarse, rexeitaron.

O que suman e dan unha cifra de 800 novas prazas entre os anos 2015 e 2019, pero seguimos. Esas novas prazas que mencionei superan o milleiro no momento actual.

Engadimos que se crearon nos últimos anos, coa construción de varios estacionamentos alternativos, nos barrios polo que discorre a nova senda verde ciclista que suman 120 estacionamentos públicos e gratuítos.

Por unha banda, en Ramón Piñeiro e Francisco Lamas López, hai agora 69 prazas máis, sete delas adaptadas. 51 novas prazas máis se gañaron tamén en Río Mandeo. A estas hai que sumar alén as habilitadas na rúa Mestre Soutullo e as habilitadas no centro urbano coa reordenación do tráfico derivada da peonalización da Mosqueira.

Cómpre engadir, ademais, a mellora que experimentaron os estacionamentos soterrados, coa transformación dos mesmos para adecualas a estándares urbanísticos, incrementando a dimensión das prazas.

E como previsión, porque traballar estamos traballando dende hai moitos anos, dende o ano 2015 traballando constantemente, pese a que vostedes queren negalo, o Concello ten previsto habilitar un estacionamento novo na traseira da Capela do Carme, con capacidade case de medio cento de prazas.

Estudia igualmente convenir cos propietarios da finca colindante para chegar ás 150 prazas, ademais do Centrad, que está vostede moi preocupada das prazas do Centrad, porque aquí cando traballa alguén, coidado, imos poñerlle un pao na roda, non vaia ser que saia ben.

Porque Lugo é o primeiro? Non! Lugo non é o primeiro. O primeiro é o Partido Popular. A Lugo se lle podemos poñer un pao na roda poñémosllo. Pero sigo, un segundo, aparcamento na contorna do HULA, con capacidade para 340 prazas e para a avenida de Fontiñas temos o compromiso de seguir habilitando máis aparcamentos disuasorios e gratuítos.

Pero non só para esa zona, senón para todas as zonas da cidade, porque se ben todos os que se fixeron vanse salpicando nas distintas zonas da cidade.

Hai un estudo pormenorizado e buscando as zonas.

Como ven o goberno non está de mans cruzadas nesta materia, aínda que parece que a vostedes lles gustaría que estivese de brazos cruzados.

Respecto á ORA, esta proposta axuda, unha vez máis, a contrapoñer os dous modelos de mobilidade que temos, os que definan a este goberno e a oposición deste Concello. Porque mentres vostedes piden un sistema que prioriza o uso do vehículo, especialmente na zona centro, que, como saben, están peonalizando toda, polo tanto agora non ten sentido. Pero nós non aspiramos a ese modelo. Nós estamos a traballar para darlle protagonismo aos peóns, señor Ameijide.

Son medidas que xa levan dende o anterior mandato, pretenden complementar a aposta que mantemos desde este goberno.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou a súa quenda, iniciamos a segunda quenda intencións, tres minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señora Alvarellos, o seu modelo de mobilidade ten cousas que compartimos. Efectivamente, poñer no seu sitio ou dar prioridade ao peón. De feito creo que en Lugo non lle debe dar ninguén leccións ao Partido Popular de o que é poñer ao peón no seu lugar.

A maioría, máis do 90% das rúas que hai peonalizadas nesta cidade fíxoas un goberno do Partido Popular. En catro anos, vostedes levan 24, e non fixeron nin o 10% do que se fixo en catro anos por parte dun alcalde do Partido Popular.

Por tanto, leccións 0, señora Alvarellos.

Pero mire, é que unha cousa é priorizar ao peón e poñelo no seu sitio na cidade e darlle a importancia que se merece, e outra cousa é que non se poida acceder en

coche aos sitios. Porque a xente é maior. A xente ten idade. A xente ten problemas de mobilidade. A xente ten dereito a poder moverse na cidade en coche.

E iso é algo que vostede non pode negar.

Vostedes están facendo un Casco Histórico que só valga para quen vive no Casco Histórico e que o que fai é que están expulsando os clientes dos comercios, os clientes das xestorías, os clientes dos negocios que hai no casco histórico. Pero é que non o digo eu, dío a asociación, dío o comerciante, dino os hostelerio, dío todo o mundo.

Vaia dar un paseo para ver a cantidade de baixos que están valeiros ao longo do casco histórico. Por que? Antes era a zona que máis xente atraía da cidade. E agora estase indo todo o mundo.

Para onde?, para as Termas e para sitios onde se poida aparcar. Iso estano provocando vostedes, pero é que vostedes están falando e dando un número de prazas de aparcamento creadas porque foron ao fácil. Foron aos sitios onde realmente é sinxelo crear, porque son zonas onde moitas delas, incluso xa había aparcamento. Eran zonas ou barrios onde, efectivamente, é moi fácil facer un aparcamento porque hai moitos solares e porque hai solares municipais, froito dos desenvolvementos urbanísticos, onde é moi sinxelo poñer catro vaías e facer un aparcamento.

Díganme que crearon en Fontiñas? Díganme que crearon na Milagrosa? Dígame que crearon na Residencia? Cantas prazas se crearon alí? Porque na Residencia foron deficitarios. Eliminaron centos de prazas de aparcamento e onde as eliminaron, non as volven crear.

Díganme cantas crearon no Casco Histórico, porque onde se eliminan, non se crean. Entón non nos veña a falar de números, que os números aguántano todo. Fagamos un balance real. E vostedes sexan realistas, non se enganen. Oia, non hai nada peor que facerse trampas ao solitario, porque o único que se engana é un mesmo. E vostede é o que está facendo.

Hoxe está moi clara a nosa proposta. Van apoiala ou non? Van apoiar crear aparcamentos ao longo da cidade con convenios con particulares? Van apoialo? É unha proposta que levamos defendendo dende hai anos. Van apoiar que en Fontiñas se contrúa un grande aparcamento e que se tire de fondos europeos para poder financiarlo? Van apoialo.

É moi sinxelo. Digan si ou non. Entendemos que é unha proposta construtiva, aquí non hai política, non hai maldade, non hai nada malo. Non hai ningún transfondo negativo.

Por que non votan a favor? Van votar a favor ou non de crear prazas de estacionamento temporal. Por certo, o Bloque Nacionalista Galego alí onde goberna en algúns dos seus concellos si que as crea. Aquí non, porque como entre vostedes non se falan, pois algo pasará para que non haxa ..., pero por que non copian boas iniciativas que teñen por alí adiante?. Que hai prazas que se poidan reservar durante 15 ou 20 minutos para esa xestión rápida para achegarse a unha farmacia, para ir facer un recado a unha xestoría...



- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda. Tres minutos, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVAERELLOS FONDO:** Moitas gracias. Desde logo, vivimos en dúas realidades completamente distintas. Iso está claro, porque o que se está a facer é precisamente poñer a disposición de todos o chan público que temos, e conveniar cos privados, como estamos a facer, para ter todos estes números.

Polo tanto, están propoñendo unha cousa que se está a facer, pero se está a facer desde o ano 15. E por iso lle din os números. E como se cre que o estamos facendo? Conveniando coa xente, cos privados que a teñen.

Pero eu, mire, si que lle podo dar unha lección ao Partido Popular neste momento. E ademais voulla dar.

Vou recordar o pleno de xaneiro deste ano: unha proposición, exactamente a mesma, exactamente a mesma. E defendeuna vostede.

E dicíamos exactamente o que estamos dicindo, que nós estamos a traballar constantemente cos privados, cos públicos, co chan público que temos para facer aparcamentos públicos e gratuítos. E propuxemos unha emenda de engádega, que a defendeu don Miguel Fernández. E poñíamos, moi ben, continuamos, votamos a favor, pero que se inste á Xunta de Galicia que como nós, que puxemos 80 prazas a disposición dos lucenses no edificio administrativo do Seminario, que a Xunta puxese esas prazas que ten polas tardes e os fins de semana en toda a zona educativa que ten aí ao lado. Porque os sábados e os domingos non hai colexio e hai prazas, como fixemos nós.

E que fixo? Oh, sorpresa! O Partido Popular municipal votou que non. Porque, claro, tería... Votou non! Mire vostede que fun mirar a acta do Pleno. Polo tanto, nós temos que poñer todo o que temos a disposición, que o estamos poñendo. A Deputación, que é a outra administración importante, está facendo neste momento, que, por certo, moito lle molesta. O que queren é que non haxa ao redor, na contorna, que non haxa, que saia mal. Están poñendo paus nas rodas, buscando, a ver se encontran algo... Como dicía Zapatero: "ñiñiñiñiñi".

Pois iso, exactamente iso, pero van instar á Xunta a facer iso, a que poña a disposición dos lucenses esas prazas de aparcadoiro que ten ao redor.

Iso si que non o fan. Iso si que non o fan. Non. Non vaia ser que en Santiago se enfaden.

Lugo o primeiro. Eu cada vez que vexo iso, quedo espantada. Lugo o primeiro? Partido Popular o primeiro. E os lucenses? Así lle pagan.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois última quenda para o grupo propoñente. Un minuto.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Entendo o nervosismo, si. Páganolo, efectivamente, subindo máis concelleiros e tendo máis apoios, efectivamente. Oes, cada un...

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Entendo o nervosismo seu. Cando non hai argumentos para defenderse, entendo que se poña nerviosa. Pero a nosa proposta é moi clara. Por certo, non votamos en contra daquela proposta. Non aceptamos a emenda, lea ben a acta, que son cousas distintas. Son cousas distintas. Fale con propiedade, que, ademais pola súa formación académica, debería falar con algo máis de propiedade nese caso e cunha terminoloxía máis adecuada.

A proposta é moi clara. Apostemos pola aparcamento na cidade se vostedes queren. Aquí nos teñen cun ánimo absolutamente construtivo.

Nas pelexas e na manipulación de números permítame que non entre porque sabe que é verdade.

E a realidade é tan crúa que vai ao barrio que vaia, hai un problema enorme de aparcamento. E están destrozando o comezo da cidade, están destrozando os negocios de Lugo e non se están dando de conta.

Especialmente no casco histórico, de verdade. É unha pena que non se dean de conta.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Unha pregunta sería se están vostedes a favor da peonalización do casco histórico, porque ao final parece que o casco histórico ten un problema de comercio, porque se van suprimir un número de prazas. Poucas. Poucas. Entón eu non sei se ese argumento é para dicir que non están a favor da peonalización do casco histórico, porque ao mellor é esa a pregunta. Nós si? E por iso estamos a aproveitar os fondos europeos para facer esas actuacións que van mellorar e moito a contorna e que van axudar tamén á dinamización económica, máis aló das súas premisas e os seus discursos constantes negacionistas, neste caso tamén.

Como o poden ser os modelos de cidade. E si, somos conscientes de que canto máis habilitados poidamos ter eses aparcamentos na contorna, pois moito mellor. Por iso abrimos o seminario, como ben se lle dixo. Por iso estamos a traballar para habilitar tamén outro aparcamento na contorna do Carme. Por iso lle pedimos á Deputación, que ademais está a executar, xa case finalizando, a apertura do Fogar de Santa María, a pesar de que evidentemente require modificacións e orzamentos, e tamén lle pedimos á Xunta de Galicia que habilitara eses espazos, que hai outro lado da contorna da ronda da Muralla. Pero a Xunta de Galicia nin está nin se lle espera. Coma sempre, en todos aqueles proxectos de Lugo.

Agora iso si, como un anuncio de precampaña van facer un aparcamento disuasorio en avenida Breogán. Perfecto. Perfecto.

Aparcamento disuasorio na avenida Breogán. Hoxe, se tan preocupados están pola avenida de Fontiñas por que non o fixeron alí?

Ou é que era moito máis cómodo a pesar de que na avenida Breogán, xa hai aparcamentos suficientes ir alí porque había unha parcela? Na avenida Breogán? Pode pasar por alí e hai aparcamentos a diario.

Na avenida Breogán. Xa miraremos. Pero por que non foron a Fontiñas xa directamente? Porque ao mellor é máis dificultoso... Por favor, estou no uso da palabra. Eu escoiteino atentamente... (voces de fondo) ... Señor Ameijide. Non, que

alusión? Vostede dase por aludido ata no Goberno Central, porque iniciou o seu debate falando do pleno de investidura. Ao mellor é e o seguinte obxectivo, non? Lugo, Deputación e agora pois xa o Goberno central. Paréceme moi ben, pero non neste espazo, que este espazo é para defender os intereses dos proxectos de cidade.

E benvido o aparcamento na avenida Breogán, pero podían ter xa iniciado por Fontiñas. En todo caso, sabemos que Fontinas, pola orografía e morfoloxía é unha situación máis complexa. Iso non quita que non vaíamos traballar e esteamos estudando distintas alternativas para seguir ampliando esas máis de mil prazas, que por certo, benvidos agora á solicitude, á petición de aparcamentos disuasorios, que ata que eu cheguei ao Concello como alcaldesa non se falaba de aparcamentos disuasorios.

Agora temos máis de mil prazas en todo o Concello de aparcamentos disuasorios, así que lles dou a benvida tamén e que se sumen a este tipo de iniciativas. Porque ademais sabemos cal é o seu modelo de cidade e o que farían, porque tamén así o anunciaron na precampania, a demolición do carril bici, que, por certo, é o que está a facer coa súa coalición de PP e Vox aí onde gobernan levantando os carrís bici e xa recibindo unha cartas do Ministerio dicíndolles que están poñendo en risco os fondos europeos.

E non só aqueles que utilizaron para facerlles as obras, esa execución, senón os futuros fondos europeos que poidan vir.

Ese é o seu plantexamento e o seu modelo de cidade que defende.

Nós temos o noso propio, que ademais foi avalado pola maioría dos e das lucenses: un goberno progresista e un goberno de avances.

E tamén é curioso escoitar outra vez o reiterado e manido tema da ORA. Porque lle recordo, señor Ameijide, e para moitos dos presentes que naquel momento non estaban, e ao mellor non tiraron de hemeroteca para ver realmente o que sucedera, pero naquel momento eu anunciei oito meses, é certo, que en oito sacaríamos un novo modelo ORA modernizado, con lectura de matrículas, para que houberse unha rotación real, porque hoxe un mesmo coche pode estar... cando estaba o outro sistema ORA podía estar o mesmo coche, con ir poñer o tique, pagaba, pero podía estar o mesmo coche, non había unha rotación real, e nós o que queremos é que haxa unha rotación real en distintas zonas. E polo tanto, o tempo establecido foi o que me trasladaron naquel momento os técnicos e falabamos de oito meses. Que pasa? Que trouxeron, liderado polo Partido Popular, onde aunou aos cinco grupos da oposición para iniciar aquel procedemento de municipalización.

E tivemos esa primeira reunión e falamos e acordouse naquel inicio do expediente que, como ía haber transformacións na cidade que, de momento quedará, pois, en stand by, á espera de ver pois como se ía desenvolvendo e onde sería necesario.

Que non descartamos que nun momento dado haxa que implementar algún sistema rotativo para garantir a mobilización nalgunhas zonas, pero por exemplo agora xa no casco histórico non vai ser necesario un sistema ORA, porque vai ser todo peonil, a pesar de que parece ser, polo que está dicindo, que non están vostedes

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

de acordo con ese modelo de cidade. Pero, en todo caso, nós asumindo a responsabilidade que nos toca, así o faremos.

E cando veñen propostas concretas que neste ano, aínda no transcurso deste ano, veuse como unha proposición de mirar a posibilidade de conveniar cun particular na avenida Castela para poder seguir incrementando zonas de aparcamento, díxose que si. Está aquí a compañeira Olga Louzao, que fora o seu grupo quen a propuxera. E nós dixéramos que si a propostas concretas e que non se están a traballar, terán sempre, se son boas para a cidade, o noso apoio.

Reiterar sempre estar intentando buscar a confrontación veciñal, porque é o único que pretenden con este tipo de iniciativas, non van contar nunca co noso apoio nin co noso voto favorable.

En todo caso, anímoos novamente a que desexan tamén innovadores nas propostas e de poder acometelas, porque é certo que hai que falar cun propietario, e xa tivemos feito tamén no entorno do Sagrado Corazón, unha vez que se abriu o novo centro educativo, e os seus propietarios non quixeron poñelo a disposición que é lícito e lexítimo e, polo tanto, é respectable pois, a súa decisión do que queren facer coa súa titularidade privada.

Pero, en todo caso nós, a man tendida seguiremos buscando, como lle dixo a concelleira, distintas vías para seguir incrementando esas xa máis de mil prazas que temos a día de hoxe nestes últimos oito anos.

Imos proceder a votar a proposta.

**15/114 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 203/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE ACTUALIZACIÓN ANUAL DO IMPORTE DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS DENDE A SÚA ÚLTIMA ACTUALIZACIÓN PARA O EXERCICIO 2024 E SEGUINTE (Exp. 2023/G004/000800).**

Vista a antedita proposición cuxo teor é o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Según la Exposición de Motivos de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones (en lo sucesivo, LGS), una parte importante de la actividad financiera del sector público se canaliza a través de subvenciones, con el objeto de dar respuesta, con medidas de apoyo financiero, a demandas sociales y económicas de personas y entidades públicas o privadas.

Desde el grupo municipal del Partido Popular y, en particular, desde el área de bienestar social, conocemos el importante esfuerzo económico que los Ayuntamientos tienen que llevar a cabo para arropar al tejido asociativo y, sobre todo, desde la pandemia causada por la Covid-19.

El Concello de Lugo, a través de su Plan Estratégico de Subvenciones, pone en marcha esta herramienta para fomentar, promover y potenciar la participación de

la sociedad civil en los distintos ámbitos de gestión que son de interés general y para dotarla de mayor agilidad a la gestión y pago de las ayudas.

El Plan Estratégico de Subvenciones, en su punto XI, referido a su control y seguimiento, manifiesta que este se realizará “de forma anual”, en dos aspectos, uno de los cuales dice lo que sigue:

*“Este Plan Estratégico debe ser revisado al objeto de:*

- *Modificar o actualizar las líneas de subvención que pudieran perder su vigencia, o que no sean eficaces para el cumplimiento de los objetivos.*
- *Actualizar los importes de aquellas que se mantengan.*
- *Incluir nuevas líneas de actuación que se consideren necesarias para la consecución de los objetivos previamente establecidos”.*

También la LGS en su artículo 14.1 dispone lo que sigue: “son obligaciones de los beneficiarios cumplir el objetivo, ejecutar el proyecto, realizar la actividad o adoptar el comportamiento que fundamenta la concesión de las subvenciones”. Por tanto, y para cumplir con el objeto de la actuación subvencionada, es la propia asociación la que está asumiendo el aumento de los costes de la vida, la inflación, el IPC, etc., dado que el Ayuntamiento de Lugo no ha actualizado los importes en los últimos años.

A través de las subvenciones nominativas, las entidades locales asumen la obligación de financiar, en todo o en parte, una actuación determinada. Es bien sabido que el coste de cualquier actuación aumenta con el paso de los años; por tanto, si no se actualizan dichos importes, cada año la parte subvencionada es menor, lo cual redundaría en un grave perjuicio para la propia asociación, que se ve en la obligación de asumir el aumento del gasto.

Según la Junta de Gobierno y en palabras de la alcaldesa Lara Méndez, el Plan Estratégico de Subvenciones del Concello de Lugo persigue servir de guía para mejorar y racionalizar la tramitación de las aportaciones con criterios de transversalidad, eficacia y eficiencia.

Es, por tanto, la naturaleza de la propia ley, así como el objetivo que persigue esta Junta de Gobierno, alcanzar dichos criterios. Una subvención que no se actualiza en el tiempo según los parámetros económicos y sociales no alcanza dichos criterios en modo alguno.

Si nos centramos en el área de bienestar social, que supone más de un veintiocho por cien de la partida presupuestaria destinada a subvenciones, no cabe la menor duda de que la situación ha cambiado considerablemente en los últimos años.

Desde el Grupo Municipal del Partido Popular consideramos que el Concello de Lugo tiene la obligación de actualizar dichos importes para poder cumplir con el tenor de la propia Ley y del Plan Estratégico de Subvenciones presentado por esta Administración y así cumplir con los objetivos de eficacia y eficiencia. Asimismo, es responsabilidad del Concello de Lugo, dotar a los procedimientos de la suficiente agilización en su tramitación, pudiendo garantizar así los criterios de transparencia y agilidad

Como reiteradamente venimos exponiendo, los servicios sociales tienen un único objetivo: mejorar el bienestar social y garantizar que las necesidades básicas

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

de los ciudadanos estén cubiertas; tratar de ser ágiles, eficientes, efectivos y sostenibles en el tiempo. Ninguno de estos objetivos se puede cumplir si el importe de las subvenciones no se corresponde con la realidad socioeconómica del momento.

Sobre la base de cuanto antecede,

Suscribimos la presente Proposición, considerando de interés municipal que el Pleno de la Corporación municipal acuerde:

Primero. - La actualización anual de los importes de las subvenciones nominativas desde su última actualización, siguiendo los criterios de eficacia y eficiencia contenidos en el Plan Estratégico de Subvenciones, en aras de garantizar el cumplimiento de los objetivos para los que fueron creadas.

Segundo.- Promover la agilización en la tramitación de los convenios garantizando la transparencia y la efectividad de los mismos.

Tercero.- La promoción de rebajas fiscales para las entidades con proyectos de carácter social.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

### Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos con uso da palabra para o portavoz do Partido Popular. Cinco minutos.

- **GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY:** Muchas gracias, alcaldesa. Presentamos al Pleno una proposición para actualizar el importe de las subvenciones nominativas para el ejercicio 2024 y siguientes.

El sector público, en este caso la administración local, canaliza gran parte de la actividad financiera a través de las subvenciones, con el objetivo esencial de dar respuesta a demandas sociales y económicas de personas y entidades de naturaleza pública o personal.

Es la Ley general de subvenciones quién la ordena y son las administraciones públicas quienes deben llevar a cabo este esfuerzo económico y así arropar a todo el tejido asociativo.

Las normativas de subvenciones, tanto estatal como gallega, con el fin de mejorar la eficacia y la eficiencia en el otorgamiento de las diferentes subvenciones y ayudas públicas establecen la oportunidad de elaborar un plan estratégico de subvenciones.

Un plan que se desarrolla en un determinado espacio de tiempo y cabe tener una adecuada conexión entre los objetivos que se pretenden conseguir y los coste previsible.

Objetivos a conseguir y costes previsible.

Objetivos a conseguir: los que se persiguen desde el mismo momento en que fue concedida la subvención nominativa y a lo largo de cada ejercicio económico.

Costes previsible: los costes de la propia actuación subvencionada, que, por supuesto, fueron aumentando en cada ejercicio económico desde la concesión de la subvención.

No considero necesario exponer lo que lo que ha supuesto para cualquier economía el incremento del coste de la vida en los últimos años. Ejecutar la actuación subvencionada no cuesta lo mismo en el año 2023 que lo que costó en el 2022, en el 2021, en el 2020, año de la crisis de la Covid-19, que tiene y continúa teniendo una incidencia notable en todos los extractos de la sociedad lucense.

No cabe ninguna duda de que las entidades tienen que enfrentarse cada año a costes mayores para poder llevar a cabo las actuaciones subvencionadas.

Por tanto, una subvención que no se actualizan en el tiempo según los parámetros económicos y sociales no alcanza los criterios de eficacia y eficiencia ni hace posible en ningún caso conectar adecuadamente los objetivos perseguidos con unos costes que ya no se corresponden con la realidad.

En este contexto, el plan estratégico de subvenciones 2023-2025 del Concello de Lugo manifiesta en su punto 11 que su control y seguimiento se realizará de forma anual y que debe ser revisado al objeto de actualizar los importes de aquellas subvenciones que se mantengan.

Este plan no debe ser, por tanto, un instrumento estático, sino vivo y dinámico, tomando pulso a la vida económica y social del municipio.

Es, por tanto, nuestra proposición llevar a cabo lo establecido en el propio Plan estratégico de subvenciones, que ustedes mismos han elaborado. Es decir, revisar el plan al objeto de actualizar los importes de las subvenciones nominativas para el ejercicio 2024 y sucesivos.

Es por todo lo expuesto que consideramos de interés municipal que este pleno acuerde la revisión del Plan Estratégico de Subvenciones, al objeto de actualizar los importes de aquellas que se mantengan y establecer un calendario para realizar los anticipos y los pagos de las mismas para garantizar de este modo una gestión más eficaz y más ágil.

Les hemos pedido en el primer pleno de esta legislatura la reactivación del Consello Local de Servizos Sociais y se lo volvemos a pedir ahora. Sería el foro adecuado y serían de gran ayuda las consultas a ese Consello para poder tomar todo este tipo de decisiones que ya vienen indicados en sus propios... en este caso Plan Estratégico de Subvenciones del Concello. Eso es todo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Cinco minutos agora para o voceiro do Goberno.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Moitas grazas. O que está claro é que o Concello de Lugo ten entre os seus obxectivos a mellora da prestación dos servizos aos cidadáns e, buscando entre outras cuestións e de xeito claro e significativo a axuda a aqueles que máis o necesitan. Como vostede ben di, un dos mecanismos tendentes a acadar eses obxectivos foi a elaboración dese plan estratéxico de subvencións deste Concello.

Ese plan recolle non só aquelas actuacións relativas ao benestar social, senón que a moitas outras áreas de teñen repercusión nos que estamos a desenvolver a nosa vida neste Concello.

Por iso, no que atinxe ás subvencións que este Concello destina cada ano a estes fins están as que se distribúen, dentro das convocatorias de concorrencia competitiva, destinadas á Casa da Muller, Promoción de Emprego, Cultura, Servizos Sociais, Deportes...

E tamén é coñecido de que existen outras subvencións nominativas das que vostede tamén falou, que abranguen a diferentes entidades en áreas tan diversas como Medio Ambiente, Servizos Sociais, Cultura, Deportes, Turismo, Participación Cidadá...

Ademais, hai outro tipo de aportacións, como as que se fan a entidades participadas e organizacións non gobernamentais.

Por se non o sabe. Por se non o sabe, estas actuacións acadan un total de case 2.200.000 euros, o que pode dar unha idea da importancia que desde o goberno municipal se lle dá a este tema.

Tamén, ademais temos outro tipo de axudas que non están recollidas no anterior, como poden ser as axudas ao aluguer, nas que, por exemplo, se empregan máis de 200.000 euros anuais.

Debemos ter en conta que o Concello destina preto do 30% dos seus orzamentos a temas sociais.

Certo é que a subvencións nominativas non sufriron incremento como tal, manténdose nas mesmas contías, pero iso non quere dicir que o Concello non aumentase as aportacións ás distintas entidades.

Destínanse moitos locais propios a algunhas delas, que utilizan de xeito gratuíto, totalmente gratuíto. E non só as instalacións, é que ademais o Concello aporta a totalidade dos gastos de infraestruturas e persoal, xunto cos consumos dos mesmos e que se incrementaron, evidentemente, de xeito manifesto nos últimos tempos.

Igualmente, apórtanse as instalacións deportivas, con todos os seus gastos de xeito totalmente gratuíto. Asumindo da mesma maneira os importantes incrementos de custos sen ningún tipo de repercusión aos usuarios.

Tamén o non incremento de impostos, taxas e prezos públicos que lles poden afectar non deixa de ser unha nova axuda a todos eles.



A todo o anterior hai que engadir outra parcela ben importante, como é o financiamento de todos aqueles gastos derivados das múltiples actividades propostas ao longo do ano polas distintas entidades e que son atendidas de xeito xeneralizado polo Concello. Estas teñen un incremento sostido, dado o importante que é no noso Concello o tecido asociativo que segue incorporando novas iniciativas.

Por iso queda claro que as aportacións do Concello ás diferentes entidades, asociacións e clubs viuse incrementado de xeito significativo coa solución dos custos mencionados, na conxelación de impostos, taxas e prezos públicos, e tamén, sobre todo, das importantes aportacións ás actividades concretas que son propostas.

Por todo elo, non parece procedente ademais, acometer neste momento outros incrementos nas subvencións nominativas.

Como noutras áreas, tamén nesta, estase a potenciar e adaptar os procedementos internos tendentes á mellor eficiencia dos mesmos, que axilizará os trámites administrativos afectados.

En canto ao terceiro punto da súa proposta, da que non falou, gustaríanos saber a que outro tipo de beneficios ou rebaixas fiscais se refiren, xa que as mesmas non están explícitas na súa resposta e se do que están a falar é do mesmo que faláron na campaña electoral, con propostas de rebaixa de impostos que son ilegais, pois gustaríame que explicitasen cales son esas rebaixas fiscais que propoñen.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda de intervención. Tres minutos.

- **GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY:** Muchas gracias. Conocemos el importante esfuerzo que todos los Concellos tienen que llevar a cabo para arropar al tejido asociativo, no solo en el ámbito social, como usted bien dice, sino en el resto de las áreas, que tiene que hacerlo, que debe hacerlos, que es su obligación hacerlo. No es un regalo que le hagamos a las entidades ni a las asociaciones ni a los colectivos.

Ustedes mismos en su plan estratégico de subvenciones establecen la revisión del mismo de forma anual al objeto de actualizar los importes de las subvenciones. Eso, textualmente, entre comillas, es lo que dice su plan estratégico de subvenciones. Por lo tanto, lo que pedimos es considerar una reorientación presupuestaria en el año 2024 para actualizar el importe de las subvenciones a la realidad económica que vivimos en este momento.

No creo que ninguno de ustedes sea ajeno a los cambios económicos ni a la subida del coste de la vida. El salario de un psicólogo, el precio de una silla de ruedas, el recibo de la luz, la cesta de la compra, la consulta de un logopeda o la consulta de trabajador social. Cualquiera de estos gastos y muchos más no cuesta lo mismo este año ni los años anteriores. Y todos los indicadores económicos apuntan a que estos costes van a seguir subindo. El IPC, el precio de la vida, la inflación, etcétera.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Y, punto número dos, en la revisión y en la actualización del Plan Estratégico de Subvenciones es absolutamente necesario concretar los plazos a los que el Concello deberá ajustarse para realizar los anticipos y pagos de las subvenciones, y así cumplir con lo que la jurisprudencia nos indica y nos dice que han de ser, entre comillas también, "necesariamente breves". Eso es lo os dice la jurisprudencia del Tribunal Supremo.

Es necesaria una plantificación para garantizar una gestión más eficaz y más ágil y las entidades beneficiarias no tienen por que estar soportando por si solas el incremento de los costes de las actuaciones y soportando la lentitud de la administración para el cobro de las subvenciones concedidas.

Una subvención que nace con el objetivo de cubrir en su totalidad o en parte una actuación, cuando el precio de esa actuación sube al año siguiente, la subvención pierde ya el objetivo con la que ha sido creada. Ya no puede sufragar ese gasto, por lo tanto lo tiene que soportar la asociación, la entidad o el colectivo que la realiza, simplemente.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Goberno, señor Permuy, tres minutos.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Perdón. Todos somos conscientes dos incrementos de gastos. Por iso falaba eu que o incremento de diñeiro que se aporta ás entidades é importante, porque o propio Concello está asumindo todos eses incrementos en todos eses subministros, locais, persoal que pon á disposición das distintas entidades das que estamos a falar.

Porque, repito, estanse asumindo todos os gastos que temos que soportar desas múltiples entidades e asociacións que están en instalacións municipais.

Seguimos sen outro tipo de asociacións de non cobrar polas instalacións, por exemplo as deportivas. Poucos concellos están nesa situación. O Concello de Lugo aposta, entre outros, polas entidades, clubs e asociacións deportivas, deixándolles de xeito totalmente gratuíto as instalacións, nas que tamén, evidentemente, os custos de mantemento e de persoal que están a disposición delas incrementouse de xeito significativo.

E, terceiro, é que hai varias liñas e formas de traballar. Igual hai que empezar a apostar polas axudas ás entidades, a parte das directas que se poden dar en subvencións, en axudar, completar ou promover, ou incluso cubrir o 100% das actividades, financiando os importes concretos de infraestruturas, persoal e medios, que precisan para esas actividades e propostas que nos están facendo chegar.

Ese si que é un incremento importante e sostido ao longo destes últimos anos e que ogallá se siga producindo. Iso quererá dicir que as nosas asociacións seguen con ánimo e interese de seguir mellorando e axudando aos cidadáns de Lugo.

Por certo, agora non está o señor Ameijide, pero igual esas diferenzas de formas de funcionar, como dicía Paula Alvarellos, igual aínda que se sorría, igual algo ten que ver que os cidadáns de Lugo leven apostando por gobernos progresistas, con

alcalde ou alcaldesa socialista... Imos camiño de 28 anos. Quizais, algo teñan que ver esas diferenzas de formas de ver as cousas.

- **LARA MÉNDEZ LOPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois ultima quenda, un minuto para o portavoz do Partido Popular.

- **GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY:** Muchas gracias. Se lo voy a decir con todo mi respeto y no porque sea usted quien pueda creer esto, pero una subvención ni es un favor ni es una limosna ni es un regalo que la Administración hace a las entidades. Las subvenciones son una obligación de la administración pública. Si son concedidas para sufragar los costes de una actuación, habrá que actualizarlas de acuerdo a la subida de los mismos. No está tan lejos el primer pleno de esta legislatura para que ya nos hayamos olvidado en el que uno de los primeros acuerdos fue la actualización de los salarios de los concejales.

Quiero entender que esto lo hicieron debido a la subida del precio de la vida y quiero entender que usted se dará cuenta de que esa subida es la misma para los concejales que para todos los ciudadanos de Lugo. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** En primeiro lugar, dicir que o termo actualización é incorrecto. É que ademais a propia preposición que trae aquí o Partido Popular contradí o espírito da propia norma. Hai que xustificar por que se outorga unha subvención nominativa e a súa contía en base ao cumprimento dos indicadores, que acrediten a satisfacción de finalidade singular, porque senón estaríamos falando que serían de obrigada concorrencia, como xa hai tamén outras liñas de axudas de concorrencia competitiva.

E ao mellor o que habería que preguntarse tamén, cando falan tamén de prazos e convocatorias, canto tarda a Xunta en convocar, que prazo teñen para presentar dende a Xunta e cando paga a propia Xunta. Porque ao mellor a resposta ata lle sorprende e ao mellor ata ven poñer en valor o traballo que se fai aquí no Concello.

E, por certo, o seguimento xa se fai comprobando o cumprimento deses indicadores ao que facía mención, que, por certo, tamén se estableceron por primeira vez no meu goberno. Así que imos proceder a votar a proposta que presenta o Partido Popular.

**16/115 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 204/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO IMPULSE UN PLAN DE CARREIRA PROFESIONAL PARA OS MÚSICOS DA BANDA MUNICIPAL E ESTABLEZA UN COMPLEMENTO TRANSITORIO PARA OS MESMOS (Exp. 2023/G004/000801).**

Vista a referida proposición na que se pon de manifesto o seguinte:

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

“En xaneiro do ano 2022, hai 20 meses, o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba ante o Pleno unha proposta para elaborar un Plan de recuperación da Banda Municipal de Música, ao que o equipo de goberno contestaba: *“non ten sentido o que vostedes propoñen porque desde este goberno xa estamos traballando para que o antes posible poidamos desfrutar dos concertos da Banda de Música de Lugo”*. Posteriormente, en outubro dese mesmo ano, o Grupo Municipal de Ciudadanos acadaba o voto favorable de todos os membros do Pleno para levar a cabo una modificación puntual da RPT en relación cos postos de traballo dos membros da Banda Municipal con funcións docentes e para que o goberno municipal acadase o compromiso de impulsar un plan de carreira profesional (solicitado polo GMPP a través dunha emenda).

En ambos os casos, as proposicións viñan a poñer en valor á Banda Municipal en todo o seu contexto, tamén aos seus traballadores. Estamos a falar dunha entidade que inicia a súa andaina no ano 1876 e que está intimamente ligada á propia historia de Lugo. O servizo que fixo aos lucenses durante todos estes anos, coas súas numerosísimas actuacións e promovendo a cultura musical dentro e fóra do municipio, é recoñecido por todos e cada un dos veciños da nosa cidade que recordan con agarimo a súa presenza amenizando os paseos dos domingos dende o palco da música da praza Maior.

Co obxectivo de dar continuidade á Banda e non deixar aos seus traballadores “no camiño”, este grupo municipal presentou unha iniciativa no ano 2011 para dotar á nosa cidade dunha Escola Municipal de Música e ao mesmo tempo completar o horario dos músicos, finalmente no ano 2012 a RPT lles recoñece a súa función como docentes a tempo completo.

Transcorreron 12 anos dende entón, e seguen na loita para que se lles recoñezan as titulacións que posúen, algo que si se fai nas listas de substitución que elaborou este goberno e requiren a titulados de grao medio ou superior para poder acceder a estas.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da corporación municipal acorde:

Que o Concello de Lugo estableza un complemento docente transitorio para o profesorado da Escola Municipal de Música namentres non se realice a reclasificación profesional.

Que o goberno municipal acade o compromiso de impulsar un plan de carreira profesional para que os músicos da Banda Municipal de Lugo promovan o que implica dar execución ao acordo acadado no mes de outubro de 2022.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

### Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de

- **Abstencións:** 0 Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular, anteriormente transcrito.

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois, señora Candia, cinco minutos para defender a proposta.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ :** Pois moi bo día. Grazas, alcaldesa. Moi bo día a todos e todas. Por suposto, aos compañeiros, á corporación e aos que nos acompañan hoxe nesta sesión plenaria.

Hoxe traemos unha iniciativa, pois que leva, poderíamos dicir tres obxectivos. O primeiro, defender os dereitos duns traballadores deste concello. O segundo, insistir na necesidade de que os acordos plenarios non queden en papel mollado, non? É a importancia dun acordo plenario por unanimidade que a cidadanía saiba que vale para algo. En terceiro lugar apostar tamén por unha cultura musical da nosa cidade, poñendo en valor un signo identitario, un elemento institucional, que uso os conceptos creo que máis aceptados por todos os que hoxe estamos aquí, porque así o manifestaron noutros debates aos que realmente pois non me vou remitir.

Probablemente a palabra que máis escoitamos nesta sesión plenaria, despois de Xunta, obviamente, é o que son un goberno progresista. Os gobernos de progreso pois caracterízanse, precisamente, por corrixir desigualdades, por respectar os dereitos dos traballadores.

E aquí, pois, obras son amores e o resto son outra cousa, pois probablemente temos ocasión de demostrar o que debe definirse por un goberno de progreso.

É certo que se eu fixese esta exposición no ano 2004, podería haber 42 familias pendentes do que aquí se decidise. Pero desgraciadamente estamos no 2023, son 17 familias e probablemente para o ano que ben sexan 16, porque digamos que o percorrido que tivo a banda nos últimos tempos e moi especialmente dende que lideran gobernos de progreso, como lles gusta definir, espero que non lle ofenda. Porque ata cando o piropeamos parece que senta mal, pois foi un enorme declive, unha falta de compromiso, un abandono e unha desidia.

E moitas veces, e así nolo trasladaron en reunión que puidemos comprobar cos propios traballadores, ás veces incluso a maneira de referirse ás súas reivindicacións, pois con total humildade, tamén teño que definilas como unha falta de respecto.

Probablemente non coincidamos na programación cultural en moitas cousas. E aquí somos conscientes que quen ten esa responsabilidade é o grupo que retirou a súa candidatura para que governe o Partido Socialista.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Sempre defendemos que apostamos por unha cultura universal, por unha cultura para todos, e aí probablemente temos moitas cousas nas que non coincidimos, pero nesta en concreto seguro que si.

Se non coincidimos en apoiar a nosa banda, pois probablemente temos un problema.

Que mellor homenaxe a Xoán Montes que a banda hoxe volvese ser o que foi nun tempo desgraciadamente bastante lonxano;

Pero centro a importancia en que a banda é cultura e a banda é cultura lucense é un signo de identidade, é un signo do que nos queremos sentir orgullosos, pero non quero que eclipse o obxectivo fundamental desta iniciativa, que é que uns traballadores que nunca tiveron oportunidade de concorrer a unha promoción interna.

Hoxe tamén anuncio aquí que é a banda municipal. Son máis servizos os que recorren a nós para demostrar unha situación absolutamente incomprendible.

E insisto nisto. Unha situación incomprendible dun goberno progresista, que non se lle pague aos seus traballadores pola titulación, polas funcións, pola responsabilidade que asumen, que non sei que parte da "O" do Partido Socialista Obrero Español queda absolutamente eclipsado.

É que unha cousa é o titular e outra cousa é a realidade. Díxose tamén hoxe aquí. As propostas concretas, que son boas para a cidade terán o noso apoio. E iso agradécese, pero se despois non teñen o voso traballo e non se executa en medidas concretas para resolver esa discriminación, pois quedarán, insisto, en papel mollado. Por iso insisto nese segundo obxectivo que busca esta iniciativa.

Se miramos a contorna profesional musical, hai unha enorme discriminación, e non é un tema menor. No momento onde unha botella de aceite costa o que hai pouco costaba un menú, a diferenza que están reclamando poden estar rondando entorno aos 15.000 euros anuais.

Se iso se asocia dende que asumen as funcións de profesores, e son máis de dez anos, multipliquen. É unha cantidade moi importante na economía destes traballadores, que seguramente optaron por estar na Administración por considerar que aquel espazo onde os seus dereitos van ser respectados e van ser blindados.

Titulación que vostedes francamente coñecen, porque ademais tiveron que aportala cando ademais quixeron dar de alta a Escola municipal.

O seu traballo, ademais de ter unha enorme... Deberían de ter unha enorme desmotivación, pero eu quero facer tamén un recoñecemento, unha posta en valor do seu compromiso, que se traduce claramente...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois queda agora para o portavoz do Goberno, señor Permuy. Cinco minutos.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas. Voume referir á súa proposta concreta. Falan de que no ano 2012, a RPT recoñecece aos músicos a función como docentes a tempo completo. Omiten unha parte importante.

Quizá sexa porque como é nova en Lugo non coñece a historia dos últimos anos de Lugo. Omite que a devandita RPT foi recorrida por unha das propias organizacións sindicais do Concello, precisamente polos aspectos relacionados cos empregados da Banda Municipal, diante dos xulgados de Lugo, e que o percorrido xudicial rematou cunha sentenza do Tribunal de Xustiza de Galicia de finais do dazaseis no que se revoca a mesma por ser contrario ao ordenamento xurídico.

Posteriormente, porque este goberno tamén traballa, rematouse no 2020 a relación definitiva de postos de traballo, que incluía a creación de 20 prazas de músico a tempo completo, asumindo, como se contempla no manual de funcións, as de docencia e apoio docente na Escola Municipal de Música e que substituían ás 24 prazas do tempo parcial existentes ata entón.

Naquel momento non se fixo nin unha sola alegación respecto ás funcións de profesores da banda.

Nese mesmo ano procedeu ao proceso selectivo para seleccionar un director da banda de música. Hei de destacar que nese proceso de poñer a tempo completo aos músicos foi unha aposta do goberno de Lara Méndez cara a banda municipal, xa que incluso había naquel momento diferentes opinións ao respecto.

Por parte do Concello, tal como xa se indicou no seu día, e cos compromisos acadados, séguense a estudar e desenvolver os mecanismos tendentes a impulsar un plan de carreira profesional para os músicos compoñentes da banda, dando por sentado, non podía ser doutro modo, o interese de manter esta entidade que vostedes como ben din na súa proposta, iniciou a súa andaina no ano 1876.

Este plan non pode levarse adiante sen ir acompañado da correspondente análise e das actuacións tendentes á modificación da relación da relación de postos de traballo que será abordada proximamente, pero que debe contar coa información previa do desenvolvemento das ofertas de emprego público xa aprobadas e que se atopan en diferentes fases de execución.

Como xa se lle informou recentemente aos propios representantes dese colectivo nunha reunión que mantiven con eles, este tema está presente e será abordado no seu momento co estudo das diferentes autorizacións, adaptacións e modificacións da RPT, figurando entre os plans de traballo a medio prazo da Consellería de Economía e Recursos Humanos, e que non se pode limitar só a este colectivo, xa que, como ben di, dánse nalgúns outras situacións que precisan tamén o acomodo do documento, a situación real da plantilla do Concello.

No que atinxe á súa proposición de que se estableza un complemento docente transitorio do que, por certo modo, agora non falou, para o profesorado da Escola Municipal de Música, deberían de saber que, como se indica no Real Decreto 861/1986, polo que se establece o réxime de retribucións de funcionarios da Administración local, e na lei 30/1984, de medidas de reforma da función pública, estes complementos establécense soamente para aqueles casos en que o persoal ao que se lle asigna novos postos ten perda de retribución respecto á situación de partida. Idéntica previsión faise no Real Decreto Lexislativo 5/2015, no que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público.

Polo tanto, desde esta concellería, considero que non procede á aplicación do complemento transitorio solicitado, xa que como se acaba de mencionar, a situación de que estamos a falar nada ten que ver coa fin deses complementos.

En resumo, esa parte da súa proposición non é máis unha petición sen fundamento e que non está axustada á normativa vixente.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Pois última quenda para a señora Candia, un minuto.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** É a penúltima, non? Salvo que me retire o último minuto.

Seguro que ademais non é necesario. Ben, efectivamente, non lle lin a proposta de acordo, porque a tiña no seu poder. Incluso aí, como lle dixen á seu voceira antes de entrar na sesión plenaria, como tamén llo dixen ao Bloque Nacionalista Galego, que non lle ocultou que me entristece enormemente que delegue e que enmudeza no debate do que para nós é unha iniciativa importante e para a cultura da nosa cidade tamén.

Vostede pode poñerlle o nome que queira, e créame que esta proposta vén cun afán absolutamente constructivo. Eu póñoa en valor e agradezo todos os avances que se fixeron e que vostede someramente citou. Nós estamos aquí sempre para recordar o que está por facer. Ademais, creo entender, e creo que entendín ben, que a vostede tampouco lle gusta que piropeemos, co cal, creo que debo e é a nosa obrigación recordar o que está sen facer.

Ese complemento, que o definimos así, pero chámelle vostede como queira, porque o máis importante de todo isto é que se estableza o plan de carreira profesional para que os propios músicos da banda poidan promocionar e, por suposto, que se estableza a modificación que unanimemente, acordaron nesta mesma sesión plenaria, que como vostede non estaba, eu aínda así, pois non lle faltó á consideración de que está ben documentado.

Realmente estamos nun goberno progresista que lle priva a 17 ou unha parte moi importante de músicos un complemento que podía ascender ao ano a máis de 15.000 euros, nunha situación económica, como digo, complexa.

Estamos, ademais, cunha folla de ruta que a contestación é sempre "xa o estamos facendo". Claro, pero xa o estamos facendo durante oito anos. Comprenda, votamos a favor ou votamos en contra, dependendo desta situación, seguramente que nesta lexislatura votarán en contra menos, votarán a favor menos, pero votan en contra porque xa o están facendo.

Pero a realidade é que se multiplicamos 15.000 euros por dez anos, pois os número francamente deixan nunha situación de desprotección e, sobre todo, é o que o máis importante, de inxustiza.

É que, efectivamente, nos identifica, como digo, cun goberno progresista.

Nós traeremos esta iniciativa como traeremos doutros departamentos, porque efectivamente hai unha enorme descontento co persoal do Concello, onde os seus



dereitos non son respectados, onde asumen funcións que non se lles recoñecen nin lles pagan. E iso require un tirón de orellas.

Cando non queren facelo, pois a aluden a situacións de ilegalidade. Mire, eu téñolle aquí o informe que incorporaron á Conta xeral, onde francamente hai moitas cousas que lle din que son absolutamente incorrectas e ilegais e lle advirten, xa non imos entrar nos reparos de legalidade, senón moitas máis, incluso algunhas que afectan ao pago dos traballadores. E vostedes ou non o len ou ignoran. Así que...

- **LARA MÉNDEZ ÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda de intervención para o portavoz do Goberno.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Non me ten que dar leccións, alomenos a min, sobre a defensa dos traballadores. Non llas vou admitir. Critique as situacións, pero non fale de que por parte do goberno municipal non se defenden aos traballadores.

A decisión de pasar de estar a xornada parcial a xornada completa, tomouna o goberno municipal. Era unha demanda dos traballadores, que estaban nunha situación non precaria evidentemente, pero cunhas retribucións e unha dedicación parcial, que se completou.

Intentouse no seu momento facer unha RPT contemplando outras situacións, e como lle digo... Despois de cinco... case seis anos, cinco anos e pico, de percorrido xudicial houbo que volvella atrás e iso evidentemente atrasa o proceso. Despois do 2020, fíxoselle unha RPT que contemplou esa situación de modificación dos postos, pasando a xornada completa, e agora temos previsto abordar unha nova modificación da relación de postos de traballo porque sen esa modificación, todo o tema da promoción é imposible de encadrar na normativa.

É dicir, e repito, como xa se lles dixo aos representantes dos traballadores, dos que está aquí presente nunha xuntanza que tivemos, é un dos obxectivos da Concellería, neste caso de Recursos humanos.

Pero non se apuren, non se apuren. Nós imos seguir a traballar sen demagoxias e sen brindes ao sol, e sen pretender utilizar os medios de comunicación como é a Radio Televisión de Galicia para a que lle sirva de voceiro xusto diante dos días deste pleno, porque dificilmente coñecendo a traxectoria dese organismo, dificilmente terían ese espazo que se lle destinou, senón houbera unha actuación pola súa parte.

Pero non se preocupe, como non podería ser doutro xeito, nós imos seguir mellorando os servizos do Concello.

E teremos en conta a estes traballadores e buscarémoslles solución dentro da normativa vixente, pero sempre, porque sempre, dentro do respecto absoluto á lexislación.

Por favor, cando fagan propostas, que se axustan á lei. Non pidan por escrito situacións que non se poden dar, porque iso ao final non é máis que un brindado ao sol, que igual crea unhas falsas expectativas nese colectivo de traballadores.

**-LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois agora si: última quenda para a portavoz do Partido Popular, un minuto.

**- MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Se alguén aquí ignora a lei, señor Permu, son vostedes, que quedou aquí ben claro, expuxo a miña compañeira, que de cada dous euros que pagan, nun non cumpren o procedemento que lle marca a lei.

Alégrame que se centren na lei para recoñecerlle dereitos a uns traballadores que neste momento están sendo absolutamente ignorados, pero dígolle máis. Retiro e fágolle unha autoemenda ao punto primeiro se ese é o problema e voten vostedes o segundo punto.

Pero non veño a cuestionar o que lles dixo, veño aquí a poñer en evidencia o que non se fixo, e o que si é absolutamente indiscutible é que seguen sen o seu plan de carreira e seguen sen ter un recoñecemento económico das funcións que asumen, facendo dunha maneira comprometida e exemplar o seu traballo.

E díxenllo, pois iso, con total humildade. Primeiro pensei que non apostaban por este servizo, pero deixoume claro que creían na súa continuidade. Pode ser que haxa outra vez un mal entendemento entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, que sempre cando un servizo falla, sempre é problema de Persoal.

En todo caso, nós apostamos por ese servizo, creo que é un orgullo para Lugo. Creo que forma parte da nosa historia e temos a responsabilidade de manter o legado, e o máis importante, ser un goberno progresista demóstrase votando cousas coma esta, que o goberno municipal acade o compromiso de impulsar un plan de carreira profesional para os músicos da Banda Municipal de Lugo, proporcione e que implique dar execución ao acordado no mes de outubro do 2022. Iso é o que se vai votar aquí.

**- LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Eu e non discuto a boa vontade que creo que temos toda a corporación actual e as pasadas en solucionar un problema que vén de anos atrás e de que está enquistado e que era complexo, tal e como e se lle trasladou en moitas ocasións aos distintos traballadores da Banda Municipal de Música, e que a intención é, tal como se expuxo, pois na propia exposición, de seguir dándolle solución para facer esa reclasificación profesional, pero tamén que é certo que pasa por unha modificación da RPT, que xa se iniciaran os pasos no pasado mandato e que continuarán neste para solventar esta situación.

Pero si que é certo que a dubidosa legalidade dos puntos que se acordan ou que se queren aprobar, pois a verdade é que son, incluso, se me permiten con ton irónico, ese complemento docente e transitorio son o sobre. E nós de sobres aquí a verdade é que non entendemos moito, non?

E polo tanto aquelas cuestións que xeren dúbidas ou que se cuestionen a propia legalidade. Pero é certo que ese é un problema xeneralizado, o do persoal que temos, non so, desgraciadamente, na banda de música. Eu, no ano 2010, neste Concello había máis de 800 traballadores e no ano 2015, cando entrei como

alcaldesa, o número era 540. Máis de... Ou case 300 traballadores menos, cando a cidade vai incrementando e as necesidades son maiores e os recursos necesitan de persoal para poder sacalos adiante.

Levamos moito tempo sen falar da lei Montoro e do señor Montoro, pero "daqueles "barros estes lodos", porque esa taxa de reposición que nos quitou autonomía e nos tratan, coma sempre, como o irmán menor da administración, e a administración non é piramidal, cada un ten as súas competencias, e non nos deixan exercer as nosas competencias e non nos permiten tampouco adaptarnos ás nosas necesidades, pois nos puxeron na situación na que estamos a día de hoxe. Evidentemente, son moitos os servizos, algúns servizos esenciais e obrigatorios, e que non se poden tampouco buscar axudas externas para poder desenvolverlos, pois hai que facelo co persoal da casa.

Afortunadamente, a día de hoxe, pois xa estamos en máis de 650 traballadores, co cal xa temos incrementado en máis de 100 o persoal municipal.

E aínda así é mermado. É un persoal, pois, limitado para todo o volume de traballo e necesidades que temos. A Banda de Música é algo e que nós queremos conservar e preservar, coas dificultades que hai, e así o temos manifestado e así seguiremos a traballar neste eido para facer esa reclasificación e poder non só dotalo desa seguridade tamén xurídica. Esa carreira profesional, que nós avogamos por ela, que por certo tampouco temos nos últimos anos impulsado moitísimo a carreira profesional interna desta casa, de moitos traballadores e traballadoras, empezando por auxiliares administrativos ou técnicos da administración xeral para que tamén puidesen desenvolver o seu proxecto vital e profesional dentro da administración local.

E seguiremos nesa liña, máis aló dentro das posibilidades tamén de poder seguir incrementando e dotando de persoal a todos os servizos, incluída tamén a Banda Municipal de Música.

É unha mágoa que esa autoenmenda non a fixese pois ao mellor na primeira intervención ou na segunda para que o portavoz que estaba defendendo puidera dicilo. Polo tanto, votárase a proposta integramente, tal e como se presentou, e procedemos á súa votación.

Votos...

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** ... unha cuestión de orde... Da proposición, propoño a votación por puntos. No punto primeiro irá o complemento transitorio e no punto segundo irá o que lin despois da autoenmenda.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Non cabe na administración local, polo regulamento. Xa se debateu noutras moitas outras ocasións e pediuse noutras sesións plenarias a votación por puntos e non cabe a votación por puntos.

Polo tanto, votamos integramente a proposta tal e como se presentou.

## **B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

## TESOUREIRA

### 17/116 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2023.

Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, **DÁSELLE CONTA** ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao primeiro trimestre de 2023 emitido pola Tesoureira Municipal en data 27 de abril de 2023 e que literalmente di:

**«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2023.**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego*

- *Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*

- *Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debida comercial no sector público.*

- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).*

- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).*

- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostentabilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

- Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

#### **INFORME.**

**PRIMEIRO.** A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define ésta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramento de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas

*regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o deveción automático de xuros da débeda impagada.*

*Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.*

*Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.*

*Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.*

**SEGUNDO.** *O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que*

*«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.*

*4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».*

**TERCEIRO.** *Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 31 de marzo de 2023, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:*

### **1. Obrigas pagadas en prazo.**

*No primeiro trimestre do ano 2023 realizouse o pagamento de 769 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 16.584.751,11 euros. De ditas*

facturas, 378 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 6.571.751,21 euros.

**O número de facturas pagadas en prazo supón o 49,15% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 39,63% do total pagado.**

### **2. Obrigas pagadas fora prazo.**

No primeiro trimestre do ano 2023 realizouse o pagamento de 769 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 16.584.751,11 euros. De ditas facturas, 391 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 10.012.999,90 euros.

**O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 50,85% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 60,37% do total pagado.**

### **3. Período medio de pago.**

O período medio de pago (PMPE) é de **96,28 días**.

### **4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.**

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 31 de marzo de 2023 1.756, que representan un importe global total de 14.700.988,42 euros.

Das anteditas facturas, 921, 7.716.803,84 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 835 restantes, 6.984.184,58 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

### **5. Período medio de pago pendente.**

O período medio de pago pendente (PMPP) é de **77,53 días**.

### **6. Xuros de demora.**

Durante o primeiro trimestre de 2023 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

### **7. Períodos medios de pago mensuais:**

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

<b>Períodos de PMP incluídos</b>	<b>PMP (días)</b>
Xaneiro 2023	28,64
Febreiro 2023	7,15
Marzo 2023	12,53

**CUARTO.** De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

**QUINTO.** Os datos do primeiro trimestre 2023 seguen a reflectir unha ralentización no procedemento de tramitación das facturas que levou a un empeoramento dos

datos e a un incumprimento de novo dos prazos de morosidade trimestrais, aumentando tanto o PMPE como o PMPP respecto ao trimestre anterior.

A porcentaxe do número de facturas pagadas dentro do prazo legal e o importe total pagado en prazo diminúe respecto ao trimestre anterior, acadando un total de 769 facturas por un importe de 16.584.751,11 euros.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para alteralos datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. A sinatura do novo contrato de subministración de enerxía eléctrica as instalacións municipais do Concello de Lugo permitiu acadar un lixeiro mellor control das facturas, así como unha melloría na xestión do procedemento de conformidade e tramitación das mesmas. Sen embargo, **a situación actual do contrato, vencido e en reparo**, está a alterar de novo os datos de morosidade.

Igualmente, no primeiro trimestre do exercicio soe producirse unha ralentización na tramitación das facturas vinculadas a incorporación de remanentes de crédito do exercicio anterior que non se pode aprobar ata a aprobación da liquidación presupostaria.

Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**, o que pon de manifesto **que durante o primeiro trimestre de 2023 NON EXISTIU un problema de liquidez nin imposibilidade financeira ningunha para poder afrontar os pagamentos municipais**. De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a aprobación das facturas ata o seu pago efectivo, o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello coaduxeron á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas.

Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade están a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na



**tramitación administrativa das facturas pero en ningún caso un problema financeiro ou de liquidez para atender en prazo os pagamentos.**

**SEXTO.** *Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en contía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademais de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.*

*Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no primeiro trimestre de 2023 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes.*

**Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».**

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**18/117 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2023.**

Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, **DÁSELLE CONTA** ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao segundo trimestre de 2023 emitido pola Tesoureira Municipal en data 02 de agosto de 2023 e que literalmente di:

**«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2023.**

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio,*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

*en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*- Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego*

*- Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

*- Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*

*- Lei 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

*- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.*

*- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).*

*- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).*

*- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*

*- Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

### **INFORME.**

**PRIMEIRO.** *A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define esta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do*

*principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.*

*O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.*

*Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramento de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o decheño automático de xuros da débeda impagada.*

*Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que si pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.*

*Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.*

*Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.*

**SEGUNDO.** O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que

«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».

**TERCEIRO.** Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 30 de xuño de 2023, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

#### **1. Obrigas pagadas en prazo.**

No segundo trimestre do ano 2023 realizouse o pagamento de 1.531 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 17.112.041,74 euros. De ditas facturas, 782 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 10.015.427,03 euros.

**O número de facturas pagadas en prazo supón o 52,12% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 58,53% do total pagado.**

#### **2. Obrigas pagadas fora prazo.**

No segundo trimestre do ano 2023 realizouse o pagamento de 1.531 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 17.112.041,74 euros. De ditas facturas, 749 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 7.096.614,71 euros.

**O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 48,92% do total de facturas, e o importe pagado fóra de prazo supón o 41,47% do total pagado.**

#### **3. Período medio de pago.**

O período medio de pago (PMPE) é de **66,43 días**.

#### **4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.**

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 30 de xuño de 2023 1.610, que representan un importe global total de 13.854.074,47 euros.

Das anteditas facturas, 713, 6.873.072,57 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 897 restantes, 6.981.001,90 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

#### **5. Período medio de pago pendente.**

O período medio de pago pendente (PMPP) é de **97,68 días**.

#### **6. Xuros de demora.**

Durante o segundo trimestre de 2023 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

#### **7. Períodos medios de pago mensuais:**

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

<b>Períodos de PMP incluídos</b>	<b>PMP (días)</b>
Abril 2023	11,10
Maio 2023	14,42
Xuño 2023	17,26

**CUARTO.** De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

**QUINTO.** Os datos do segundo trimestre 2023 seguen a reflectir unha ralentización no procedemento de tramitación das facturas que levou a un empeoramento dos datos e a un incumprimento de novo dos prazos de morosidade trimestrais; sen embargo, neste trimestre o PMPE diminúe, aumentando o PMPP respecto ao trimestre anterior.

A porcentaxe do número de facturas pagadas dentro do prazo legal mantense similar e o importe total pagado en prazo diminúe respecto ao trimestre anterior, acadando un total de 782 facturas por un importe de 10.015.427,03 euros.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para alteralos datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. A sinatura do novo contrato de subministración de enerxía eléctrica as instalacións municipais do Concello de Lugo permitiu acadar un lixeiro mellor control das facturas, así como

unha melloría na xestión do procedemento de conformidade e tramitación das mesmas. Sen embargo, **a situación actual do contrato, vencido e en reparo**, está a alterar de novo os datos de morosidade.

Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**, o que pon de manifesto **que durante o segundo trimestre de 2023 non existiu un problema de liquidez nin imposibilidade financeira ningunha que impedira poder afrontar os pagamentos municipais dentro do período medio de pago**. De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a aprobación das facturas ata o seu pago efectivo, o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello coadxuvan á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas.

**Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas.**

**SEXTO.** Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en contía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademais de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.

Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no segundo trimestre de 2023 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes.

**Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».**

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**MESES DE ABRIL A AGOSTO DE 2023.**

En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante os meses de abril a agosto de 2023, coa numeración 46/2023 a 99/2023.

Do 01 de abril ao 31 de agosto de 2023 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2023/T030/000047	Resolución Tesourería.- RECURSO REPOSICION DILIXENCIA EMBARGO (IVTM 2016-2022) VICTOR MARCO SOLER	2023/46	14/04/2023
2023/T030/000050	Resolución Tesourería O PAN DE PAIS SL Deixar sen efecto providencia de constrinximento 3T/22 e 2T22 Auga e a dilixencia de embargo	2023/47	27/04/2023
2023/T030/000048	Resolución Tesourería.- Recurso reposición Rocío Díaz Ares contra o requirimento de pago a sucesores de entidades sen personalidade disoltas expte 47010000052048	2023/48	27/04/2023
2023/T030/000049	Resolución Tesourería MECANOX RATÓN SLU Deixar sen efecto providencia de constrinximento IVTM/22	2023/49	27/04/2023
2023/T030/000051	Resolución Tesourería MARIA CARMEN SANMARTIN BLANCO Deixar sen efecto providencia de constrinximento en concepto de auga, lixo e sumidoiros polos exercicios 2016-2019	2023/50	28/04/2023
2023/T030/000052	Resolución Tesourería recurso reposición contra dilixencia de embargo Instituto Galego da Vivenda e Solo-IGVS	2023/51	04/05/2023
2023/T030/000053	Resolución Tesourería RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO MULTAS DE ADRIAN PEREZ MONTERO	2023/52	04/05/2023
2023/T030/000054	Resolucións Tesourería ANULACION PROVIDENCIAS DE CONSTRINXIMENTO do IGVS	2023/53	08/05/2023
2023/T030/000055	Resolución Tesourería anulación providencias de constrinximento e dilixencias de embargo baixas valores marzo 2023	2023/54	11/05/2023
2023/T030/000056	Resolución Tesourería.- RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO JORGE PÉREZ CEIDE	2023/55	12/05/2023
2023/T030/000058	Resolución Tesourería.- RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA DE APREMIO en relación aos recibos de auga do 2T,3T,4T/20 de JOSE LOPEZ FERNANDEZ	2023/56	12/05/2023
2023/T030/000057	Resolución Tesourería.- RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA DE APREMIO IBI/22 EVANGELINA	2023/57	12/05/2023

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

	CORRAL LORENZO		
2023/T030/000059	Resolución Tesourería.- RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA DE APREMIO IIVTNU CLARA RODRIGUEZ MORAN	2023/58	12/05/2023
2023/T030/000060	Resolución Tesourería.- Contestación escrito presentado por ELADIO VILLARES CALDEIRO en relación co embargo da pensión clases pasivas.	2023/59	15/05/2023
2023/T030/000062	Resolución Tesourería.- RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA APREMIO NURIA PEREZ CEIDE dunha multa 2021-C-0001794	2023/60	18/05/2023
2023/T030/000061	Resolución Tesourería ROSA MARÍA VÁZQUEZ GONZÁLEZ Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo do IVTM/21	2023/61	18/05/2023
2023/T030/000063	Resolución Tesourería ANGELES ROZAS DOMINGUEZ Deixar sen efecto providencia de constrinximento do IVTM/21	2023/62	18/05/2023
2023/T030/000064	Resolución Tesourería.- RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA APREMIO MARCOS RODRIGUEZ VARELA dunha multa 2021-C-00002323	2023/63	19/05/2023
2023/T030/000066	Resolución Tesourería FRANCISCO MUÑOZ CALVO Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia do expediente sancionador en materia de tráfico 2019-B-00000263	2023/64	26/05/2023
2023/T030/000065	Resolución Tesourería MIGUEL MARTINEZ VARELA Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo do IVTM 2016-2019	2023/65	26/05/2023
2023/T030/000067	Resolución Tesourería.- Contestación ás alegacións MANUEL GANDOY RODRÍGUEZ ante tramite de audiencia do inicio de expte.responsabilidade subsidiaria nº 47010000051915.	2023/66	26/05/2023
2023/T030/000069	Resolución Tesourería.- Contestación recurso reposición CONCEPCIÓN BRUZOS LAMAS ante o requerimento de pago debedas IBI (Expte 47010000051)	2023/67	26/05/2023
2023/T030/000068	Resolución Tesourería.- Contestación ás alegacións MARIA EUGENIA LÓPEZ ARIAS ante tramite de audiencia do inicio de expte.responsabilidade subsidiaria nº 47010000051915.	2023/68	26/05/2023
2023/T030/000070	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento PRODUCCIONES RAFAGAS S.L (multa 2018-B-0000243)	2023/69	30/05/2023
2023/T030/000071	Resolución Tesourería.- RECURSO REPOSICION REQUERIMENTO PAGO UNICAJA BANCO SA nº expte.47010000052054	2023/70	02/06/2023
2023/T030/000072	Resolución Tesourería anulación providencias de constrinximento e dilixencias de embargo baixas valores abril 2023	2023/71	02/06/2023
2023/T030/000073	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo MONICA Mª LÓPEZ-PERALTA PITA DA VEIGA (Multa 2017-R-00002140)	2023/72	05/06/2023
2023/T030/000074	Resolución Tesourería LUIS MARIA CODESAL MÉNDEZ Deixar sen efecto providencia de constrinximento do IVTM/22	2023/73	05/06/2023
2023/T030/000075	Resolución Tesourería comunicación nova débeda a IGVS-DRS Vázquez Pereira M. Aurora	2023/74	09/06/2023
2023/T030/000076	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo de contas MANUEL REBOLO GORGOSO	2023/75	09/06/2023
023/T030/000077	Resolución Tesourería.-Recurso reposición dilixencia de embargo SALAH ELMESKINI Multa	2023/76	13/06/2023



	Expte.2012EXP47004893		
2023/T030/000079	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia apremio DANIEL DIAZ RODRIGUEZ (multa)	2023/77	14/06/2023
2023/T030/000078	Resolución Tesourería.- Retroacción procedemento de constrinximento JOSE CAMPO SUAREZ do SAF 4T/22 e Xantar no Fogar 12/22,02/23 e 03/23	2023/78	14/06/2023
2023/T030/000080	Resolución Tesourería.- Recurso reposición MONICA CUESTA REGUEIRO dilixencia de embargo	2023/79	19/06/2023
2023/T030/000081	Resolución Tesourería.- Requerimento de pago por regularización de auga CARLOS VILANOVA ARIAS (Expediente 4701000052500 Juan Antonio Pena Rivero Herencia Yacente)	2023/80	20/06/2023
2023/T030/000082	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento AVANZA DIGITAL MARKETING SL	2023/81	22/06/2023
2023/T030/000083	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo Mª ANGELES VILLANUEVA VARELA (4T/21 AUGA)	2023/82	22/06/2023
2023/T030/000084	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia apremio CARLOS PARDO GÓMEZ (Multas 2020-A-00005266 e 2020-A-00005277)	2023/83	22/06/2023
2023/T030/000085	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de embargo GUSTAVO OTERO ABELEDO (presentado por Angela Dapena Pérez) recibos de auga 2T,3T,4T/22	2023/84	23/06/2023
2023/T030/000087	Resolución Tesourería.- Recurso Reposición providencia constrinximento JOSE LUIS TORRES LÓPEZ	2023/85	03/07/2023
2023/T030/000088	Resolución Tesourería.- Alegacións contra a dilixencia de embargo de contas entidade financeira presentado por JOSÉ LUIS LÓPEZ RUÍZ	2023/86	06/07/2023
2023/T030/000089	Resolución Tesourería.- Recurso Reposición contra dilixencia de embargo (Multa 2021-C-00002599) GENEROSA REBOLO NLANDU	2023/87	07/07/2023
2023/T030/000090	Resolución Tesourería.- Recurso Reposición providencia apremio IVTM/22 JUAN CARLOS QUINDOS LINDIN.	2023/88	13/07/2023
2023/T030/000091	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo de salarios ANA Mª PIÑEIRO RAMOS	2023/89	17/07/2023
2023/T030/000092	Resolución Tesourería.- Recurso reposición contra a providencia de constrinximento JOSE JESÚS NOVOA GÓMEZ deudas auga 2T,3T,4T/20 en Río Narla, 44 6ºC.	2023/90	18/07/2023
2023/T030/000093	Resolución Tesourería Mª JESÚS MÉNDEZ DOEL Deixar sen efecto providencia de constrinximento IVTM/22	2023/91	19/07/2023
2023/T030/000094	Resolución Tesourería IGOR ANTONIO DE LAS HERAS LIÑERO Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo IVTM exercicios 2021 e 2022	2023/92	19/07/2023
2023/T030/000095	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo MANUEL GIL ROMERO	2023/93	21/07/2023
2023/T030/000097	Resolución Tesourería anulación providencia de constrinximento e dilixencias de embargo baixas xuño	2023/94	03/08/2023
2023/T030/000098	Resolución Tesourería recurso reposición contra dilixencia de embargo Piña Balboa José Alberto	2023/95	14/08/2023
2023/T030/000099	Resolución Tesourería SAMUEL ABEL VLAD Deixar sen	2023/96	23/08/2023

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

	efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo IVTM exercicio 2019		
2023/T030/000100	Resolución Tesourería INFINITUM ECOMERCE SLU (Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo IVTM exercicio 2019-2022) matrícula 3897 GXT	2023/97	23/08/2023
2023/T030/000101	Resolución Tesourería José Carlos Jardinerio Miranda Deixar sen efecto providencia de constrinximento ano 2022 matrícula LE-5819-AF	2023/98	23/08/2023
2023/T030/000102	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia apremio ESTELA LUCIA RODRIGUEZ MUÑOZ (Multa 202-P-00007436)	2023/99	28/08/2023

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

### INTERVENCIÓN

#### **20/119 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2023.**

En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2023, remítese información ao Excmo. Concello Pleno, da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2023, en base á información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, segundo anexo que obra no expediente.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

### ACTAS E GOBERNO

#### **21/120 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 7 DE XULLO DE 2023, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2023 (Exp. 2023/G004/000760).**

En conformidade co informe do vicesecretario accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento

orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 7 de xullo de 2023, coa numeración 6169/2023 a 7995/2023, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2023.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**22/121 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 6918/2023, DO 8 DE AGOSTO, NO QUE SE MODIFICA A ADSCRICIÓN DOS MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR ÁS COMISIÓNS DE PLENO QUE NEL SE INDICAN (2023/G004/000726).**

Ó Excmo. Concello Pleno dáselle conta do Decreto número 6918/2023, do 8 de agosto que, a seguir, se transcribe:

“Excmo. Sr. alcalde en funcións do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

Na sesión plenaria celebrada o pasado día 27 de xullo de 2023, deuse conta do Decreto número 6507/2023, do 20 de xullo, relativo á composición das comisións permanentes ordinarias e permanentes especiais do Pleno e designacións de presidentes/as e vicepresidentes/as delas.

Posteriormente, o 3 de agosto de 2023, a voceira do Grupo Municipal do Partido Popular presentou o escrito número 172/2023 de rexistro do Pleno, que modifica as adscricións do referido grupo, como se indica a continuación:

**COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL:**

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Flora Rubinos Rois (que actuará como portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

**COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓN E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA:**

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Enrique Ceferino Rozas López (que actuará de portavoz), dona María del Mar Carballas Piñeiro, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

**COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL:**

Grupo Municipal do Partido Popular

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará de portavoz), dona Silvia Colmenero Guzmán, don Agustín Gallego Vigo e dona Aurora Aida Goás Castro.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

### **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA E SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS:**

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María Elena Candía López (que actuará de portavoz), don Gustavo Enrique Díaz Rey, don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez e don Javier Vázquez Prado.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4.g) da Lei de bases de réxime local e 124 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, **RESOLVE:**

Primeiro.- Modificar **-no que atinxe á adscrición dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular-** o Decreto número 6507/2023, do 20 de xullo, relativo á composición das comisións permanentes ordinarias e permanentes especiais do Pleno e designacións de presidentes/as e vicepresidentes/as delas, de conformidade co escrito presentado pola voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, que quedará redactado como segue:

‘Excm. Sra. alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López.

Vistos os acordos plenarios números 4/76 e 5/77 da sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023, polos que se aprobaron, respectivamente, as propostas da Alcaldía relativas á creación e composición das comisións permanentes ordinarias e permanentes especiais do Pleno; vistos os escritos dos voceiros dos distintos grupos municipais nos que se designan os membros que formarán parte delas en representación de cada grupo, así como aos e ás que exercerán como portavoces; vistas as actas de constitución das ditas comisións celebradas o día 20 de xullo de 2023, nas que se procedeu, entre outros aspectos, á elección de presidentes/as e vicepresidentes/as delas, e de conformidade co disposto nos artigos 118.1 e 124 do Regulamento orgánico municipal do Pleno, **RESOLVO:**

Primeiro.- Efectuar, de conformidade cos escritos presentados polos voceiros dos distintos grupos municipais, o nomeamento dos membros das comisións permanentes ordinarias e especiais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seo das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

### **- COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Miguel Fernández Méndez (que actuará como portavoz), dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo e dona Olga López Racamonde.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Flora Rubinos Rois (que actuará como portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

**Presidente e vicepresidenta e data de celebración:**

- Presidente: don Miguel Fernández Méndez

- Vicepresidenta: dona Paula Alvarellos Fondo

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas.

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), dona Ana María González Abelleira e don Jorge Bustos Atanasio.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará de portavoz), dona Silvia Colmenero Guzmán, don Agustín Gallego Vigo e dona Aurora Aida Goás Castro.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

**Presidente e vicepresidenta e data de celebración:**

- Presidente: don Mauricio Victorio Repetto Morbán.

- Vicepresidenta: dona Ana María González Abelleira.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.30 horas.

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), dona Ana María González Abelleira e don Jorge Bustos Atanasio.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

### Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxó Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Alexandre Penas Roibás, dona María Cristina López Fernández e don Felipe Rivas Jorge.

### Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Javier Vázquez Prado, don Ramón Cabarcos Rodríguez, dona Aurora Aida Goás Castro e don Agustín Gallego Vigo (que actuará de portavoz).

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

### **Presidente e vicepresidenta e data de celebración:**

- Presidente: don Rubén Arroxó Fernández.

- Vicepresidenta: dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas.

## - **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA E SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

Composición (en representación dos grupos municipais):

### Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo (que actuará como portavoz), don Ángel Pablo Permuy Villanueva e don Miguel Fernández Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

### Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e don Alexandre Penas Roibás.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e don Felipe Rivas Jorge.

### Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María Elena Candía López (que actuará de portavoz), don Gustavo Enrique Díaz Rey, don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez e don Javier Vázquez Prado.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

### **Presidenta e vicepresidente e data de celebración:**

- Presidenta: dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

- Vicepresidente: don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Miguel Fernández Méndez (que actuará como portavoz), dona Olga López Racamonde e don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, don Alexandre Penas Roibás e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Enrique Ceferino Rozas López (que actuará de portavoz), dona María del Mar Carballas Piñeiro, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

**Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:**

- Presidenta: dona María Cristina López Fernández.

- Vicepresidenta: dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas.

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase.”

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**23/122 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 7343/2023, DO 22 DE AGOSTO DE 2023, POLO QUE SE MODIFICA O NÚMERO 5756/2023, DO 21 DE XUÑO DE 2023, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN 2023-2027: XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS (2023/G004/000733).**

Ó Excmo. Concello Pleno dáselle conta do Decreto número 7343/2023, do 22 de

agosto de 2023 - polo que se modifica o número 5756/2023, do 21 de xuño de 2023- que, a seguir, se transcribe:

**“Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López.**

Con data do 21 de xuño de 2023 aprobouse o Decreto 5756/2023, de organización municipal.

Posteriormente detectáronse varios erros, entre os que se atopan as denominacións de dependencias e servizos, e a necesidade de incorporar no **parágrafo resolutivo NOVENO** o seguinte texto: *‘Corresponderalles ás e aos tenentas e tenentes de alcaldesa delegados de área e ás e aos concelleiras/as delegadas/os o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada’.*

Á vista do exposto e en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), esta Alcaldía **RESOLVE** rectificar o Decreto 5756/2023, do 21 de xuño, de organización municipal, no que atinxe ás denominacións de varias dependencias e servizos e á incorporación dun novo apartado no parágrafo resolutivo NOVENO, de tal maneira que quedará redactado como segue:

‘O pasado día 17 de xuño de 2023, constituíuse a corporación municipal resultante do proceso electoral celebrado o día 28 de maio de 2023, e tendo en conta a necesidade de asegurar o normal funcionamento dos servizos municipais, esta Alcaldía, en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Deixar sen efecto o Decreto número 2973/2021, do 16 de abril de 2021, que contiña as disposicións vixentes ata o 16 de xuño de 2023 en materia de organización municipal.

**SEGUNDO.-** Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia da Excma. Sra. alcaldesa, dona Lara Méndez López, membros da XUNTA DE GOBERNO LOCAL os seguintes:

- Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- Sra. D.<sup>a</sup> Mercedes Paula Alvarellós Fondo
- Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- Sra. D.<sup>a</sup> Ana María González Abelleira
- Sr. D. Rubén Arroxó Fernández
- Sra. D.<sup>a</sup> Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.<sup>a</sup> María Cristina López Fernández

**TERCEIRO.-** Designar concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local a



don Miguel Fernández Méndez e primeiro e segunda suplentes deste aos concelleiros don Rubén Arroxó Fernández e dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, respectivamente.

Ás súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu concelleiro secretario e o interventor xeral municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

**CUARTO.-** A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os mércores ás dez horas, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria. A devandita sesión será presencial, sen prexuízo de que se poida celebrar de xeito telemático en casos excepcionais. Deberáselles preavisar, para tal efecto, con carácter previo, aos membros deste órgano colexiado.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

**QUINTO.-** Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de alcaldesa as seguintes concelleiras e concelleiros. Quedará establecida a seguinte orde para as **tenentas e tenentes de alcaldesa:**

- primeiro tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxó Fernández
- segundo tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- terceira tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Mercedes Paula Alvarellos Fondo
- cuarta tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- quinto tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- sexta tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Ana María González Abelleira
- sétima tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> María Cristina López Fernández

As tenentas e os tenentes de alcaldesa substituirán a alcaldesa pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

**SEXTO.-** Determinar a denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** segundo o seguinte detalle:

**ÁREA DE ALCALDÍA**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos proxectos estratéxicos de transformación da cidade, así como a "Axenda 2030 para un desenvolvemento sostible", sen prexuízo de que o seu seguimento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outra área, que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estratexias de xestión dos fondos europeos, goberno municipal e organización dos servizos administrativos e relacións institucionais con todo tipo de organismos ou entidades públicos e privados, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes órganos directivos:

- Secretaría Xeral do Pleno

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local
- Asesoría Xurídica
- Intervención Xeral
- Secretaría da Administración municipal

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Actas, Sección de Administración Municipal, Gabinete de Normalización Lingüística, Asesoría Xurídica, Servizo de Intervención, Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa, Conserxería e Notificadores, Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Parque Móbil municipal e Oficina EDUSI.

Así mesmo, adscríbese a esta área a dona Marta Carballal Neira, adxunta ao xefe de servizo de Enxeñería para a colaboración naqueles proxectos estratéxicos que designe a alcaldesa.

### **ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medio ambiente e cambio climático,
- xestión enerxética eficiente,
- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria,
- parques e xardíns e zonas verdes,
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM),
- vixilancia do acondicionamento de espazos libres de maleza,
- almacenamento de verteduras incontroladas,
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes e
- conservación, limpeza e obras ordinarias en vías públicas e infraestruturas

do ámbito rural.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade Administrativa de Parques e Xardíns, a Brigada de Augas e Saneamento, Unidade de Zona Rural, Parque Móbil e Brigada e Parque de Maquinaria.

### **ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,

- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal e
- contratación local, fomento da actividade de interese público e patrimonio municipal.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación, Oficina de Arqueoloxía, Servizo de Contratación e Patrimonio, Servizo de Fomento e Empresa Municipal de Vivenda e Solo -EVISLUSA-.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- xestión e xeración de recursos económicos,
- contabilidade,
- tesourería e recadación,
- facenda local e xestión e inspección tributaria,
- médica municipal e
- xestión do persoal ao servizo da corporación local.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta concellería os seguintes **órganos directivos**:

Tesourería Xeral (órgano de xestión económico-financeira), que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesourería, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería, Servizo de Facenda Local, Servizo de Inspección de Tributos, órgano orzamentario e de contabilidade, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Servizo de Informática e Servizo de Persoal.

Esta **ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS -posto directivo creado por acordo número 7/122 da sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2016- coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de recursos humanos. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte do Servizo de Persoal.

### **ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- fomento e promoción da actividade económica,
- fomento e promoción do comercio,
- formación e fomento do emprego,
- estratexias xerais de desenvolvemento local,
- festivais musicais e de artes para o desenvolvemento local (Caudal Fest) e
- seguimento da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local e CEI- NODUS.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE XUVENTUDE E DEPORTES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude,
- prevención das drogodependencias,
- Casa da Música,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte e
- ARDE LUCUS.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: puntos de información xuvenil, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa de Música e Sección de Deportes.

### **ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da igualdade e da diversidade en todos os eidos,
- organizacións non gobernamentais,
- minorías étnicas e inclusión social,
- emigración e inmigración,
- centros de dinamización rural e
- dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Centro de Atención á

Muller, centros de dinamización rural e Casa “Clara Campoamor”.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios especializados),
- instalacións e equipamentos de carácter social,
- intervención na adxudicación das vivendas sociais,
- pisos de emerxencia social para erradicar a exclusión social,
- voluntariado social,
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte e
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, Fogar do Transeúnte, pisos de acollida e Centro de Día “Antonio Gandoy”.

#### **ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- convenio Lugo cultural,
- actividades e instalacións e equipamentos culturais,
- festexos populares,
- bibliotecas públicas,
- museos e salas de exposicións,
- turismo e promoción da cidade,
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- Casa das Linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, museos e salas municipais de exposicións, auditorios municipais, bibliotecas municipais, Oficina de Turismo, Casa das Linguas, Banda de Música e Escola Municipal de Música.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- educación, centros docentes e equipamentos educativos,
- centro de educación infantil,
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e

- atención integral á infancia e adolescencia.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Educación e pedagogas municipais, centros de educación infantil, celadores de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico.

#### **ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- información e atención á cidadanía e participación cidadá,
- transparencia da información pública,
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es,
- atención á saúde,
- sanidade e protección da salubridade pública,
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá,
- estatística e padrón municipal,
- cemiterio e servizos funerarios,
- taboleiro de edictos,
- arquivo municipal e
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Rexistro e Participación cidadá, Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá, Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor, Arquivo municipal, Taboleiro de Edictos e Encargado e vixilantes de prazas e mercados.

#### **ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas,
- transporte público de viaxeiros/as,
- negociado de policía,
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico e
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes e brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER**

**ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías publicas, infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Enxeñería, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias).

**SÉTIMO.-** De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxó Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS.

Ao segundo tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL.

Á terceira tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Mercedes Paula Alvarellos Fondo, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS.

Á cuarta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Tareixa Antía Ferreiro Tallón, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

Ao quinto tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA.

Á sexta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Ana González Abelleira, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL.

Á sétima tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Cristina López Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA.

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentes de alcaldesa delegados de área son as xefas e os xefes da área que se lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

**OITAVO.-** Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentes de alcaldesa de acordo co seguinte:

**As e os tenentes de alcaldesa delegados de área**, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da

seguinte forma:

1. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas suplirao a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**
2. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural suplirao a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos.**
3. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica.**
4. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua supliraa a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Participación e Servizos para a veciñanza.**
5. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica suplirao a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social.**
6. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural.**
7. Á tenenta de alcaldesa delegada Área de Participación e Servizos para a Veciñanza supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.**

No caso de que se atopasen ausentes, a tenenta ou o tenente de alcaldesa titular dunha área e o seu suplente, a alcaldesa asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a Alcaldía.

**NOVENO.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.-** Delegar nas e nos tenentes de alcaldesa delegados de área e nos concelleiros/as delegados/as o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada,
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros,
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados,
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas e
- corresponderalle ao concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a el ou a outra área.
- Corresponderálles ás e aos tenentas e tenentes de alcaldesa delegados de área e ás e aos concelleiras/as delegadas/os o recoñecemento e liquidación de



obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada.

A alcaldesa **reservarase** para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables,
- a resolución dos recursos de reposición,
- exercicio das atribucións que lle corresponden á alcaldesa en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na ÁREA DA ALCALDÍA,
- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue,
- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno e
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

**DÉCIMO.-** As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

1 en DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS,**

2 en DON JORGE BUSTOS ATANASIO respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE XUVENTUDE E DEPORTES,**

3 en DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES,**

4 en DON FELIPE RIVAS JORGE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO e**

5 en DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE INFRAESTRUTURAS URBANAS.**

Supliranse as ausencias das/os concelleiras/os delegadas/os polas/os responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluírán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión da tenente de alcaldesa delegada ou tenente de alcaldesa delegado da área na que se encadra a correspondente concellería.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase **nas e nos tenentes de alcaldesa delegadas e delegados de área e concelleiras e concelleiros delegados** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

- "**visto e praxe**" das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública,

- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais,

- **anuncios e edictos**, agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985 e

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

### **DÉCIMO SEGUNDO.- VIXENCIA:**

1.- Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralles notificado ás e aos interesados, e as delegacións de atribucións conferidas para a súa eficacia-requirirán ser aceptadas por parte das/os delegadas/os, aceptación que se entenderá feita polo transcurso de **TRES DÍAS DENDE** a notificación sen que se fíxese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**24/123 DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 40/607 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24 DE XULLO DE 2023 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO (Exp. 2023/G004/000783).**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o acordo número 40/607 da Xunta de Goberno Local, do 26 de xullo de 2023, relativo á delegación de competencias deste órgano colexiado, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** da redacción do citado acordo 40/607 que é do seguinte teor:

“40/607 **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (CORPORACIÓN 2023-2027).**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto a proposta da alcaldesa, do 24 de xullo de 2023, na parte expositiva da cal se fai constar:

‘Constituída a Corporación Municipal o día 17 de xuño de 2023 e visto o Decreto número 5756/2023, do 21 de xuño de 2023, do Libro único de resolucións, no que -entre outros aspectos- se determina a composición da Xunta de Goberno Local, se nomea tenentas e tenentes de Alcaldesa, se crean as áreas de goberno e o seu ámbito material e se nomean as persoas titulares destas e das concellerías delegadas dentro das ditas áreas, faise preciso determinar o réxime de

competencias que mantén este órgano, así como as delegacións que vai efectuar nas e nos distintos tenentes de Alcaldesa titulares de áreas de goberno e nos concelleiros delegados e concelleiras delegadas, todo iso para garantir o inmediato e normal funcionamento dos servizos municipais e dos órganos que integran o goberno e administración municipais.'

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase** o exercicio das atribucións delegables seguintes:

- a) aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación de membros integrantes dos tribunais de selección;
- b) a provisión e adscrición dos postos de traballo de acordo co Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional das e dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado e demais disposicións aplicables;
- c) o nomeamento de persoal funcionario de carreira e contratado laboral fixo;
- d) a adquisición e alleamento do patrimonio;
- e) as concesións de todo tipo sobre bens de dominio público, salvo cemiterio;
- f) a aprobación de proxectos de obra; a aprobación do expediente de contratación, incluídos os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como a autorización do gasto e a apertura do procedemento de adxudicación e a cualificación de urxencia na tramitación do expediente, agás nos casos de que a tramitación do contrato correspondente se realice por procedemento aberto simplificado abreviado coas especialidades do artigo 159.6 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que se delega no/a tenente/a de alcaldesa delegado/a da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos.

Resérvase igualmente a adxudicación daqueles contratos que superen os límites establecidos no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, agás nos anteditos procedementos abreviados nos que, a adxudicación e adopción de actos de resolución definitiva dos expedientes de contratación se delega nos concelleiros delegados e concelleiras delegadas ou específicas ás que estean adscritas as unidades xestoras propoñentes do contrato.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Así mesmo resérvase a resolución dos recursos administrativos que se formulen en relación cos actos administrativos definitivos ou de trámite que se diten nos procedementos de contratación; a aprobación de modificacións contractuais; a autorización de cesións contractuais; a resolución de expedientes para a resolución dos contratos.

Exceptúase desta reserva a tramitación dos contratos menores;

- g) o outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas que se refiran á execución de obras e instalacións para as que a lexislación require a presentación de proxecto técnico ou sexan cualificadas de obra maior así como a aprobación das liquidacións tributarias que procedan por este concepto.
- h) o recoñecemento das situacións de fóra de ordenación, segundo a disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo;
- i) resolución dos expedientes de ordes de execución cando se requira proxecto técnico así como a adopción de medidas de execución forzosa previstas na lei;
- j) a aprobación do cadro repartición de contribucións especiais en obras de urbanización;
- k) as resolucións que lle corresponden nos expedientes de expropiación forzosa, agás a aprobación das liquidacións de xuros por mora;
- l) a concesión e denegación de licenzas de autotaxis e vehículos especiais;
- m) a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva e convenios reguladores das subvencións nominativas e a aprobación da actualización do Plan Estratégico de Subvencións.
- n) a aprobación de convenios interadministrativos e de colaboración a formalizar polo Concello.

**SEGUNDO.- Delegar nas e nos titulares das áreas de goberno e nos concelleiros delegados e concelleiras delegadas** o exercicio das atribucións que lle correspondan á Xunta de Goberno Local, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservara o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías.

**TERCEIRO.-** As delegacións acordadas nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos ditados, se é o caso, polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante. Corresponderalle ao órgano delegado a resolución dos recursos que poidan interpoñerse.
- a) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que, se é o caso, se ditan, de conformidade co que dispón o artigo 9 Lei 40/2015. Así nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas pola Xunta de Goberno Local farase constar expresamente esta circunstancia e a data deste acordo.
- b) O órgano delegante, sen prexuízo das facultades que lle corresponden á Concellería delegada de área á que corresponda, conservará as facultades de recibir información da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións emanados en virtude da delegación e a de ser informados previamente á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 ROF.
- c) A Xunta de Goberno Local poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas, de conformidade co establecido no artigo 9.6 da Lei 40/2015 e 116 ROF.
- d) A Xunta de Goberno Local poderá resolver, sen necesidade de avocación formal, en calquera momento daquelas competencias delegadas que pola súa importancia, transcendencia social ou outras consideracións ou xustifiquen sen que iso supoña alteración das delegacións de competencias e atribucións efectuadas de acordo co que dispón o artigo 10 Lei 40/2019 e 116 ROF.
- e) En ningún caso poderán delegarse as atribucións que se posúan á súa vez por delegación.
- f) As resolucións ditadas en virtude de delegación de atribucións poñerán fin á vía administrativa nos mesmos casos e termos que correspondería á actuación do órgano delegante.
- g) Nos supostos de ausencia de calquera clase das e dos titulares das áreas e dos e das titulares das concellerías delegadas as competencias a estas e estes atribuídas serán exercidas polas e polos seus substitutos legais, determinados por resolución da Alcaldía.
- h) As delegacións contempladas neste acordo non quedarán revogadas por cambio de titular da área ou de titular da concellería delegada salvo que expresamente así se determine.

CUARTO.- Derrogar o disposto nos acordos adoptados anteriormente pola Xunta de Goberno Local, en todo aquilo que se opoña ou contradiga o disposto neste acordo.

QUINTO.- Deste acordo daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos, á súa notificación a todas as persoas interesadas e á súa comunicación ás dependencias municipais.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

#### **ROGOS:**

**A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 205/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA Á ELABORACIÓN DUN LISTADO CON TODOS OS PARQUES INFANTÍS DE LUGO NO QUE CONSTE O SEU ESTADO ACTUAL E AS SÚAS DEFICIENCIAS E A ELABORACIÓN DUN PLAN PARA O SEU MANTEMENTO.**

Visto o citado rogo expresivo do seguinte teor:

O Grupo Municipal do Partido Popular segue facéndose eco das numerosas queixas recibidas polo estado no que se atopan os parques infantís de diversos barrios da nosa cidade.

Son numerosos os parques que seguen tendo o caucho do pavimento levantado, elementos deteriorados, cos peches perimetrais dos parques infantís rotos ou en claro estado de abandono.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se proceda á elaboración dunha lista con todos os parques infantís de Lugo no que consten o seu estado actual e as súas deficiencias.

Así mesmo, volvemos requirir ao goberno municipal da elaboración dun plan de mantemento destas áreas para que se garanta que se atopen en boas condicións de uso durante todo o ano.

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular, queren facer uso? Sí? Tres minutos.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Gracias, alcaldesa. En el pleno del pasado 27 de julio les traíamos un ruego por las condiciones en que se encontraban los parques infantiles de Marcos Cela, el de la inmediaciones de la Escuela Ramón Falcón, Aquilino Iglesia Alvariño y el Frigsa.

¿Qué tiene en común estos parques? Bueno, pues que están en estado de abandono, muy deteriorados, y que a día de hoy, señor Fernández, siguen sin arreglarlos. También requeríamos al gobierno municipal a la elaboración de un plan de mantenimiento de las áreas de juego para garantizar que estén en buenas condiciones de uso durante todo el año.

Dos meses después ni se han arreglado estos parques ni sabemos nada del Plan de mantenimiento de las áreas de juego.

Seguimos recibiendo quejas de los vecinos por el estado en el que se encuentran las zonas de juegos, como por ejemplo: parque del Cantiño, que está muy sucio, hasta el punto de quedar casi inutilizado.

El de la rúa Primavera con carril das Flores, en un gran estado de deterioro y que además le falta la valla de seguridad perimetral.

El de Sagrado Corazón o el de Agro do Rolo, a los que les falta un columpio.

Da igual que los vecinos presenten quejas, que las presentemos nosotros por registro o que les traigamos un ruego a pleno.

Señor Fernández, su respuesta en este tema sigue siendo la misma, ninguna.

Solo hay que tirar de hemeroteca para ver que ustedes año tras año dicen lo mismo. Año 2019: La Concejalía de Medio Ambiente prepara un plan de intervención y mejora de los parques infantiles.

Año 2021: Medio Ambiente prepara un ambicioso plan de intervención y mejora para acometer la renovación de los parques infantiles.

Año 2022: El Gobierno local tiene previsto llevar a cabo una reordenación y mejora de los parques infantiles.

Es cierto, es cierto que las noticias dicen "preparan", "tienen previsto", a lo mejor la culpa es de los que creíamos que además de prepararlas o de tenerlas previstas las iban a llevar a cabo.

Lo que yo no entiendo es que ustedes hablan de un modelo de ciudad en el que quieren estar a la vanguardia del urbanismo sostenible y hablan de un urbanismo bioclimático, de un Lugo biodinámico, de una estrategia de desarrollo urbano sostenible o de una estrategia de adaptación climática, pero lamentablemente lo hacen sobre el papel, porque la realidad es que no llegan a llevarlas a cabo.

Un año más, vemos que van tarde y que los lucenses siguen sufriendo su falta de gestión y de planificación. Ejemplo de ello son los parques del Castiñeiro e de Campo Castillo, que están en obras. Hubiese sido bueno que las empezasen y terminasen antes del verano, que es cuando más tiempo tienen los niños para disfrutar de ellos. Además es que en el caso del Castiñeiro les quitaron el parque infantil, pero las obras ni empezaron.

Desde el grupo municipal del Partido Popular volvemos a insistir, y por eso presentamos este ruego a pleno para que se elabore una lista con todos los parques infantiles de Lugo en la que conste su estado actual y sus deficiencias.

Además, volvemos a requerir al gobierno municipal la elaboración de plan de mantenimiento de estas áreas, para que se garantice que se encuentren en buenas condiciones de uso durante todo el año. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do goberno, o concelleiro de Medio Ambiente e Medio Rural.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, alcaldesa. Bo día a todos e a todas. Pois señora Mar Carballas, deixando de lado esas... ímolo deixar en inexactitudes

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

que vostede manifesta como que non se... entendín que non se empezaron as obras do parque infantil do Campo Castelo... do Castiñeiro, que están a piques de rematar. Probablemente esteamos falando de máximo 20 días ou un mes para que remate, por tanto ímolo deixar en inexactitude.

Mire, por suposto que temos elaborado ese estudo completo e concienzudo da situación de todos os parques da cidade, e por suposto que tamén somos coñecedores das necesidades, e incluso das incidencias que ocorren habitualmente en cada un deles.

E sabémolo ademais por varias vías. Mire, pola propia vixiancia por parte dos responsables do departamento, pola información que nos pasan, tanto a empresa encargada do mantemento como tamén as adxudicatarias da recollida de lixo de parques infantís, porque así llelo esiximos conscientemente nos pregos recentemente aprobados e os propios veciños directamente, polas diferentes formas, ben sexa liña verde, telefonicamente, correo electrónico ou directamente con cada un de nós.

Pero, mire, dado que é un tema que por máis datos e información que lle trasladamos nas distintas comisións e plenos que se celebran e o traen aquí, o seguen traendo de forma recorrente, eu o que vou facer é que para que non quede a máis mínima dúbida, que non teña dúbida de se lle damos unha información sesgada, incompleta, etcétera, voulle... e ademais, para que dunha vez se dean por enterados de que se está traballando e moito nesta área, en palabras do señor Ameijide que agora non está, pois vaiamos todos caendo a burra, verdade? Pois voulles dar a lectura dun informe moi recente dos responsables da área que me parece a min que é moi esclarecedor.

E di así: "O Concello de Lugo dispón na actualidade de 84 áreas de xogos infantís e biosaludables, que se manteñen a través dun contrato asinado coa empresa Lappsett España, por un importe anual de 67.274 euros.

Dita empresa, dentro das súas labores de conservación e mantemento, facilita a este servizo partes diarias, coas actuacións que leva a cabo, mediante o envío de mails con fotografías e observacións de ditas actuacións.

Así mesmo, a empresa recolle todas estas modificacións e incidencias nun documento resumo trimestral, que facilita ao Concello co obxecto de realizar un seguimento dos traballos, e ademais de estar permanentemente en contacto con este servizo e comunicar inmediatamente calquera incidencia que produza.

As incidencias máis habituais nestas áreas de xogo son: roturas e deterioro do valado perimetral, algunhas debidas ao uso ou ás inclemencias meteorolóxicas; deterioro do chan de caucho; rotura de cordas: varandas; tornillería; elementos de xogo, etcétera, debidos tamén algúns á antigüidade dos xogos, a actos vandálicos.

Para todas estas incidencias, o tempo de resposta é case inmediato (polo que di aquí o responsable do servizo) xa que en canto se detectan problemas envíase un aviso á empresa mantedora e queda solucionado no mesmo día, agás nos casos nos que se fai preciso pedir algunha peza. Neste suposto, se a incidencia pode ocasionar un perigo, o xogo queda precintado ata que se poida executar...



- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Acabou o seu tempo, moitas grazas.

**B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 206/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A IMPULSAR A CESIÓN DO TRAMO DA NVI QUE TRANSCORRE POR NADELA COAS ACCIÓNS PRECISAS ANTE O GOBERNO CENTRAL E SE PROCEDA A INFORMAR AO GRUPO DA OPOSICIÓN DOS POSIBLES AVANCES QUE SE VAIAN PRODUCINDO.**

Visto o citado rogo expresivo do seguinte teor:

En xaneiro de 2023 o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba a comisión unhas preguntas sobre a cesión do tramo da NVI que transcorre por Nadela. Naquel momento o sr. Fernández manifestaba que era unha vella demanda dos veciños na que estaba a traballar directamente a sra. Alcadesa.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se proceda impulsar esta cesión coas accións precisas ante o Goberno Central e asimesmo se proceda a informar ao grupo da oposición dos posibles avances que se vaian producindo.

#### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular. Si, señor Rozas. Tres minutos.

- **ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Buenos días a todos. En enero de este año nuestro grupo presentaba a comisión unas preguntas sobre la cesión del tramo de la Nacional VI que transcurre por Nadela

En aquel momento el señor Fernández manifestaba que era una vieja demanda de los vecinos y que se estaba trabajando directamente en ella por parte de la señora alcadesa.

Traemos este ruego al pleno para que se proceda a impulsar esta cesión con las acciones precisas ante el gobierno central y si tienen a bien nos informen al grupo de la oposición de cómo están hechas esas gestiones. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do Goberno, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas de novo. A ver se resumo agora un pouco máis. Imos ver.

Moi brevemente, porque é un pouco máis do mesmo. Efectivamente no pleno ao que se refire xa lles informamos de que era un tema que nós tiñamos comprometido e no que estabamos traballando.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Pero, unha vez máis, e dígoo con pesar, cando o Partido Popular se dá conta de que estamos avanzando nun tema, pois non sei por que lles entran as présas e tratan de presionar, como é o caso.

Mire, vostedes debían de coñecer, e seguramente coñezan, pero non o din, que as negociacións entre distintas administracións requiren os seus tempos, claro, os seus prazos, a súa tramitación, as súas reunións, a súa carencia, etcétera, vale?

Para precisamente chegar a acordos beneficiosos para todos, sobre todo para os veciños.

Ás veces concorren, co é o caso, circunstancias que digamos que non reman a favor desa axilidade na que estamos a traballar.

Por exemplo, vostedes recordarán que desde ese pleno que falabamos, pois neste país houbo unha campaña electoral, unha campaña e, sobre todo, unha precampaña, que vostedes alongaron máis alá de todo o razoable, seguramente porque tiñan unhas expectativas moi altas que, obviamente, estámolo vendo, non se están a cumprir.

Houbo despois unhas eleccións. Veu a continuación a época estival, na que se ralentiza todo, por mor das votacións, e agora esta investidura fallida, ou investidura, que o que está provocando é que permanezan en funcións tanto o goberno como os propios ministros, polo cal non facilita precisamente todo iso.

En todo caso, reitérolle e reafírmome no que lle dixen naquela resposta. Compromiso firme cos veciños e veciñas de Nadela para acometer esas obras, ou intentar acordar co Ministerio e dar unha solución.

Puxémonos no seu día en contacto co Ministerio, a propia alcaldesa personalmente, e seguimos traballando e máis cedo que tarde, sobre todo se deixan de enredar e nos permiten ou deixan de dificultar que por fin formemos un goberno progresista en España, verdade?, pois antes cedo que tarde, digo, trataremos de darlle solución.

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Moi ben, moitas grazas.

**C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 207/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA Á ACTUALIZACIÓN PERIÓDICA DO LISTADO DE CONTRATOS MENORES EN CUMPRIMENTO DA LEI DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO.**

Visto o citado rogo expresivo do seguinte teor:

Los ayuntamientos españoles están obligados a cumplir la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno. Esta cuenta con un triple alcance: incrementa y refuerza la transparencia en la actividad pública, reconoce y garantiza el acceso a la información y establece las obligaciones de buen gobierno que deben cumplir los responsables públicos así como las consecuencias jurídicas derivadas de su incumplimiento.

Desde el Concello de Lugo vemos como de manera recurrente no se cumple con la Ley, ya que no se está actualizando el listado de los contratos menores en tiempo y forma.

Por ello el Grupo Municipal del Partido Popular presenta un RUEGO A PLENO para que se proceda a la actualización periódica del listado de contratos menores en cumplimiento de la Ley de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno.

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular... Si, señora Carballas?

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Si, gracias alcaldesa. Una vez más tenemos que volver a reclamar que no se publican los contratos menores en la página web del Portal de Transparencia del Concello de Lugo.

Sinceramente me parece increíble que tengamos que traer un ruego al pleno para que se actualice el listado de contratos menores.

Llevan sin actualizarlo desde diciembre del año 2022, y como bien saben, los ayuntamientos españoles están obligados a cumplir la Ley 19/2013, del 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno.

Sin embargo, vemos como de manera recurrente no se cumple con la ley, ya que no se está actualizando en estado en tiempo y forma.

Yo les vuelvo a preguntar una vez más: ¿Por qué no publican el listado de contratos menores?

Miren, desde que tomé posesión el 27 de enero del año pasado no hay pleno que no se les pida o no se haga alusión a la actualización de contratos menores. Tienen que cumplir con la ley y la ley lo dice claramente:

"La publicación de la información relativa a los contratos menores se realizará al menos trimestralmente". Trimestralmente! Ustedes ya van nueve meses tarde. Y encima es que lo que están publicando lo publican como les da la gana, porque ustedes tienen que indicar objeto, duración, importe de la adjudicación, la identidad del adjudicatario y ordenar los contratos por la identidad del adjudicatario.

Yo les pregunto dónde está toda esa información porque ustedes la publicación de la duración y el orden que establece la ley pues se ve que no les apetece ponerlo y, hala, no lo ponen.

Bueno, saben que esto es algo serio y lo que no es serio es que la última publicación sea de diciembre del año 2022.

Durante el pasado año, en el año 2022, ustedes se gastaron una media de 23.000 euros al día en contratos menores. Casi 23.000 euros al día en contratos de adjudicación directa.

Recordemos que en el primer trimestre del año 2021 gastaron en contratos menores aproximadamente tres millones de euros. En el primer semestre del año 2022, tres millones y medio, cuál será la cifra de...

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Mire, perdón, o uso da palabra é para motivar o rogo, non para introducir temas... Non, non, non. Para motivar o rogo, por que presentan ese rogo, non para introducir temas novos.

Señora Carballas. Reitírolle, tal e como recolle o rompe, o uso do rogo é para motivar o porqué presentan este rogo e non abrir temas novos. Se queren doutras cuestións, presentan máis rogos, máis preguntas ou unha proposición, así que lle pido, por favor, que se cinga á motivación do rogo que, segundo nos trasladaron vostedes no seu escrito á a actualización periódica do estado de contratos menores. Así que, por favor... (voces de fondo) ...

Non se preocupe por iso. Eu reitírolle... Quedáballe un minuto e porémolle un minuto. Non se preocupe por iso. Reitírolle que se ciña ao tema do rogo, porque senón nin medio minuto nin minuto. Finalizou a súa intervención, moitas grazas.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** ... Que no cumpre la Ley de Transparencia no es algo que diga yo, que me esté inventando. La Valedora de Pobo les advirtió cuatro veces sobre su obligación. Pero, bueno, como me va a apagar el micrófono, yo lo que digo es que nos volvemos a encontrar es que estamos en septiembre y que seguimos sin información de los contratos menores.

Por eso, desde el Grupo Municipal del Partido Popular nos vemos obligados a presentar un ruego a pleno para que se proceda a la actualización periódica del listado de contratos menores en cumplimiento de la Ley de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno. Ya que no me deja continuar le doy las gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Tivo o seu minuto e puido acabalo. O que lle pedín a vostede e a toda a corporación é que o uso da palabra neste caso, tal e como recolle o ROMP é para motivar o rogo, non para introducir temas novos, e polo tanto é o que lle pido, que fagan uso da palabra para esa motivación e se cingan ao cumprimento da normativa que nos rexe a todos, a vostede tamén, señora Carballas.

Por parte do goberno, a portavoz municipal. Tres minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, alcaldesa. Señora Carballas, non se poña nerviosa, que lle vou contestar. Non se poña nerviosa.

Como saben dende o ano 2021 púxose en marcha neste concello unha plataforma de licitación e adxudicación de contratos menores. Vostede o sabe porque estaba xa neste Concello, que se tramitan polos diferentes servizos, non se levan desde contratación, senón que cada un dos servizos é responsable dos seus contratos menores.

Tal e como se expuxo no seu momento e así consta na información e documentación que me consta que vostede tivo na man, toda supervisión, tramitación e fiscalización previa faise polo servizo de Intervención municipal deste concello, que é quen garante a total pulcritude de proceso e tamén a subida dos referidos contratos á plataforma de Contratación de Estado, PLACE, onde alí están.

Pode velos, pode consultalos, son públicos. Unha cousa é ter interese e outra é gañas de traballar. Pero alí están... Non acabei. Alí están, polo tanto non se preocupe. Ese dereito á información téñeno. Preservado e poden ir a el. En calquera momento. Tamén lle vou dicir o contrario. Si é certo que ata decembro do 2022 publicábanse trimestralmente na plataforma desde que temos a plataforma.

Neste momento, como vostede ben di, dende finais do ano 2022, non se fixo por problemas de conexión entre as dúas plataformas.

Si que lle anticipo que xa temos dous trimestres. Estiven falando con Informática, co xefe de Informática deste concello, xa teñen dous trimestre extraídos de PLACE para poñer e están a punto de facer o terceiro.

Polo tanto, a transparencia nunca foi mermada. Nin o dereito ao acceso á información porque o ten PLACE. E vostede o sabe. Pode que algún concelleiro como novato non o saiba, pero vostede sábeo. Pode acceder a eles. Temos alí e simplemente é distinto o interese, que xa vexo que ten moito, e o traballo que hai que dedicarlle, pero non se preocupe, proximamente o terán

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Moi ben, moitas grazas.

**D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 208/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE POÑAN EN MARCHA AS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A CREACIÓN DE ESPAZOS LIBRES DE FUME, AMPLIANDO O SEU ALCANCE A OUTRAS ZONAS ONDE TODAVÍA NON ESTÁ PROHIBIDO FUMAR E DOTANDO A DITOS ESPAZOS DA SINALÉTICA NECESARIA PARA CONSEGUIR UN MAIOR IMPACTO NA SOCIEDADE.**

Visto o citado rogo expresivo do seguinte teor:

El tabaquismo sigue siendo la primera causa de enfermedad y muerte prevenible; el tabaquismo pasivo, la tercera. Se conoce que la exposición al humo ambiental del tabaco provoca claros perjuicios para la salud de las personas.

En el objetivo común de fomentar iniciativas saludables para evitar enfermedades como el cáncer y otras enfermedades cardiovasculares tenemos, como Administración, la responsabilidad de empezar a dar pasos en la dirección correcta, y convertirnos en ejemplo para futuras generaciones.

Para ello, desde el Grupo Municipal del Partido Popular solicitamos el apoyo del resto de grupos que forman esta corporación, con el único objetivo de ampliar la prevención del cáncer y de otras enfermedades mediante la creación y visibilización de espacios libres de humo.

Se trata de ampliar y regular espacios públicos para convertirlos en libres de humo, especialmente aquellos más frecuentados por menores, como los parques y zonas verdes, plazas, marquesinas o paradas de autobús. De este modo, se estaría contribuyendo a la prevención de enfermedades, al fomento de estilos de vida saludables, a la promoción de conductas sin tabaco, y a la desnormalización de su consumo en la sociedad. Una iniciativa con la que se pretende contribuir a

concienciar a la ciudadanía de los riesgos de fumar y sus consecuencias en la salud.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta un Ruego para que el Concello de Lugo ponga en marcha las actuaciones necesarias para la creación de espacios libres de humo, ampliando su alcance a otras zonas donde todavía no está prohibido fumar y dotando a dichos espacios de la señalética necesaria para conseguir un mayor impacto en la sociedad.

La evidencia científica resalta que las modificaciones en el entorno tienen mayor impacto en la población que educar en salud.

Lugo tiene que ser un ejemplo de convivencia y hábitos saludables.

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois por parte do Partido Popular. Tres minutos.

- **GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY:** Muchas gracias. El tabaquismo sigue siendo la primera causa de enfermedad y muerte prevenible. El tabaquismo pasivo, la tercera.

Se conoce que la exposición al humo ambiental del tabaco provoca claros perjuicios para la salud de las personas.

En el objetivo común de fomentar iniciativas saludables para evitar enfermedades como el cáncer y otras enfermedades cardiovasculares, tenemos como administración la responsabilidad de empezar a dar pasos en la dirección correcta y convertirnos en ejemplo para futuras generaciones.

Para ello, desde el grupo municipal del Partido Popular solicitamos el apoyo del resto de grupos que forman esta corporación con el único objetivo de ampliar la prevención del cáncer y de otras enfermedades mediante la creación y visibilización de espacios libres de humo.

Se trata de ampliar y regular espacios públicos para convertirlos en libres de humo, especialmente aquellos más frecuentados por menores, como parques, zonas verdes, plazas, marquesinas, paradas de autobús...

De este modo, estaríamos contribuyendo a la prevención de enfermedades, al fomento de estilos de vida saludables, a la promoción de conductas sin tabaco y a la desnormalización de su consumo en la sociedad, una iniciativa con la que se pretende contribuir a concienciar a la ciudadanía de los riesgos de fumar y sus consecuencias en la salud.

Por lo expuesto, el grupo municipal del Partido Popular presenta un ruego para que el Concello de Lugo ponga en marcha las actuaciones necesarias para la creación de espacios libres de humo, ampliando su alcance a otras zonas donde todavía no está prohibido fumar y dotando dichos espacios de la sinalética necesaria para conseguir un mayor impacto en la sociedad.

La evidencia científica resalta que las modificaciones en el entorno tienen mayor impacto en la población que educar en salud.

Existen multitud de iniciativas públicas y privadas, como, por ejemplo, desde las Asociación Española contra el Cáncer, programas de parques sin humo, playas sin humo, promovidas por administraciones autonómicas e incluso iniciativas privadas de distinta índole.

Y todas ellas contribuyen a la educación y al fomento de hábitos de vida saludables, pero consideramos que debe ser este Concello el que lidere dicha iniciativa dejando claro su compromiso con la prevención y su contribución a concienciar a todos los ciudadanos de nuestra ciudad y a todos los que nos visitan.

Lugo tiene que ser un ejemplo de convivencia y hábitos saludables. Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Pois por parte do goberno, a concelleira de Participación Cidadá, tres minutos.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Moi bo día a todos e a todas. Recollendo a luva da compañeira Mar Carballas, é increíble. Increíble que nos traian aquí este rogo, porque como debería de vostede saber, as competencias en Sanidade non as ten o Concello de Lugo. Evitar enfermidades como o cancro ou outras enfermidades cardiovasculares é competencia da Xunta de Galicia. Iso en primeiro lugar.

Despois que poñan aquí que a creación, ampliación e regular espazos libres de fume é competencia, primeiro, teñen regulados tanto na lei 28 do ano 2005, como na lei 42 do ano 2010, onde aí veñen regulados todos aqueles espazos que están libres de fume. A maiores diso teñen competencias as comunidades autónomas para poder ampliar os espazos que regulan estas normas.

O que nos parece que é moi pouco ambicioso por parte da Xunta de Galicia non estar traballando nos distintos observatorios, como as medidas que se propoñen no observatorio Manpower, para poder seguir ampliando todos os espazos libres de fume.

Entón, eu creo que este rogo deberían de presentalo noutro espazo que non é este. Nós estaremos totalmente dispostos en sumarnos en todas aquelas iniciativas e propostas que, por parte da Xunta de Galicia, que amplíe todos os espazos libres de fume estean dispostos a realizar.

E despois, poñer aquí recoller todos aqueles espazos que xa están regulados onde están libres de fume, a verdade é que, reitérome, é totalmente increíble.

Pero, como veño dicindo, todas aquelas iniciativas que por parte tanto do estado español como da Xunta de Galicia que queiran ampliar os espazos que a día de hoxe xa están regulados como tal, nós estaremos aquí dispostos a facer e colocar toda sinalización que sexa precisa e tomar todas as medidas que sexan necesarias. Pero, señores, o primeiro de nada. Xunta de Galicia, que fagan proposicións e que sexan moito máis ambiciosos na loita contra o tema do tabaco e contra a loita de todas aquelas enfermidades, que veñen asociadas, como ben dicían, que son numerosas as mortes debidas ao tema do tabaco, tanto os consumidores como aquelas persoas pasivas.

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

**PREGUNTAS:**

**A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 209/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN AS PRINCIPAIS OPERACIÓNS E ORZAMENTO ANUAL PREVISTO NO PLAN DE MANTENIMENTO DO EDIFICIO “IMPULSO VERDE”, SEGUNDO O DISPOSTO NO OBRIGADO LIBRO DO EDIFICIO.**

Visto o citado escrito no que se formulan as seguintes preguntas:

O pasado venres día 31 de agosto, o arquitecto representante de EVISLUSA, Benigno Jauregui e a concelleira da área de sostenibilidade urbana, Paula Alvarellos, reciben ao grupo municipal do PP para visitar o edificio ao que se deu en chamar “Impulso Verde”.

O seu orzamento inicial foi de 1.040.503 €, ao que se suma o custo do acondicionamento da contorna e o da equipación e apertura, chegando a preto de 2.000.000 €, empregados en case 300 m3 de madeira laminada de pino e eucalipto, unha contía superior de m2 de cobertura de pizarra, un elevador eléctrico, paneis fotovoltaicos, un xerador de calor por combustión, un recuperador de aire mecánico, carpinterías e vidros a medida, chan con condutos de quentamento por radiación, xardinerías con rego automático ou equipamento doméstico.

O resultado son 682 m2 construídos que albergan hoxe, un vestíbulo en planta baixa, unha pequena sala de presentacións na primeira e dúas oficinas na segunda, a maiores dunha terraza.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte PREGUNTA A PLENO:

Segundo o disposto no obrigado Libro do Edificio, que recollerá un Plan de mantemento do edificio coa planificación das operacións programadas con esta finalidade

1. Cales son as principais operacións contidas neste mantemento?
2. Cal é o orzamento anual previsto a tal fin?

**DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular. Si, señor Cabarcos?

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Vale, vou empregar o meu tempo para falar exclusivamente do edificio Impulso Verde como parte dese barrio multiecolóxico que se ten proxectado e anunciado. Primeiro quero agradecer ao arquitecto Benigno Jáuregui e a vostede mesma, Paula, por amosárnolo o outro día.



Parabéns ao proxectista... e a todos os técnicos intervincentes, orgullo pola participación do persoal municipal, respaldo aos sectores forestal e pizarreiro galego polo seu compromiso e agradecemento ás USC polos seus traballos de investigación.

Pero tamén quero evidenciar que, por moito interese técnico que poida ter, que xa lle digo que non é tanto como están a vender, por moito premio que estean a viaxar para recibir, por pouco investimento traído doutras necesidades, dependentes de orzamento municipal, e por poucas emisións que produza coa súa apertura, que xa lle digo que as ten, non se pode identificar aínda cal é o seu beneficio, se é houbese, para os veciños de Lugo, nin que papel desempeña nesa prexudicial ocorrencia, que chaman barrio multicolóxico, que non ten sentido nin sequera o seu prefixo, porque xa me dirán como se poden simultanear varias ecoloxías xuntas se non é en Matrix ou en Avatar.

Entón, 682 metros contruídos, que albergan hoxe un vestíbulo en planta baixa, unha pequena sala de presentacións na primeira, dúas oficinas na segunda, a maiores dunha terraza.

Por pouco custo de mantemento que teña, que non será pouco, que non será pouco, é unha ocorrencia non só custosa de facer, senón moi custosa de manter, e non ten unha rendibilidade clara dende ningún punto de vista.

Entón a nosa pregunta é, o obrigado libro de oficio, obriga ao promotor a especificar as labores de mantemento, que ten que facer durante o período anual de vixencia do edificio, da apertura do edificio, e cal é o orzamento que se prevé para estas accións.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois por parte do goberno, a portavoz municipal, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Cabarcos, antes falaba do seu talante e de verdade que lle agradezo que amose este interese porque cambiou moito o talante.

Polo menos amosa interese sobre algo que estivemos falando aquí e escoitamos durante estes últimos anos verdadeiros adxectivos cualificativos despectivos, desde "palleiro"... Vergoñento!

Polo menos parece que hai outro talante e polo menos xa amosan interese, alomenos vostedes.

Eu ensineillo... Foron os últimos en ir velo. Eu creo que o viu toda a cidade, os colexios de arquitectos, todo tipo de... O outro día fíxose unha cousa do clúster. É igual, eu encantada. Por certo, a portavoz nin sequera foi.

E, polo tanto, gústame que tamén describa como é o edificio porque ela non o coñece.

Eu tamén llo vou dicir: ten 18 metros, catro plantas, 682 metros cadrados... Polo menos para que vaia sabendo. E, polo tanto, gústame. E si que me gustou que o solicitasen. Foron os últimos, fixen a visita o 31 de agosto porque me gustaba.

Por iso digo, parece que hai un cambio de talante e que así siga.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

Non poña só paos nas rodas, senón interesarse por aquilo que ten valor e que ademais están valorando máis fóra de Lugo que dentro de Lugo.

E dentro do que vostede... Non quero ocupar os catro minutos, senón non lle vou contestar ás preguntas, pero de verdade que me saía do alma dicirle iso: agradezo ese interese e o cambio de talante, polo menos o seu.

E dito isto, voulle dicir os capítulos máis importantes do plan de mantemento que están incluídos no libro. Eu cando queira podo darlle un resumo máis pomenorizado porque lle preguntei aos técnicos e é o que me dixeron.

Voulle dicir exactamente. Estes son os capítulos máis importantes, que son ascensor, calefacción, carpintería, ventilación e climatización, cuberta, soleiras, electricidade e redes, electricidade e equipos, electricidade fotovoltaica, extinción de incendios, fontanería, rego e evacuación e informe técnico anual que se fai das posibles cousas, que incluso veñen descritas cada unha delas.

E isto corresponde aos capítulos máis importantes de mantemento do edificio na previsión anual, exceptuando, por suposto, suministros, consumibles, combustible, auga e electricidade e servizos básicos.

E pasáronme, como sabe estamos a elaborar o orzamento do ano próximo que estará xa utilizándose, pero temos aquí unha previsión, sacando suministros e estas cousas, de 39.663, IVE incluído. É dicir, 29.800 máis IVE do 21%.

Por iso quero agradecerlle iso, porque este edificio Impulso Verde representa unha icona do urbanismo sostible e así está sendo recoñecido constantemente. O primeiro edificio público de Galicia, como vostede sabe, construído integramente en madeira.

E, polo tanto, de verdade, estamos contentos de que pedisen esa... Eu fixen a visita persoalmente con gusto e si que me faltou a portavoz do Partido Partido. Pero gustoume que vostede describise un pouco, así vaise familiarizando con ela. Polo tanto, moitas grazas, señor Cabarcos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** De Galicia, de España e dos poucos de Europa.

### **B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 210/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA TALA DAS ÁRBORES PARA A CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO EN SUPERFICIE NO FOGAR DE SANTA MARÍA.**

Visto o citado escrito no que se formulan as seguintes preguntas:

No mes de agosto, a empresa adxudicataria dos traballos de construción dun aparcadoiro en superficie no Fogar de Santa María, procedía a tala das árbores que neste terreo se atopaban.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta as seguintes PREGUNTAS A PLENO:

1- Cumpre ese proxecto coa ordenanza municipal parques, xardíns e arboredo urbano?

2- Á vista de que dita obra consiste na modificación e renovación de servizos, iluminación, accesos, modificación integral das zonas verdes, tala de arboredo, demolición e repavimentación integral da parcela, transformación dun aparcadoiro “privado” en un de uso “público” (según o anunciado aos medios de comunicación)... tendo en conta estes aspectos. Considérase unha obra menor? Conta esta obra coa licenza municipal oportuna? Un particular podería acometer esta intervención coa mesma tramitación?

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Dous minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** A mellor maneira de poñen en valor un edificio non é só sacar peito del senón darlle uso. Que para iso está. Unha pena que despois de tantos anos siga sen ningún tipo de uso.

A tala de árbores de Santa María, ou máis ben o futuro parking que queren construír, que foi un despropósito dende xa fai tempo. Recordemos que probablemente foi o parking público máis breve da historia deste Concello. Houbo coches aparcados na rolda da Muralla en dobre fila máis tempo do que durou aberto ese aparcamento.

Recordamos que o abriu o Bloque, horas despois cerrouno Tomé. Probablemente porque lles parecía boa idea ao PSOE e como entenden a política e os pactos de goberno, tanto no Concello como na Deputación, como unha sucesión continua de rifas e deslealdades, pois aquí comezou o problema.

Inician o proxecto para reformar o parking do fogar de Santa María, o cal está ben. Tivo numerosas queixas pola súa redacción ou polo seu deseño. Aí é cuestión subxectiva, non imos entrar a valoralo nestas preguntas, pero o certo é que tamén houbo problemas coa tala dos árbores, que, efectivamente, provocaron que incluso agora teña un funcionario provincial un expediente aberto por non permitir en dúas ocasións a entrada de axentes ambientais, algo que ten que dar explicacións e que ao mellor lle pode supoñer problemas, supoño que os subsanara e os solucionará o presidente da Deputación ou alguén do Goberno, por que deron esa orde.

Dito isto, as preguntas son moi claras. Isto tramitouse, e obviamente, o que primeiro que queremos saber é se cumpre a ordenanza de parques e xardíns, porque o artigo 33 e 34 din que é necesaria licenza municipal.

E isto vai a colación de que o 3 de xuño de 2022 presentaron unha comunicación, efectivamente, que por certo, resolveron moi rápido. O 6 de xullo de 2022.

Pero, claro, é que esta obra consiste en renovación de servizos, iluminación, accesos, modificación integral de zonas verdes, tala de arborado, demolición, repavimentación integral da parcela, transformación dun aparcadoiro privado en uso público e, tendo en conta todo isto, a pregunta é: isto é unha obra maior ou isto é unha obra menor? Isto require unha comunicación previa ou, como calquera fillo de veciño, debería ter tramitado unha licenza de obra maior? Esa é a dúbida que lles preguntamos, sen acusación e sen ningún...

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois por parte da concelleira de Urbanismo, catro minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Voulle contestar, por suposto, pero, mire, as preguntas voullas contestar, porque, evidentemetne, debemos contestalas, pero non me traslade problemas da Deputación, todos os anos que vostede ten un novo cargo, que é deputado provincial e xa lle felicitamos. Polo tanto, non nos traslade... Acaba de falar de determinados problemas, que se deixan entrar... Problemas...

Eu vou contestar exclusivamente iso. Foi vostede o que fixo esas apreciacións.

Mire, o primeiro que teño que dicir é que esta actuación non está suxeita á ordenanza municipal de parques e xardíns, porque xa o vin na prensa constantemente con isto. É arborado urbano. Xa que non é unha zona verde das definidas na mesma porque está calificada a parcela como equipamento.

En todo caso, trátase dunha obra sometida a título habilitante de comunicación previa. Polo tanto, obra menor. É unha comunicación para acondicionamento da urbanización interior dunha parcela, como podería ser, voulle poñer un exemplo, por exemplo, unha vivenda unifamiliar e a súa parcela. Ou por poñerlle outro que pode visualizar mellor, por similitude de equipamento, o do HULA e a súa parcela.

Ten licenza municipal, se esa é a pregunta. Ten licenza municipal.

E a última pregunta paréceme case ofensiva. Dígolle probablemente o ladrón sempre cre que todos son da súa condición.

Ou sexa, está vostede nesta pregunta presupoñendo que se tratou dunha maneira privilexiada a alguén. Pois non, nós imos tratar exactamente igual, exactamente igual. Eu mesma fun mirar o expediente e tiven que mirar, que non sabía nin tal, mirando polo CIF da Deputación, porque non miramos quen pediu.

Probablemente vostedes o farían, porque están acostumbrados. Pero non, non facemos iso. E despois quero incidir no que falei cando falamos de aparcamentos.

Están buscando a ver onde hai un erro, un erro, para ver se se malogra iso, cando necesitamos...

É o que están buscando. Vostedes Lugo primeiro non lles interesa nada. Vostedes están.. Véxoos tódolos días na prensa, buscando a ver se encontran un erro para tumbar ese aparcamento. É terrible. Os lucenses seguirán tomando nota disto, señor Ameijide.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben.

**C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 211/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN PARA O CUMPRIMENTO DA SENTENZA DE DEMOLICIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E A REPOSICIÓN DO TERREO AO ESTADO INMEDIATAMENTE ANTERIOR AO INICIO DAS MESMAS NA PARCELA SITA NA PROLONGACIÓN DA RÚA GARAÑÓN-XÁCOBE III DE INGLATERRA.**

Visto o citado escrito no que se formulan as seguintes preguntas:

Con data de 16 de agosto de 2022, os Decretos de Alcaldía 8134/22 e 8140/22 resolven ordenar a demolición dunhas “*obras de construción dun edificio e a reposición do terreo ó estado inmediatamente anterior ó inicio das mesmas*” por ser incompatibles coa ordenación urbanística vixente e non resultar legalizables.

O 13 de novembro de 2020 o Concello de Lugo asina un contrato administrativo para modificación puntual do PXOUM no mesmo ámbito, en execución de sentenza (exp. Ref. 2020/c003/000005), que tivo o seu inicio no día 7 de decembro de 2020.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte PREGUNTA A PLENO, respecto a ditos contratos:

1. A contratación efectuada para dar cumprimento á obriga disposta nos referidos decretos, cumpre coa a reposición do terreo ó estado inmediatamente anterior ao inicio da obra?
2. En que fase do contrato de modificación do PXOUM (das seis previstas no contrato administrativo) se atopa a execución do mesmo?

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, por parte do Partido Popular, si? Dous minutos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Grazas, voume interesar pola situación física e mais urbanística no que está o espazo que ocupaba anteriormente o Garañón.

Con data de 16 de agosto de 2022, os decretos da alcaldía 8134 e 8140 resolven ordenar a demolición dunhas obras de construción dun edificio a reposición do terreo ao estado inmediatamente anterior ao inicio das mesmas.

Con data de 10 de novembro de 2020, o Concello asina un contrato administrativo para a modificación puntual do PXOM no mesmo ámbito para executar a sentenza. Deste último quería lle lembrar a pregunta formulada no anterior pleno, que lle deu a vostede a oportunidade de facer unha interesante lembranza musical, que supoño que recordará.

Do que estreou un chascarrillo, pero tamén un patinazo. Porque resulta que vostede confundiu a posibilidade de prorrogar a duración total do contrato con trasladar tempo dunha fase e outra.

Polo tanto, quérolle dicir que o contrato que vostede afirmou non estar caducado. Si está caducado.

Entón a pregunta a respecto disto é: A contratación efectuada para dar cumprimento á obriga disposta nos referidos decretos cumpre coa reposición do terreo ao estado inmediatamente anterior ao inicio da obra?

Prégolle que faga memoria de como estaba esta parcela antes para saber que é o que máis temos que facer, se é que hai que facer algo, e canto máis temos que

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

gastar. E, por outra parte, co referido caducado contrato de modificación do PXOM, das seis fases previstas no contrato, en que situación se atopa agora mesmo?

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois por parte do goberno, a concelleira de Urbanismo, catro minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois moi ben, señor Cabarcos. Voulle contestar, por se está a preguntar, como ben di vostede, por dous contratos diferentes e dúas actuacións diferentes.

O primeiro contrato de derribo do edificio e reposición do terreo ao estado anterior ao inicio do edificio. Darase cumprimento cando acabe toda a operación. Como sabe, está en execución, porque pediron unha prórroga e segue en execución a operación de derrube e reposición que se contratou.

Nestes momentos, como lle digo, continúa executándose e están facéndose as distintas operacións e, polo tanto, o contrato asinado por este Concello segue executándose nos seus propios termos.

Respecto ao segundo contrato, perdón. Este contrato de modificación puntual do PXOM está na fase de estudo e informe por todos os servizos municipais: Enxeñaría, Medio Ambiente, Arquitectura, Arqueoloxía... Xa hai algún dos informes de toda a documentación que presentou a adxudicataria do contrato.

O contrato, como o Concello, como vostede saberá, e senón podo ilustralo nese aspecto cando vostede queira, fai trimestralmente unha dación de conta ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto desta parte trimestralmente todos os avances dos proxectos. Temos que ir cumprindo os hitos e temos unhas actas. Hai unha comisión de traballo que ten que lle ir pasando trimestralmente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como se avanza o proxecto.

A última foi o 23 de agosto, fai nada, no seo do incidente de execución dunha sentenza dun procedemento ordinario.

Polo tanto, estamos nesa fase, que é necesario acompañar o estudo e contido do proxecto de modificación puntual do PXOM co desenvolvemento de execución da demolición que se está a levar a cabo. É dicir, acompañar os dous proxectos: a demolición do voo, da parte de arriba, e unha vez terminada esta e superada, que é a que está superada, agora estamos coa reposición e demolición da urbanización. É dicir, do chan.

Estamos nesa fase. Vale? Coa reposición, por suposto, que é a nosa obriga ao estado inmediatamente anterior ao inicio da obra.

Polo tanto, estamos nese momento. Acaba de caer toda a parte visible, podíamos dicir, e agora estamos coa parte...

Pero á vez estamos coordinando demolición con modificación puntual do PXOM, vale?

E estamos nesa fase de estudo. Estamos na fase de estudo de todos os informes... Están emitíndose todos os informes.

Creo que é a fase 3, non recordo agora mesmo. Non llo vou dicir porque estamos nesa fase de estudo. É igual. Estamos e imos en tempo e estamos coordinando as días cousas. Demolición, tal...

Ou volvemos ao mesmo. Que pasa, non quere que se tire o Garañón? Pregunta.

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Moi ben.

**D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 212/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN Á GRÚA PARA O BAÑO ACCESIBLE DAS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DE MANEIRA AUTÓNOMA NAS PISCINAS MUNICIPAIS EXTERIORES DE FRIGSA.**

- Visto o citado escrito no que se formulan as seguintes preguntas:

La piscina municipal exterior de Frigsa continúa en la actualidad sin dispositivos que permitan un baño accesible de manera autónoma. Las personas con movilidad reducida siguen sin poder disfrutar de un baño en estas instalaciones municipales sin tener que ser ayudadas por terceras personas para su entrada o salida del vaso de baño.

El trece de julio de dos mil veintidós, el Grupo Municipal del Partido Popular presentó un ruego solicitando la dotación de estos dispositivos, recibiendo la siguiente respuesta del concejal Don Mauricio Victorio Repetto: “se está trabajando en poder adquirir una grúa para poder hacer accesible el bajo profundo de la piscina exterior de Frigsa, y se está coordinando la compra con el gabinete de accesibilidad”.

El once de octubre de dos mil veintidós, el Grupo Municipal del Partido Popular presentó, en la comisión correspondiente, las siguientes preguntas: ¿en qué fase se encuentra la compra de la grúa?; ¿se adoptó alguna medida temporal para dar acceso al vaso de baño este verano?; ¿se está trabajando para que, en la próxima temporada, esté disponible este dispositivo desde el inicio de la campaña de baño?; y ¿cuál fue la causa de que en dos años (desde que se licitó) no se tramitase?. Ante estas preguntas, la concejala Doña Ana María González Abelleira contestaba lo siguiente: “la compra de la grúa ya fue licitada, está adjudicada y estamos a la espera de que se haga la entrega al Concello [...] en la próxima temporada, la grúa estará disponible desde el primer día de apertura de las instalaciones [...]”.

Un año más tarde, y finalizada la temporada de verano, la piscina sigue sin contar con un dispositivo de tales características. Ante esta situación, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta, ante este pleno, las siguientes preguntas:

1. ¿Por qué ha sido incumplido su compromiso sobre la disponibilidad de la grúa desde el primer día de apertura de las instalaciones?
2. Si la compra de la grúa ya ha sido licitada y adjudicada desde octubre de dos mil veintidós, ¿dónde se encuentra y por qué no ha sido instalada?
3. ¿Cuándo podrán los vecinos y vecinas de nuestra ciudad contar con un dispositivo que permita el acceso autónomo e independiente y no discriminatorio a personas con movilidad reducida a la piscina exterior

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por outra parte, si. Dous minutos.

- **GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY:** Muchas gracias. Voy a tratar de centrarme en hechos incontrovertibles de sugestión en esta administración, ya que a veces parece que este Ayuntamiento no puede hacer cosas que todos los ayuntamientos de nuestro país, de distintos colores políticos sí pueden llevar a cabo.

Espero también que no sea de nuevo la Xunta de Galicia la culpable del problema que les voy a plantear ahora mismo.

La piscina municipal exterior de Frigsa continúa en la actualidad sin dispositivos que permitan un baño accesible de manera autónoma. Las personas con movilidad reducida siguen sin poder disfrutar de un baño en estas instalaciones municipales sin tener que ser ayudadas por terceras personas para su entrada o salida del vaso de baño.

El 13 de julio de 2022 el grupo municipal del Partido Popular presentó un ruego solicitando la dotación de estos dispositivos, recibiendo la siguiente respuesta del concejal en ese momento en este ayuntamiento.

Se está trabajando en poder adquirir una grúa para poder hacer accesible el baño profundo en la piscina exterior de Frigsa y se está coordinando la compra con el Gabinete de Accesibilidad.

Nuevamente el 11 de octubre de 2022 el mismo grupo municipal del Partido Popular presentó en la comisión correspondiente las siguientes preguntas. ¿En qué fase se encuentra la compra de la grúa? ¿Se adoptó alguna medida temporal para dar acceso al vaso de baño este verano? ¿Se está trabajando para que en la próxima temporada esté disponible este dispositivo desde el inicio de la campaña de baño? ¿Y cuál fue la causa de que en dos años, desde que se licitó, no se tramitase?

Ante estas preguntas, la también concejala en ese momento, contestaba lo siguiente: La compra de la grúa ya fue licitada, está adjudicada y estamos a la espera de que se haga la entrega al Concello. En la próxima temporada, la grúa estará disponible desde el primer día de apertura de las instalaciones.

De nuevo, este verano, personas con movilidad reducida no han podido acceder a la piscina en las mismas condiciones que el resto de usuarios. Con todo mi respecto, esto denota una tremenda falta de sensibilidad por parte de ustedes y una falta, la verdad...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, por parte do goberno, o concelleiro de Xuventude e Deportes, catro minutos.

- **JORGE BUSTOS ATANASIO:** Grazas, alcaldesa. Dende o primeiro día de apertura de todas as piscinas municipais contan cun sistema de acceso para persoas con mobilidade reducida. En relación ao que me di vostede, o compromiso



adquirido si que foi cumprido. No verán de 2022 iniciouse o expediente de compra da grúa para completar a oferta que tiñamos nas piscinas municipais e dita adquisición chegou a finais de outubro de 2022.

Está dispoñible para todos os usuarios que a soliciten. Entón que vostedes me digan que o compromiso foi incumplido non é certo. En relación á segunda pregunta, se a compra da grúa xa foi licitada e adxudicada en outubro de 2022, "donde se encuentra y porque no ha sido instalada".

Como vostede saberá, hai grúas que poden ser móbiles. E mire, esta é a rúa que está nas Pedreiras, que é a que se adquiriu o ano pasado. É móbil e non ten que estar instalada nin fixada ao borde.

Ao ter rodas, faina versátil, entón, cando a cadeira non está en uso pódese gardar de maneira que optimicemos o espazo de instalación.

E no inverno... En outubro chegou. A grúa encóntrase na piscina municipal das Pedreiras, sendo esta a que máis demanda ten en cando a usuarios anuais, tendo así dúas grúas elevadoras, a cal, a diferenza entre elas é que está é unha grúa nova que ten para un peso homologado inferior á que xa estaba nas Pedreiras anteriormente.

E en relación ata esta pregunta: Cando poderán os veciños e veciñas da nosa cidade contar cun dispositivo que permita o acceso autónomo? Os veciños e veciñas da cidade xa contan con acceso autónomo, dependente e non discriminatorio á piscina exterior.

A piscina exterior ten rampla de acceso e instalacións e portas con ancho suficiente para o paso de cadeira de rodas, hai dispoñible un prato de menor profundidade e tamén dispoñemos da grúa elevadora para o baño das persoas que o soliciten, como pode verse na fotografía das Pedreiras.

Gustárame puntualizar que durante o verán, e despois de consultalo tanto co persoal técnico como co persoal a cargo da instalación, notificar que non houbo ningunha solicitude do uso da cadeira, así como si houbo algunha chamada telefónica ás dependencias da Concellería de Deportes preguntando ao Concello se dispoñía dunha. Pero non unha solicitude presencial na piscina para que os técnicos encargados poidan sacar a cadeira que está gardada nun almacén polo problema do tempo, as intemperies e demais.

Tamén, informo para o seu coñecemento, que para seguir coa mellora dos servizo nas dependencias municipais esta mesma semana incorporouse no orzamento do gabinete de accesibilidade unha nova grúa móbil, para seguir actualizando os medios dos que dispoñemos a favor da cidadanía e que dará relevo á que xa hai actualmente na piscina de Frigsa. Moitas grazas.

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Moi ben, moitas grazas.

### **DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois antes de finalizar a sesión plenaria, trasladar, pois, a introducción da declaración institucional que acordamos na Xunta de Portavoces con motivo do Día Internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos, celebrado o pasado 23 de setembro. Polo tanto, queriamos que fose incluído no pleno ordinario do mes de setembro, pola coincidencia dese día internacional en aras a seguir loitando con esta lacra que nos toca vivir. Unha delas. E que sexa un paso máis para acabar con ela.

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E A TRATA DE MULLERES, NENAS E NENOS (Exp. 2023/G004/000814).**

O Excmo. Concello Pleno formula a seguinte declaración institucional, asinada por todos os grupos políticos municipais:

"O 23 de setembro conmemórase o Día Internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos. A trata de persoas supón unha violación dos dereitos humanos que ten diferentes rostros como a explotación sexual, explotación laboral, traballos forzados ou o tráfico de órganos. Todas estas manifestacións, estendidas por todo o mundo, son a manifestación máis extrema da pobreza e a desigualdade.

As mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata de todo o mundo, sendo a explotación sexual a forma máis común (8 de cada 10 casos). Por iso prostitución e trata con fin de explotación sexual non se poden dissociar. Son dúas caras dunha mesma realidade, que no Estado presenta datos absolutamente inasumibles: España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo; case o 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais, e é tamén un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo para prostituílas.

Segundo os datos recollidos no "Balance Estatístico 2022 sobre Trata e Explotación de Seres humanos en España" elaborado polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO) no ano 2022 foron liberadas pola Policía Nacional e pola Garda Civil 129 vítimas de redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual, catro delas menores de idade, e no caso das vítimas rescatadas de situacións de explotación sexual, sen a concorrencia de redes de trata de persoas, o número elévase a 435 (10 menores).

Isto reafirma que a prostitución non é un traballo nin unha actividade como calquera outra, o "traballo sexual" non existe e a libre elección da prostitución é un mito, as mulleres prostituídas sempre son as pobres e as vulnerables do mundo, aquí e en todas partes. Cando falan dos dereitos das mulleres prostituídas, en realidade falan dos dereitos dos que fan negocio cos seus corpos, os proxenetas e os puteiros.

Segundo a Fundación Scelles, citada nun estudo do Servicio de Investigación do Parlamento Europeo, a prostitución afecta a entre 40 y 42 millóns de persoas en todo o mundo, das cales o 90% depende dun proxeneta e o 75% ten entre 13 e 25 anos.

O pasado xoves 14 de setembro o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución para loitar contra a prostitución na UE, na que se reclama que se descriminalice a este colectivo e avoga por penalizar e sancionar a explotación e aos clientes que soliciten, acepten ou obteñan un acto sexual dunha persoa a cambio dunha remuneración, promesa, administración dun beneficio en especie ou promesa de beneficio, en liña co modelo dos países nórdicos.

Como sinalou a eurodeputada alemá Maria Noichl: "o noso obxectivo é atopar unha solución europea a un problema europeo que ata o de agora foi ignorado e poñer fin á explotación que só significa diñeiro para outros (...) mentres estea socialmente aceptado que as mulleres está en venda, non poderemos lograr unha verdadeira igualdade de xénero".

Por iso non podemos mirar cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata de seres humanos, con especial énfase na que ten fins de explotación sexual, que é a que afecta maioritariamente ás mulleres. A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis crueis nas que se manifesta a violencia contra as mulleres que está relacionada coa marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

Desde o Concello de Lugo asumimos que desde os nosos ámbitos competenciais debemos seguir traballando para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual coa creación dun Plan de acción con medidas , servicios e recursos que permitan ás mulleres saír do sistema prostitucional. Este Plan deberá coordinarse nunha acción global entra diferentes áreas de protección social, como muller, infancia e migración. Unha gran parte das mulleres nesta situación pertencen ao colectivo de inmigrantes, o que as fai máis

vulnerables e un maior foco para os proxenetas.

As mulleres vítimas de explotación sexual DEBEN CONTAR CON UNHA ADMINISTRACIÓN QUE ENTENDA que a prostitución non é un horizonte laboral para as mulleres. Temos a obriga de velar pola súa reinserción laboral e a súa protección, dado o aumento da violencia e das prácticas de risco. É importante que as vítimas perciban que os axentes da policía local están para axudalas e orientalas.

Así mesmo, queremos recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que localizan ás vítimas e as axudan a ter acceso á xustiza, á saúde e á asistencia e protección sociais, evitando que se produzan máis actos de abuso e explotación.

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten mulleres e nenas, alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata. Polo tanto, entendemos que para combater a trata de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que acabar coa prostitución. Hai que abolila e erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, defender a dignidade das mulleres e rematar coas redes e as mafias que se lucran explotando ás mulleres, nenas e nenos. Debemos protexer e asistir ás vítimas e concienciar á cidadanía de que é unha forma de escravitude.

A finais do ano 2022 o Goberno galego presentaba o I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, unha estratexia necesaria para traballar dende Galicia na súa erradicación. O plan contempla toda unha serie de medidas agrupadas e cinco áreas estratéxicas para avanzar na prevención e sensibilización social; na detección, identificación e protección das vítimas; no fortalecemento dos recursos de atención; na investigación e na mellora da coordinación interinstitucional.

Mais é necesario tamén ir poñendo o foco, no marco das competencias autonómicas, na actuación fronte aos proxenetas e prostituidores e estudar cal é o marco legal posible para perseguilos, tal e como xa están facendo noutros territorios. Loxicamente, para isto é preciso obter canto antes un mapa da situación da prostitución en Galicia, algo que contempla o plan galego pero que descoñecemos se xa existe.

Polo anteriormente exposto, considérase:

- A necesidade de adherirse á rede de cidades/pobos libres de tráfico de mulleres, nenas e nenos destinados á prostitución.
- A través de ordenanzas municipais, prohibirase a colocación, repartición, divulgación e/ou difusión de publicidade que promova, favoreza ou fomenta o consumo de prostitución e a explotación sexual das mulleres, o mercado da prostitución e o turismo sexual.
- Revisar as licencias administrativas municipais concedidas para garantir o cumprimento efectivo da normativa vixente en relación ás actividades desenvolvidas en determinados locais coa fin de evitar que neles se promova a explotación sexual.
- Estreitar a colaboración coa organización e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas de explotación sexual.
- Impulsar, dentro do noso marco competencial, as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas de trata e explotación sexual.
- Contribuír a xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución mediante campañas de sensibilización orientadas a concienciar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acode a ela
- Instar a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o actual período de sesións, un informe de seguimento da execución do I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fin de explotación sexual 2022-2024 e un informe con datos e estatísticas actualizadas sobre a magnitude da trata con fin de explotación sexual e a prostitución en Galicia
- Por en marcha actuacións para perseguir as accións de proxenetas e tratantes de seres humanos con fin de explotación sexual que permitan desincentivar a demanda e compra de prostitución, dentro do marco legal e en colaboración con outras administracións

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8406905068617093798.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-9-2023

- Impulsar as modificacións legislativas autonómicas necesarias para traballar por unha Galicia libre de prostitución, garantido sempre a protección das mulleres prostituídas.

- Pór en marcha de maneira inmediata mecanismos de participación para que a sociedade civil poda denunciar as plataformas en liña ou calquera aplicativo tecnolóxico ou rede social que favoreza ou promova a prostitución.

- Impulsar, dentro do noso marco competencial, as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas de trata e explotación sexual.”

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día vinte e oito de setembro de dous mil vinte e tres, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.**